

## foz

O Concello instalou tres paneis informativos relacionados con rutas de sendeirismo. **Pax. 7**

## cervo

Nova edición da Foliada e a Feira de artesanía e alimentación de maio. **Pax. 17**

## barreiros

O Goberno local creará dúas bibliotecas rurais nas parroquias do interior. **Pax. 19**

## mondoñedo

Volven en xuño as XVI Xornadas do Peregrino Abrindo Camiño. **Pax. 18**

## xove

O arqueólogo e director da escavación en San Tirso explica os novos achádegos. **Pax. 23**

## A primavera chega cargada de actividades



**a pontenova.** Nova edición da Festa da Troita, que suma un día de celebración.

**riotorto.** Volverá a celebración da Festa do Ferro o 16 de abril, tras tres anos sen ela.

**foz.** Actividades culturais para todos os gustos e que inclúen a Festa do Berberecho.

## As eleccións de maio marcan a vida política

A maior parte dos partidos presentaron os candidatos a alcaldes en cada concello. **Pax. 2-3**

## O Pleno avala o Plan Único da Deputación

Os concellos destinan 16 millóns de euros a obras, 3,7 a fomento do emprego e 3,4 ao SAF. **Pax. 25**

## Plan de mellora do Porto Chico de Foz

A asociación A Ribeira de Foz informou do proxecto e as explicacións técnicas no peirao. **Pax. 29**

## Día do Xubilado



O Día do Xubilado de Burela celebrarase o domingo 23 de abril. **Pax. 12**

## Festas patronais



Comezan os preparativos das festas de Burela, que serán do 2 ao 5 de xuño. **Pax. 13**

## Ouro Fest



O Valadouro acollerá o Ouro Fest, un festival das mellores orquestras. **Pax. 24**

# REBÉLATE CONTRA A SUBA DOS PREZOS

**adamo**  
A mega fibra

O TEU PAQUETE DE  
**FIBRA E MÓBIL**  
**Ao 50% DTO.**  
DURANTE 9 MESES

OFERTA  
VECINOS DE  
**GALICIA**  
NON A DEIXES  
ESCAPAR!

Chama gratis ao  
**900 651 679**

ou configura o teu paquete  
a medida en [www.adamo.es](http://www.adamo.es)

Consulta os detalles da promoción en [www.adamo.es](http://www.adamo.es)

## A FONDO

# Como se escollen os deputados?

Nos comicios de maio votarase polo Goberno local onde está censado e o voto repercutirá na composición do organismo provincial

A provincia prepárase para celebrar de novo as eleccións municipais, uns comicios que nos ofrecerán unha renovación dos equipos de goberno á fronte das alcaldías. Pero, ademais, co seus votos, os lugueses tamén escollen a composición da Deputación Provincial, aínda que isto se fai de maneira indirecta, xa que o veciño non vota directamente a un deputado dun partido ou doutro pero si a cor política do voto implicará que o electo sexa dun partido ou doutro. Actualmente, a provincia está dividida en sete partidos xudiciais ou xuntas electorais que aportan un número de deputados diferente, xa que a poboación é tamén moi distinta. Así, o máis numeroso é o partido xudicial de Lugo, ou zona centro. O peso poboacional de Lugo lévao a capital e de aí saen 12 deputados, case a metade dos elixibles, que son 25. Ademais da capital súmanse neste grupo os votos dos concellos da contorna, parte da montaña e da comarca sarriá.

A seguinte xunta electoral por tamaño é a de Mondoñedo, onde están incluídos os concellos da Mariña. Elixe seis deputados.

Despois tres xuntas electorais contan con dous deputados cada unha. Son as de Monforte (concellos da Ribeira Sacra e o Courel), Chantada (que engloba a zona da Ulloa) e Vilalba (cos da Terra Chá).

Finalmente, queda un deputado no tinteiro, o que sae dos concellos da zona da Fonsagrada e Ancares e que moitas veces é o que marca a cor política que goberna na Deputación xa que a igualdade foi máxima nos últimos comicios no resto. O pacto entre PSOE e BNG levouse pola mínima diferenza o Goberno da Deputación no 2015 e no 2019 aínda que é o PP o que tivo o maior número de deputados nas dúas ocasións.


Unha vez constituídos todos os concellos, os escanos das deputacións



## REPARTO POR CONCELLOS

- **Chantada** (2 deputados) Antas de Ulla, Carballado, Chantada, Monterroso, Palas de Rei, Portomarín, e Taboada.
- **Fonsagrada** (1 deputado) Baleira, A Fonsagrada, Navia de Suarna, Negueira de Muñiz e Ribeira de Piquín.
- **Lugo** (12 deputados) Baralla, Becerreá, Castro de Rei, Castroverde, Cervantes, O Corgo, Friol, Guntín, O Incio, Lánzara, Lugo, Meira, As Nogais, Outeiro de Rei, Paradela, O Páramo, Pol, Pedrafita, Rábade, Samos, Sarria e Triacastela,
- **Mondoñedo** (6 deputados) Abadín, Alfoz, Barreiros, Burela, Cervo, Foz, Lourenzá, Mondoñedo, Oural, A Pastoriza, A Pontenova, Ribadeo, Riotorto, Trabada, O Valadouro, O Vicedo, Viveiro e Xove
- **Monforte** (2 deputados) A Pobra de Brollón, Bóveda, Folgoso do Courel, Monforte, O Saviñao, Pantón, Quiroga, Ribas de Sil e Sober.
- **Vilalba** (2 deputados) Begonte, Cospeito, Guitiriz, Muras, Vilalba e Xermade.

## DISTRIBUCIÓN PROVINCIAL



## DEPUTADOS ACTUAIS

### Chantada

Pilar García Porto. PSOE  
Pablo José Taboada Camoira. PP

### Fonsagrada

Roberto Fernández Rico. PSOE

### Lugo

José Luis Raposo Magdalena. PSOE  
Xosé María Arias Fernández. PSOE  
Pablo Rivera Capón. PSOE  
Ana González Abelleira. PSOE  
Maite Ferreiro Tallón. BNG  
Efrén Castro Caloto. BNG  
Jesús Manuel Núñez Díaz. PP  
Francisco Javier Balado Teijeiro. PP  
José Pardo Lombao. PP  
José Fernández Vázquez. PP  
José Ángel Santos Sánchez. PP  
Oscar Poy Franco. PP

### Mondoñedo

Mayra García Bermúdez. PSOE  
María Loureiro García. PSOE  
Mónica Freire Rancaño. BNG  
Javier Jorge Castiñeira. PP  
José Manuel Gómez Puente. PP  
Jesús Novo Martínez. PP

### Monforte

José Tomé Roca. PSOE  
Lola Castro Ochoa. PP

### Vilalba

Roberto García Pernas. PSOE  
Xosé María Teixido Núñez. PP

provinciais repártense, por cada partido xudicial, segundo a fórmula D'Hondt, entre aqueles partidos que obtiveron algún concelleiro en cada partido xudicial e segundo o número de votos conseguidos por cada un deles. Os deputados provinciais que corresponden a cada partido político son elixidos, a nivel de partido xudicial, entre e polos concelleiros de cada un deles, que pertencen aos municipios que comprende cada

zona. Tradicionalmente os deputados están divididos a partes iguais en Chantada, Monforte e Vilalba. A representación nacionalista súmase desde os partidos xudiciais máis numerosos (Lugo e Mondoñedo). Nas últimas eleccións, na de Lugo, 6 dos deputados foron do PP, 4 do PSOE e 2 do BNG. Na Mariña tamén tivo o PP 3, 2 o PSOE e 1 o BNG, polo tanto foi o voto socialista da Fonsagrada o que rompeu o empate.

Ortegal Oil

www.ortegaloil.es

Ortegaloil

¿QUIERES VIVIR COMO UN MINISTRO?

ACÉRCATE A NUESTRAS ESTACIONES DE SERVICIO Y OBTÉN TU CARNÉ DE **MINISTRO DE COMBUSTIBLE** PARA TENER PRECIOS DE ESCÁNDALO EN NUESTROS CARBURANTES

¡-5 CÉNTIMOS POR LITRO CON EL CARNÉ DE MINISTRO!



# A comarca ultima os candidatos

Hai unha data marcada en vermello nos calendarios dos partidos políticos que optan á Alcaldía, o 28 de maio. Desde a instauración dos primeiros concellos democráticos en 1979, levan celebrándose dez eleccións municipais e este ano na candidatura destaca a incorporación de xente nova e máis mulleres. Na ampla maioría dos concellos xa se coñecen aos candidatos a optar a este posto durante os vindeiros 4 anos e poucos son os movementos e as novas caras.

Na **Pontenova** o PSOE volverá a confiar no rexedor Darío Campos trala súa xestión nestes catro anos, e no PP, Concepción Novo, técnica de raios, será a alcaldable para estes comicios. Pola contra o BNG decidiu propoñer como cabeza de lista a Xorxe Gómez Rico, que rexenta un negocio de perruquería na vila.

No veciño concello de **Alfoz**, Jorge Val repetirá como candidato socialista; Xabier Pardiñas, encabezarán a lista de Vía Alfoz, e Juanjo Fraga, enxeñeiro agrícola, a do PP.

En **Barreiros**, Ana Ermida, actual alcaldesa do BNG encabezarán a candidatura, ao igual que Carmen Veiga polo PSOE. Haberá unha nova cara a do enfermeiro do Partido Popular, José Manuel Gómez Puente.

En **Burela** Manuel Rouco é de novo o candidato no que confían os populares para loitar polo bastón de mando fronte a Carmela López, que é a primeira muller candidata do Partido Socialista ás eleccións municipais; Mario Píllado do BNG e Alberto Eiroa, de Son Burela.

Xa en **Cervo** repetirá como alcaldable popular o actual rexedor, Alfonso Villares, fronte a Diego



Fernández, do BNG, e a nova cara do PSOE na vila, María Luján Ramos.

En **Foz**, o tamén alcalde socialista Fran Cajoto, será o cabeza de lista, fronte ao popular e deputado provincial, Javier Castiñeira, e ao nacionalista Francisco Fanego.

En **Lourenzá** haberá unha cara nova, a de Roberto Díaz Expósito, e volverá repetir Rocío López, actual rexedora local polo PSOE, e a do BNG, Belén Fanego.

No relativo a **Mondoñedo**, Manuel Otero, que é o alcalde desde o 2020 trala renuncia de Elena Candia, será o candidato para as vindeiras eleccións. Nas filas socialistas Esperanza González repetirá como candidata xunto con

Eloi Cabanas, do BNG.

No **Valadouro**, a candidatura socialista aínda non está clara, pero barallase que o actual alcalde, Edmundo Maseda, volva repetir. Nas filas do PP será José Manuel Lamela, e polo BNG será de novo a quenda de Eduardo Chao.

No **Vicedo**, o Partido Popular renova candidato, Jesús Novo, é nesta ocasión haberá unha cara nova para os socialistas, a avogada e ex concelleira, María Pérez. No concello de **Ourol** os candidatos de fai catro anos volverán repetir. Así o popular, José Hermida, intentará acadar a Alcaldía de José Luis Pajón, do PSOE.

En **Ribadeo**, cuxo actual alcalde, Fernando Suárez Barcia, non se

presentará, o candidato do BNG será Pablo Vizoso, que conta con experiencia como concelleiro de Economía, Desenvolvemento Local e Turismo. Na outra parte, os do PP volven confiar en Daniel Vega para intentar recuperar a Alcaldía, e os do PSOE presentan de novo a Marta Rey.

En **Riotorto** o candidato socialista será o empresario Víctor González, que loitará polo bastón de mando contra o actual alcalde popular Clemente Iglesias.

A dirección provincial do PP volverá confiar para o concello de **Trabada**, en José María Fernández. E repetirá candidatura a actual rexedora Mayra García Bermúdez.

En **Viveiro** a profesora Mariña Gueimunde, será a nova cabeza de lista do PP, mentres que no resto dos partidos repetirán candidatos como son María Loureiro polo PSOE e actual alcaldesa; Bernardo Fraga, de Por Viveiro; e Miriam Bermúdez do BNG.

No concello de **Xove**, onde o Partido Popular goberna, Demetrio Salgueiro será de novo o candidato. Pola contra só conta cun partido ao que enfrontarse, o BNG representado na nova candidata Pilar Vázquez.

A comarca conta con partidos independentes e nos que aínda non se coñecen os candidatos como son Udival, Foz Plataforma de Futuro, Son Viveiro, Burela Sempre.

**MUEBLES DE EXTERIOR**  
Tenemos lo que necesitas

**almayo**  
muebles

**RIBADEO**  
Rúa San Francisco, 2-4 Bajo 6  
Tel.: 636 761 883

**BARREIROS**  
Pol. Ind. Cruz do Lobo, Nave 10  
Tels.: 982 585 709 / 652 110 377

**BURELA**  
C/ Curros Enríquez, 12  
Tel.: 660 402 954

# A MARIÑA

## Seguen as experiencias de turismo slow da Mariña lucense

Seguen as experiencias de turismo slow da Mariña Lucense que deron comezo en marzo e prolongaranse ata o 23 de abril.

Despois da Semana Santa, o día 15 en Ribadeo Raíces Nómadas Atelier ofrece un obradoiro para aprender as técnicas básicas da marroquinería fina; coser a man, acabado de bordes e todo o preciso para que cada asistente elabore o seu propio bolso e o leve acabado. Coa posibilidade de ampliar a experiencia cunha estancia na Cortiña de Cantalarrana.

E o 22 e 23 de abril no Lugar das Mariás en Xove, Iria Pigueiras ofrecerá un taller de iniciación á cerámica para coñecer de primeira man diferentes técnicas, materiais, texturas e pigmentos así como crear varias pezas deseñadas por cada asistente seguindo un proceso creativo dinámico e colaborativo, nun entorno excepcional como é a aldea e o xardín deste aloxamento.



A experiencia inclúe merenda, pernoita, cea e almorzo. Esta nova edición das experiencias de Turismo Slow xa desenvolveron a pasada fin de semana en Viveiro e na Pontenova. Na cidade do Landro os asistentes puideron elaborar pan nun forno artesanal e na Pontenova coñeceron o seu pasado industrial e tiveron a posibilidade de descender pola Tirolina das Minas.

## Os galegos manifestaranse “contra a depredación eólica”

Coincidindo coa data límite establecida pola normativa vixente para outorgar autorización previa aos proxectos eólicos promovidos en Galiza con declaración de impacto ambiental favorable, a Coordinadora Eólica Así Non convoca o pobo galego a participar nunha nova mobilización masiva en Santiago de Compostela, o vindeiro 23 de abril. Esta mobilización chama aos galegos e galegas, ás plataformas de veciños e veciñas afectadas e a todo tipo

de colectivos e entidades críticas co actual modelo “depredador da enerxía eólica” a rodear o edificio de San Caetano da Xunta de Galicia, en Santiago de Compostela, para manifestar a súa repulsa aos 77 proxectos eólicos con declaración de impacto ambiental positiva, cuxa aprobación podería ser inminente. Estes parques eólicos teñen de prazo límite ata o 25 de abril para poder acadar autorización previa administrativa por parte da Xunta.

## Impulsan a creación dunha escola infantil no Hospital da Mariña

CIG Saúde A Mariña impulsa unha recollida de sinaturas reclamando que se cumpra a normativa do Sergas, e que o Hospital da Mariña conte cunha escola infantil pública para nenos e nenas de 0 a 3 anos e así favorecer a conciliación da vida laboral e familiar. Así, solicitan a creación dunha escola infantil pública no Hospital da Mariña (ao igual que noutras hospitais Sergas) co obxectivo de axudar a conciliar a vida familiar e laboral, que abra de 7.30 a 22.30 horas durante todos os días da semana, incluídos festivos.

A escola debe ser un lugar de socialización, afecto e disfrute onde se cubran todas as necesidades infantís; saúde, hixiene,



descanso, xogo e afecto, nun ambiente cálido e acoledor.

A gardería debe constar con dependencias acondicionadas e cun proxecto educativo propio adaptado á idade do neno, levando a cabo unha serie de obxectivos

xerais en cada unha das etapas. Débese dar unha gran importancia tanto ao desenvolvemento harmónico, físico e psíquico como á autonomía do neno/a, xa que o primeiro ciclo de educación infantil é clave para as seguintes etapas da súa vida.

Entenden que é obriga da administración cumprir a súa propia normativa e poñer a disposición das traballadoras e traballadores medidas de conciliación para favorecer o coidado das crianzas en horario laboral. Unha medida imprescindible para que aquelas mulleres que decidan libremente ter fillos non se atopen con trabas que lles fagan elixir entre ser nai ou desenvolverse profesionalmente.

## A Mancomunidade distribúe exemplares do testamento do mariscal Pardo de Cela

A Mancomunidade distribúe máis de 100 exemplares do testamento do mariscal Pardo de Cela entre centros educativos, bibliotecas públicas da comarca e o futuro centro de interpretación, sito no Castelo de Castro de Ouro en Alfoz.

Trátase dunha obra que da conta do achado do testamento e codicilo outorgado o 1 e 3 de outubro de 1483 polo mariscal, contextualizando, valorando e editando o propio documento e poñendo en valor a súa significación histórica. Os exemplares do testamento de Pardo de Cela foron enviados aos colexios de educación infantil e primaria, institutos de educación



secundaria, e bibliotecas públicas da Mariña Lucense, e a aquelas outras institucións que polo seu interese documental e histórico o requiran, para que poidan contar con esta publicación.

## Finalizadas as obras na vía que une os concellos de Barreiros e Ribadeo

Rematadas as obras levadas a cabo nun viario que une ambos concellos ao paso polas parroquias de Vilamartín Pequeno e Arante, concretamente por Remourelle.

Ana Ermida manifestou a “súa satisfacción por poder levar a cabo este tipo de proxectos coordinadamente que contribúen a beneficiar á veciñanza de ambos concellos” no encontro que mantivo co alcalde de Ribadeo, cando percorreron os máis de dous quilómetros de aglomerado en quente co que foi repostado o firme do viario.

A mandataria sinalou a importancia da colaboración interadministrativa e de fomentar as relacións entre concellos veciños, xa que “permite un mellor uso dos recursos públicos”.

ORGANIZAN:



CONCELLO DE RIORTORTO



FEIRIÑA DE ARTESANÍA

APOIAN:



# XIV FEIRA DA ARTESANÍA DO FERRO

RIORTORTO | 16 DE ABRIL 2023

# “Practican co instrumento e tamén adquiren outros valores”

O proxecto Sinfónico no rural é un programa de educación musicosocial

## Que se atopa á fronte deste proxecto musical?

Sinfónico no Rural é un proxecto levado a cabo pola Fundación Xesús Bal y Gay que ten a súa sede en Nois (Foz). Está dirixido por Enrique Rodríguez Baixeras como presidente e por Alba Rodríguez Pérez como directora. O proxecto en si, no seu día a día, é levado a cabo por un equipo formado por Nuria Lestegás, profesora de violín e viola, Sabela Vázquez, profesora de chelo e Paloma Díaz encargada da parte psicosocial.

## Que é a música para vós?

**Sabela:** Para min a música é unha vía para transitar e expresar as distintas emocións e sentimentos. Penso que ten un gran poder mobilizador, xa que nos axuda a enchernos de enerxía, a relaxarnos, a empoderarnos ou a recollernos e contactar co noso interior segundo o tipo de música que escoitemos ou toquemos. Por último, é unha maneira de desfrutar, de contactar coa vida e compartir momentos con outras persoas, feito que a convirte nunha gran ferramenta de unión social.

**Nuria:** Eu a entendo como un medio de comunicación, conexión e expresión coas demais persoas. Baixo a miña percepción, é a maior das artes e a que sempre me acompaña: unha arte sanadora.

## En que consiste o programa Sinfónico no rural?

É un programa de educación musicosocial gratuito e inclusivo, dirixido á infancia que, a tra-

vés da música, pretende formar persoas, que de maneira activa e equilibrada, constrúan unha comunidade máis xusta e transformadora. Por iso, os nenos e nenas son os seus verdadeiros protagonistas, xa que eles serán os propios axentes activos neste cambio. E para conseguilo a propia comunidade e os seus axentes sociais deben integrarse no proxecto.

## Como xurdiu a idea?

**Enrique:** Basámonos no Sistema Nacional de Orquestras e Coros Xuvenís e Infantís de Venezuela,



xurdido na década dos 70 e que, de maneira pioneira, entenderon a música como transformadora social, cultural, educativa e intelectual. O empezar a darlle voltas a idea de facer algo semellante na contorna da Mariña, contactamos coa asociación Plataforma Redomi, que está a levar un proxecto baseado na mesma idea nos barrio de Lavapiés e na Cañada Real de Madrid. Eles

axudáronnos a darlle forma e a arrancar nos nosos primeiros pasos.

## Cal é o obxectivo do programa?

O principal obxectivo de Sinfónico no Rural é favorecer o benestar integral da persoa e construír unha comunidade máis equilibrada a través da música como elemento clave da intervención e da propia transformación social e cultural. Ademais de crear un espazo colectivo que sexa seguro e afectivo para os participantes e as súas familias.

## En que instrumentos se inician aos cativos?

Empezamos cos instrumentos da orquestra de corda, é dicir, violín, viola e chelo.

## Os pequenos aceptan de bo agrado estas leccións ou pola contra cústalles xa que prefiren outro tipo de música?

Si, porque aínda que os instrumentos son de formación clásica,



contemplamos a práctica de calquera estilo musical, xa que consideramos que todos son enriquecedores. Por exemplo, o ano pasado adaptamos un rock'n'roll dun grupo galego e este ano estamos a preparar unha samba brasileira para o Entroido.

## Dende que idades?

O proxecto está pensado para nenos e nenas a partir de 7 anos ata os 12, pero a idea é que vaian medrando coa propia orquestra.

## En que concellos está presente?

Actualmente estamos traballando nos concellos de Barreiros e Alfoz, aínda que temos alumnos que veñen de outras localidades próximas.

## Como se leva a cabo este programa?

O traballo en equipo é fundamental tanto a programación inicial como o seu desenvolvemento ó longo do curso decídese en equipo, conseguindo así uns maiores beneficios, xa que formamos un equipo multidisciplinar. Por outra banda, e igualmente importante, contamos coa colaboración dos concellos, especialmente coas súas áreas sociais, e tamén cos equipos pedagóxicos dos colexios, os cales nos axudan

a poder chegar ás familias máis susceptibles de beneficiarse do noso proxecto, ademais de dar-las apoio lóxico.

## Como é o día a día ou unha clase?

As clases de Sinfónico no Rural conxugan a parte musical coa parte psicosocial. Así, os nenos e nenas dividen o seu tempo entre a práctica do instrumento, pero tamén adquiren outros valores como o desenvolvemento dunha conciencia crítica, inclusión á diversidade ou respecto á multiculturalidade a través de dinámicas e obradoiros lúdicos e significativos.

## Como se poden inscribir os pequenos?

Unha das nosas principais características é a flexibilidade, por iso, as familias que desexen participar en Sinfónico no Rural poden inscribirse en calquera momento, aínda que o ideal é facelo o principio do curso. Para inscribirse poden chamar ó 699 41 08 78 ou a través do correo paloma@festivalbalygay.com Tamén poden visitar ás nosas redes sociais, xa que estamos tanto no Facebook como en Instagram, ou na nosa paxina web www.festivalbalygay.com.

## XLIII FESTA DA TROITA a pontenova 2023

MELLOR EVENTO DEPORTIVO DE ESPAÑA 2022

FESTA DE INTERESE TURÍSTICO

IX Concurso de Salmón

X Concurso de Mosca

XLIII Concurso de Popular

Declarada de Interese Deportivo Nacional

### 29 de Abril

- 17:00 - Clinic de Lanzado mosca/Cucharilla (Área Recreativa Pozo da Ola, nenos e nenas hasta 14 anos)
- 18:00 - Taller de Xabrón con Aceite de Cociña Usado (Local das Sociedades)
- 19:00 - Presentación do Estudo sobre o Eo (Por Fernando Cobo da USC)
- Verbenas con **ARIZONA e DJ PEDRO BRMUDZ**

### 30 de Abril:

- 14:00 - Sesión Vermut con Disco Móvil **BLANCO y NEGRO**
- 16:30 - Segundo Campionato de Billarda "Festa da Troita" (Área Recreativa Pozo da Ola)
- 17:00/19:00 - Xogos Infantís inspirados na Festa da Troita (de 6 a 12 anos)
- 19:30 - Inauguración das novas pedras no "Paseo do Pescador"
- 20:00 - Visita o Museo da Pesca
- 21:00 - Entrega pública das distintas Troitas de Ouro, Recoñecementos e S de Honra
- 21:30 - Pregón a Cargo de D. José Luis Bruna Brotons (Presidente Federación Española de Pesca y Casting)

22:00 - Apertura da Caseta e degustación de Troitas

Verbenas polas Orquestras

Disco Móvil

### 1 de Maio:

- 09:00 - Comenzo concursos de Pesca (Lance, Salmón e Mosca)
- III Ruta de Sendeirismo "Festa da Troita"
- 13:30 - Remate dos Concursos, Pesaxe e clasificación.
- "Macro" Sesión Vermut **COSTA DORADA**
- 18:00 - Entrega trofeos no Salón de Actos da Casa da Cultura



## O PP esixe que se xestione a limpeza da antiga canceira

O PP esixe ao Concello que xestione a limpeza e saneamento da antiga canceira, fronte á piscina municipal. Javier Castiñeira, denuncia “o abandono por parte do equipo de goberno de Foz” deste recinto, situado nun lateral da nave de obras no porto, fronte á piscina municipal.

Castiñeira sinala: “É unha mostra máis da falta de limpeza e da desatención do goberno local aos edificios públicos e ao pobo en xeral, que carece dun bo servizo de limpeza, porque é totalmente insuficiente; resulta absolutamente necesario reorganizar este servizo”.

Os populares din que “esta imaxe da antiga canceira é a imaxe do pasotismo e da hipocrísia do alcalde, que no seu día usouna para criticar ao anterior goberno”.

Os populares instan “ao bipartito a que adecente este espazo e que se preocupe máis pola limpeza e a imaxe do pobo, porque, por un lado, os veciños están fartos, e, por outro lado, dá mala imaxe de Foz aos turistas que xa empezan a chegar”.

## Horarios e lugares do punto limpo móbil para abril e maio

O Concello de Foz vén de comunicar que nos meses de abril e maio o punto limpo móbil estará en diferentes puntos. Poden depositarse: pilas, aceites vexetais, aerosois, lámpadas, verniz, pintura, pequenos electrodomésticos, xoguets, roupa e calzado. Lembran que o servizo de recollida domiciliaria continúa co seu funcionamento, previa anotación no departamento de Medio Ambiente 982 133 159.

Así, estará a carón do pavillón Torques de Marzán do 5 ao 11 de abril; en Vilaxoane do 12 ao 18 de abril; na área estrada xeral de Mañente do 19 ao 25 de abril; no campo da feira da Espiñeira do 26 de abril ao 2 de maio; na zona da igrexa de Vilaronte do 3 ao 9 de maio; no Caritel - San Martiño do 10 ao 16 de maio; en Ver - San Martiño do 18 ao 23 de maio; e xa por último a carón da capela da Ermida do 24 ao 30 de maio.

## O BNG pide a eliminación das construcións abandonadas de subministro de electricidade

O BNG de Foz ten xa denunciado as moitas contribucións ao feísmo urbanístico que proliferaron ao longo de todo o concello nos últimos decenios. Os nacionalistas entenden a complexidade que requiren algunhas actuacións, precisamente “polo abuso no pasado dalgunhas empresas como as compañías eléctricas que podían ter dereito de paso e que na actualidade pretenden eludir dende pago de impostos en momentos de máximo beneficio, como o mantemento dalgunhas estruturas das que se serviron”.

No BNG promoveron no pasado 2017 e “felizmente acadamos en marzo de 2022, a ordenanza para o cobro dunha taxa pola utilización ou aproveitamento do dominio público local por parte das empresas titulares de instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas ou hidrocarburos. Con todo existen



elementos vinculados a estas compañías que empeoran notablemente a imaxe do Concello”.

“Falamos de elementos de soporte actualmente non operativos, e que reclaman intervención polo seu deplorable estado. Son construcións, que no seu día deron cobertura aos servizos de electricidade, pero que se permitiron levantar tamén sen a mínimo prudencia na ubicación e dimensións”, din dende o BNG.

## Volve a Primavera Cultural e o ciclo Teatro nas Parroquias

O alcalde e a concelleira de Cultura de Foz, Fran Cajoto e Inés López, presentaron, a Primavera Cultural. Este programa de actividades que se vai desenvolver ata finais de maio inclúe a segunda parte do ciclo Teatro nas Parroquias, que “está en marcha desde novembro con actuacións das compañías de teatro afeccionado de Foz e continúa agora con máis teatro e monólogos profesionais”, explica López Couto.

O 12 de abril na Casa da Cultura foclega haberá teatro infantil a cargo de Tarabelos. E o sábado 15 celebrarase a Festa do Berberecho no porto coa actuación da orquestra El Combo Dominicano. Ese mesmo día na Sala Bahía haberá un monólogo a cargo de Federico García. O domingo 16 en San Acisclo actuará o actor Pepo Suevos e o día 23 haberá teatro infantil na Casa da Cultura a cargo de Caxoto. A programación con-




tinuará o mércores 26 coa presentación do novo libro de Paco Rivas na Casa da Cultura. O sábado 29 actuará o actor Avelino González en Nois, mentres que na Sala Bahía terá lugar o Festival Contra o Cancro con Mar Aberto e Rondalla Latexos. E ao día seguinte Avelino González estará en Vilaronte.

Xa en maio o domingo 7 terá lugar en Vilaronte a segunda edición do

mercado de produtos locais Aos pés de Cornería. O día 13 a Banda de Música de Foz ofrecerá o seu concerto das Letras Galegas. O domingo 14 Avelino González actuará en Fazouro e o día 18 na Casa da Cultura haberá un espectáculo infantil especial Letras Galegas a cargo de Caxoto. Do 19 ao 21 celebrarase a Festa do Bispo Santo e os días 20 e 21 terá lugar en Nois a Festa das Flores.

## Os populares critican a eliminación dos aparcadoiros da praza de Galicia



O PP insta ao Goberno local de Foz a atender as reclamación dos veciños da praza de Galicia fronte ao proxecto para esta rúa e a eliminación dos aparcadoiros sen ofrecer alternativas.

O voceiro popular, Javier Castiñeira, explica que “os residentes en 22 vivendas das 29 existentes asinaron un escrito solicitando o cambio do proxecto e moita máis información sobre as obras que se pretenden levar a cabo en dita praza; non é admisible que o goberno faga obras sen ter informados aos veciños, como leva dicindo o PP dende que soubo do proxecto”.

Os populares indican que “os ve-

ceiros atópanse con sorpresa con obras coas que non contaban”. No escrito, “os veciños, practicamente da totalidade das casas, porque hai algunha deshabitada, alegan que a maior parte das vivendas carecen de aparcadoiro e que o proxecto de Cajoto elimina máis da metade das prazas sen ter unha alternativa riba da mesa”. Castiñeira sinala que moitos destes veciños son maiores, non foron informados e temen que lles pase como aos veciños de Curros Enrique, perder o pouco aparcamento que teñen e que deben compartir con usuarios e profesores do colexio número 1 e, no verán, cos turistas”.

## Os Sendeiros de Foz organiza unha fin de semana en Portugal



A asociación Os Sendeiros de Foz organiza unha nova ruta, pero nesta ocasión desprazaranse ata Portugal. Esta saída será a fin de semana do 19 ao 21 de maio e saída farase ás 16.00 horas dende o Cenor Belianorte de Foz e ás 16.15 horas en Ferreira.

As persoas interesadas poden anotarse nos teléfonos 606 718 482 e 670 369 017 ou en ossendeiros@yahoo.es. Os prezos son 190 euros para os socios non federados e 180 euros para os federados. Neste prezo está incluído o aloxamento en pensión completa, habitación dobre, balneario bienestar e termas de Monçao.

A organización recomenda levar equipo de sendeirismo e informa que a ruta ten un nivel de dificultade medio. O Concello de Foz colabora na organización desta actividade.

# Foz xa conta con tres paneis sobre rutas de sendeirismo

O Concello instalou diante do Cinema tres paneis informativos relativos ás rutas de sendeirismo que hai no municipio. Anunciouno o concelleiro de Turismo, Chema Linares, quen explica: “trátase de tres tótems a dobre cara realizados en aceiro corten nos que recollemos toda a información necesaria sobre as rutas de sendeirismo. Cada ruta aparece cun color que a identifica e cun mapa moi intuitivo e fácil de interpretar, relaciónanse os recursos turísticos ao longo da ruta e inclúe unha información técnica sobre a dificultade, a distancia e dureza da mesma, cun breve texto descritivo da ruta en galego e castelán así como códigos QR de enlace a plataformas dixitais do sector, como Google Maps, Wikiloc, Avenza, e unha selección de fo-



tografías características das rutas”. Linares engade que “é o resultado dun longo traballo de varios meses para recoller información, elaborar o material necesario para a súa dixitalización e a súa difusión

nas plataformas mencionadas e a transferencia destes datos a estes paneis informativos”. O concelleiro de Turismo destaca que “o concello de Foz ten a sorte de contar con numerosas rutas de sendeirismo de gran valor natural, histórico e patrimonial que levan ata a Basílica de San Martiño ou ata a Frouxeira, por exemplo, ou a miradoiros como Cornería ou o de Tamamiña. E polo tanto este traballo significa mellorar e por en valor estas rutas e únese a un plan de recuperación de paneis informativos ao logo das rutas, como o do castro de Fazouro, moi deteriorado dende hai anos, ou o do castro de Llas; repúxose o das turbeiras, en Arealonga, e restablecéronse os vinilos da Frouxeira e Cornería, na Costa do Castro”.

## Xa hai gañadores do sorteo do Día do Pai de Acia Foz CCA

Acia Foz CCA sorteou os 1.500 euros en vales de compra da campaña do Día do Pai, que se desenvolveu do 4 ao 19 de marzo. O sorteo, que tivo lugar nas instalacións de Radio Foz, foi conducido por Anxo Rivas.

A premiada co vale de 500 euros foi Tamara Suárez Peláez, que fixo unha compra en Unique. E con 200 euros en vales de compra resultaron premiadas Julia Maseda Otero, que mercou en Decoraciones Pura; Elena Pérez López, en Clínica Maas Saúde; María Couto Amor, en Salai Campo; Pilar Campo Díaz, en Centro Óptico Elíseo, e Dulce María Joven Gómez, en Xoguetería Bahía.

Desde Acia FozC CA felicitan “ás gañadoras ás que animan a seguir apostando polo comercio de Foz” e agradecen tamén “a participación dos negocios locais nesta campaña do día do pai de 2023”.

## A estrada N-642 xa conta cun desvío provisional



O Mitma, Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, está a executar as obras de emerxencia na estrada N-642 na que colapsou a vía en xaneiro debido a unha deficiente drenaxe que se atopa por debaixo transversalmente.

Así, abriron un novo desvío provisional en dita zona e que dará acceso á vila de Burela para garantir a fluidez do tráfico mentres se acomenten os traballos. O rexedor municipal focego ex-

plicou que “ao ser unha obra de emerxencia puidéronse axilizar os prazos: preocupábanos moito que a obra non avanzara ante o incremento de tráfico que se produce en verán. Ademais hai que destacar que Carreteras atendeu a reclamación do Concello e vai habilitar un ramal provisional para acceder ao parque empresarial de Burela desde Foz, evitando deste xeito o rodeo que teñen que facer a día de hoxe veciños e tráfico pesado”.

## Comeza a tempada de cría da píllara das dunas

A Concellería de Medio Ambiente de Foz lembra que ata o 15 de xullo está aberta a tempada de cría da píllara das dunas e prega extremar a súa protección.

A píllara das dunas (*Charadrius alexandrinus*) é un dos moitos atractivos naturais do Concello, A Píllara da dunas, foi escollida como ave do ano 2019 pola SEO/Birdlife e o Concello de Foz aproveitou en outubro de 2019 a celebración do día mundial das aves, para lembrar a importancia da súa conservación. Trátase dunha ave en serio perigo de extinción. Ten na Galiza o seu último refuxio do norte da península ibérica. Estímase que na actualidade quedan pouco máis dun cento de parellas ao longo do litoral galego. En marzo empezan a facer os primeiros niños e os últimos polos poden voar ben entrado setembro. “Cada ano asistimos a unha perda de niños e morte de crías inaceptable. Hai praias nas que, a pesares



dos incansables intentos destas aves que poden facer ata cinco postas nunha tempada, non consiguen sacar nin un polo adiante”, din dende Medio Ambiente.

Tanto as dunas da Rapadoira como o espazo dunar da Pampillosa son refuxio de especial interese ornitológico onde aniñan, precisamente nestes días. O niño é moi discreto, consistindo unicamente nunha leve depresión na area que ás veces é ornamentada con pequenas cunchas ou restos vexetais.

## O Riosmar Fest será finalmente o 29 de abril

Despois de ter que ser aprazada a celebración do Riosmar Fest por mor do temporal, a comunidade de montes veciñais en man común Real, Rañadoiro e Agudo de Cangas de Foz, decidiu poñerlle nova data. Esta cita finalmente será o 29 de abril no campo de fútbol de Cangas. Este evento será un Macro Disco Level que contará cos Djs lampiti, Litainer e Conxuro. O recinto contará con servizo de barra e hamburguesería.

As entradas xa poden adquirirse a través da web a 5 euros máis gastos e tamén estarán dispoñibles o propio día do festival a 7 euros. Ademais, a organización porá a venda anticipada en locais de Cangas e noutros puntos da comarca. Maite López Rego é a nova presidenta da comunidade de montes.



¿Tienes un proyecto social que se enmarca en la transición energética justa?

Y.E.S.

Inscríbete en EDP Energía Solidaria

edp Fundación

Energías Renovables | Eficiencia Energética | Movilidad Sostenible | Comunidades en Transición

Envía tu solicitud del 1 al 31 de mayo  
Más información: [www.fundacionedp.es](http://www.fundacionedp.es)

# “Unha das Troitas de Ouro será para o noso amigo Luis Moirón”

Francisco Javier Rois, Taracho, atópase na directiva do CIT da Pontenova

Francisco Javier Rois Troita, Taracho, está na directiva do Centro de Iniciativas Turísticas.

## Dende cando é presidente do CIT?

Pois levo como presidente 14 anos e formando parte da directiva como vogal levo 16.

## Cantos membros son?

Na directiva somos 12 e despois somos sobre 240 socios os que forman o CIT. Ademais no carné de socio entra o cabeza de familia, a muller ou marido e os fillos menores de 18 anos.

## Que é o que fai CIT?

O seu obxectivo é intentar dinamizar a vila con actividades para ter aos veciños entretidos, e tamén que veña a xente a desfrutar do encanto da Pontenova. Temos actividades ao longo de todo o ano para nenos e para maiores.

## Algunhas son moi coñecidas.

Si. No verán está o descenso polo río Baixa como poidas, ou a paella para máis de 450 persoas na praza, no inverno temos a Calbagata de Reis, e despois durante todo o ano facemos cursos de diferentes temáticas.

## E por suposto a Festa da Troita.

Por suposto. Esta é outra das grandes citas da vila e que se celebra como todos os anos o 30 de abril e 1 de maio.

## Que novidades haberá?

Pois a máis importante é que ao ser fin de semana puidemos

engadir á festa o día 29. Tamén contaremos cun *clinic* de lance tanto de mosca como de *cucharilla* que serán impartidos por Nacho Rojo, o de mosca, e por Miguel Piñeiro o de *cucharilla*. Ademais o sábado 29 haberá un taller de xabón con aceite usado a cargo de Nacho Rojo, moi interesante.

**“Lembro que antes camiñabas pola beira do río e vías as troitas, e agora están todas nas correntes por onde pasa a comida”**

## Para quen serán as Troitas de Ouro?

Este ano daremos dúas Troitas de Ouro. Nesta ocasión serán para a Feira do salmón de Cornellana de Asturias, polo coidado das tradicións, pola posta en valor da pesca como dinamizador económico e pola defensa da biodiversidade dos ríos do principado. E por outra banda será para o noso amigo a título póstumo, Luis Moirón García, que tamén foi membro da directiva.

## E as Pedras de Honra?

Estas pedras, situadas no paseo do Pescador, serán para o xornalista Xabier Fortes, que foi pregoeiro o ano pasado e que quedou encantado coa festa; para Guy Roques, un coñecido

pescador francés, catedrático en Lingua Castelá e un dos personaxes fixos en calquera evento de prestixio no mundo da pesca; e para Antonio Pérez Henares ou Chani, conversador da televisión e escritor.

## Como se atopa o río Eo?

Nestes anos cambiou moito o aspecto do río, o que implica que vaia a menos o número de salmóns e troitas que hai. É algo cíclico pero sempre vén a menos. Isto é consecuencia do abandono e a desaparición do rural. Pois antes había prados, campos e presas que eran a despensa dos peixes, e agora á beira do río é todo maleza e silvas. Entón non hai comida para todos e van desaparecendo. Lembro que antes camiñabas pola beira do río e vías as troitas, e agora están todas nas correntes do río por onde pasa a comida.

## Algunha lembranza especial en todos estes anos?

Pois a verdade é que hai moitas, pero lembro un ano no que gañei o concurso, e no que me atopaba no pozo do Corveiro, un lugar fermosísimo e que conta con troitas moi grandes, e picoume unha troita duns 16 cm. e ao ir levantala vin que viña detrás outra máis grande para intentar comela, e o que fixo foi colocarse 2 metros corrente abaixo. Entón boteille a troita pequena á grande, e lanzouse a por ela, o que me fixo moverme e caer no río. E ao final escapou.



## Listo o programa da XLIII Festa da Troita

A 43ª Festa da Troita, declarada de Interese Turístico Galego e de Interese Turístico Deportivo Nacional, xa comezou cos preparativos da cita deportiva que será os días 29 e 30 de abril e 1 de maio.

Así, anunciaron que José Luis Bruna Brotons, presidente dea federación Española de pesca e casting, será o encargado de ler o pregón na XLIII edición de la festa da troita da Pontenova. Dentro das actividades para menores e familias, o sábado 29 de abril haberá un concurso de lance de mosca e culleriña no Pozo da Ola ás 17.00 horas, despois un taller de xabón con aceite usado no local da sociedade, e máis tarde será a presentación do Estudo sobre os salmónidos do Eo, de Fernando Cobo. Xa a partira das 19.00 horas será a verbena a cargo de Arizona e DJ Pedro BRMUDZ.

Xa o domingo 30 haberá unha sesión vermú coa disco móbil Blanco y Negro e pola tarde comezará o II Campionato de billarda Festa da Troita no Pozo da Ola. Tamén haberá xogos infantís para nenos de

6 a 12 anos. Ás 19.30 horas será a inauguración das Pedras de Honra no paseo do Pescador, ás 20.00 horas a farase unha visita ao Museo da Pesca, e ás 21.00 horas será a homenaxe a antigos directivos do CIT no auditorio, no que se dará a Troita de Ouro á Feira do salmón de Cornellana de Asturias, “polo coidado das tradicións, pola posta en valor da pesca como dinamizador económico e pola defensa da biodiversidade dos ríos do principado”. E tamén entregarán a título póstumo a Troita de Ouro a Luis Moirón García, que tamén foi membro da directiva.

Pola noite será a apertura da caseita e a degustación de troitas amenizada polas orquestras La Oca Band e Blanco y Negro.

O luns 1 de maio pola mañá farase o concurso de Pesca de lance, salmón e mosca, así como a III Ruta de Sendeirismo. Ao remate, arredor das 13.30 horas, será a pesaxe e a clasificación, e ás 18.00 horas a entrega de premios no salón de actos da casa da cultura.

## A ITV móbil de vehículos será en maio

A unidade móbil de inspección técnica de vehículos estará na Pontenova no mes de maio, concretamente do 19 ao 25.

A estación itinerante estará na chousa da Veiga en horario de 9.00 a 13.30 e de 15.15 a 18.00 horas, agás o día 19 e o 25 que será só de mañá.

Para solicitar cita previa hai que chamar ao teléfono 902 309 000 ou a través da web [www.sycitv.com](http://www.sycitv.com). A organización lembra que no se pasará inspección a vehículos con carga nin a vehículos con apeiros.

## A 7ª Ruta Ecuestre de Equus Norte será o sábado 15 de abril

A 7ª Ruta Ecuestre organizada por Equus Norte e o Concello da Pontenova celebrarase o vindeiro 15 de abril. O programa dará comezo ás 10.00 horas coa saída dende a área recreativa do Pozo da Ola.

Ás 14.00 horas terá lugar o xantar para o que haberá que adquirir os tickets no Hotel Restaurante San Briz a un prezo de 25 euros. Durante toda a tarde haberá música a cargo de Pedro BRMUDZ.

Para máis información e inscricións



haberá que chamar aos teléfonos 662 062 625, 608 719 887 ou 633 913 203.

## Lume Escénico celebra o seu aniversario cun ciclo de teatro

A asociación cultural Lume Escénico celebra o seu décimo aniversario cun ciclo de teatro na Pontenova ata o 22 de abril. A primeira representación, xa foi a finais de marzo, e a seguinte representación do ciclo será o sábado 15 de abril ás 20.30 horas a cargo de Trípede, de Alfoz, e ofrecerá a obra O Muro.

Xa para rematar o 22 de abril, sábado, ás 20.30 horas Lume Escénico, da Pontenova, representará Albergue Casa Marelo.

Este ciclo está organizado pola aso-



ciación cultural Lume Escénico coa colaboración do Concello de A Pontenova.



MARZO, ABRIL, MAIO | 2023



**Concello de Foz**

# Primavera Cultural

12 ABR, MÉRCORES

18.30h | Casa da Cultura  
Teatro Infantil  
**«Contos nunha roda: Manuel e Manuel»**  
TARABELOS  
50 min | Entrada gratuita

15 ABR, SÁBADO

Porto de Foz  
**«Festa do Berberecho»**  
23.00h | Actuación do COMBO DOMINICANO  
19.00h | Sala Bahía  
Teatro nas Parroquias  
**«Monólogo»**  
FEDERICO GARCÍA  
Organiza: Concello de Foz  
Colabora: AAVV O Torques de Marzán. Entrada gratuita

16 ABR, DOMINGO

18.00h | Antiga Escola de San Acisclo  
Teatro nas Parroquias  
**«Monólogo»**  
PEPO SUEVOS  
Organiza: Concello de Foz  
Colabora: AAVV Río Duro S.Acisclo. Entrada gratuita

26 ABR, MÉRCORES

20.00h | Casa da Cultura  
Literatura  
**«Postdata: Quérote»**  
PRESENTACIÓN DO NOVO LIBRO PACO RIVAS

29 ABR, SÁBADO

19.00h | Sala Bahía  
**«Festival Contra o Cancro»**  
MAR ABERTO E RONDALLA LATEXOS  
Organiza: Asoc. Contra o Cancro de Foz. Colabora: Concello Foz

14 ABR, VENRES

20.00h | Sala Bahía  
**«A Esmu con Turquía e Siria»**  
FESTIVAL SOLIDARIO DA ESCOLA DE MÚSICA

23 ABR, DOMINGO

12.00h | Casa da Cultura  
Teatro Infantil  
**«Un libro baixo a almofada»**  
CAXOTO  
60 min | 4-10 anos | Gratuita

29 ABR, SÁBADO

18.30h | "A Saira" Nois  
Teatro nas Parroquias  
**«Canto conto hai aquí»**  
AVELINO GONZÁLEZ  
Organiza: Concello de Foz  
Colabora: Cultural de Nois. Entrada gratuita

30 ABR, DOMINGO

18.30h | Teleclub Vilaronte  
Teatro nas Parroquias  
**«Canto conto hai aquí»**  
AVELINO GONZÁLEZ  
Organiza: Concello de Foz  
Colabora: O Castro de Vilaronte. Entrada gratuita

7 MAIO, DOMINGO

Vilaronte  
**«Aos pés de Cornería»**  
II MERCADO DE PRODUCTOS LOCAIS

14 MAIO, DOMINGO

18.30h | Fazouro  
Teatro nas Parroquias  
**«Canto conto hai aquí»**  
AVELINO GONZÁLEZ  
Organiza: Concello de Foz  
Colabora: Teatro A Adala. Entrada gratuita

18 MAIO, XOVES

18.30h | Casa da Cultura  
Infantil Especial Letras Galegas  
**«Francisco Fdez. del Riego»**  
CAXOTO.  
Entrada gratuita

19-21 MAIO

Bispo Santo  
**«Festa do Bispo Santo»**  
Organiza: Asociación Cívica Cultural Obispo Santa.  
Colabora: Concello Foz

20-21 MAIO

Nois  
**«Festa das Frores»**  
Organiza: Asoc. Comuneiros Montes Veciñais de Nois.  
Colabora: Concello Foz



## FOZ

# XXI Festa do Berberecho

15 abril 2023  
no peirao de Foz





Pola noite a partir das 23.30 h.

### COMBORECHO

co

### COMBO DOMINICANO

CONXURO DISCOMÓVIL

DAVID EXPÓSITO





### Programación

## XXI Festa do Berberecho no peirao de Foz



13 abril

20.00 h. Charla no Cenima "Interpretación da toponimia desde a Ría de Foz ata Cu do Castro por Xesús Basanta (Xesús do Breogán)

15 abril

11.00 h. Actuación de grupos tradicionais: **A Subela e O Feltizo**.  
11.30 h. Programa especial de Radio Foz desde a carpa.  
12.00 h. Apertura da carpa e pregón a cargo de Martín Fernández Vizoso, xornalista, escritor e autor da serie semanal "Memoria de mariñáns". Actuación do grupo Mar Aberto.  
13.00 h. Degustación de berberechos e mexillóns en varias modalidades.  
17.00 h. Peche da carpa.  
20.00 h. Degustación nos locais de hostalería das distintas variedades de berberechos

22.00 h. Apertura da carpa.  
23.30 h. Actuación de:

## El Combo Dominicano

E a continuación a actuación de  
Discomóvil **Conxuro** e **David Expósito**





16 abril

Continúa a festa do Berberecho nos bares de Foz



## Aberto o prazo de preinscrición na escola infantil


O Concello de Viveiro informa da apertura do prazo de preinscrición na Escola Infantil Municipal para o vindeiro curso 2023-2024.

O prazo estará aberto desde este sábado, día 1, ata o 30 de abril.

“A educación e a conciliación son dúas prioridades para nós, por iso traballamos para ofrecer o mellor servizo para os nenos e nenas de 0 a 3 anos”, afirma a alcaldesa, María Loureiro.

As persoas interesadas no servizo poden acceder as solicitudes de preinscrición na Escola Infantil Municipal a través da web do Concello de Viveiro: [www.viveiro.es](http://www.viveiro.es)

## Os centros sociais de Covas e Chavín acollerán os Obradoiros de Memoria



O Concello de Viveiro pon en marcha os Obradoiros de Memoria nos centros sociais de Covas e Chavín para todos os veciños e veciñas da vila. A actividade, que se oferta a través da Consellería de Benestar Social, é totalmente gratuíta.

O obxectivo destes Obradoiros de Memoria é atender ás necesidades que xorden nos diferentes centros sociais e parroquias, conformando así o programa de actividades do concello dirixidas ás persoas maiores. “Dende o Concello de Viveiro impulsamos estes obradoiros para atender ás necesidades das persoas maiores, reforzando o envellecemento activo e a prevención do deterioro cognitivo”, asegura a alcaldesa de Viveiro, María Loureiro.

Os Obradoiros de Memoria desenvolveranse no Centro Social de Covas os martes e xoves de 18.00 a 19.30 horas, e no Centro Social de Chavín os mércores e venres de 17.00 a 18.30 horas.

Os interesados en inscribirse poden facelo directamente nos centros dentro do propio horario da actividade.

## O Goberno local insta á Xunta a aportar a subvención asinada para o Campo de Lavandeiras



O grupo de Goberno do Concello de Viveiro insta á Xunta á aportación da subvención para as melloras no Campo de Lavandeiras. O proxecto acordado entre a área de Deportes da Deputación, o Servizo Provincial de Deportes da Xunta de Galicia e o propio Concello no 2022, contempla a dotación de elementos necesarios para poder levar a cabo a práctica deportiva, incluídas redes, vestiarios ou banquillos, así como a reforma da instalación eléctrica do campo de deportes.

“O orzamento do contrato deste proxecto presentado polo Concello de Viveiro en xaneiro de 2022 ascende a 120.018,57 € (IVE incluído),

unha partida que ía ser abonada polas tres institucións. A día de hoxe, coa ratificación do compromiso por parte da Deputación, só falta a aportación do 33% da contía que corresponde á Xunta para iniciar ás obras”, di a alcaldesa de Viveiro, María Loureiro. “Ante a imposibilidade de executar a obra no 2022, remitimos unha comunicación ás outras dúas administracións implicadas na financiación. Por parte da Deputación xa se tivo en conta esta circunstancia co fin de prever a cantidade total a achegar con cargo á anualidade 2023, pero a día de hoxe aínda non temos noticias por parte da Xunta de Galicia”, subliña Loureiro.

## Entregados os premios dos concursos do 8M de fotografía amateur e de debuxo escolar



O Concello de Viveiro entregou este sábado os premios dos concursos de fotografía amateur ‘Traballos e mulleres’ e de debuxo escolar ‘Mamá Traballadora’, convocados pola Delegación Municipal de Muller e o Centro de Información ás Mulleres de Viveiro, con motivo da conmemoración do Día Internacional da Muller 2023.

O acto tivo lugar na Sala Multiusos do concello coa presenza do tenente de alcalde, Jesús Fernández; a concelleira de Cultura, Lara Fernández Fernández-Noriega; a concelleira Mari Carmen Franco, e Margarita Fernández, representante do CIM.

No certame de fotografía o pri-

meiro premio foi para Paula Cristina Limia Fernández — coa obra “A traballadora silenciosa que cava, corta leña e desbroza” —, o segundo para José Luis Méndez Fernández —“Cortadoras” — e o terceiro, para Paco López López —“Elas” —.

Doutra banda, no concurso de debuxo escolar levaron os seus agasallos e diploma a alumna de 3º de Primaria Nira Vieira Fernández (CEIP de Celeiro); Antón Ventoso Freán (CEIP de Celeiro), de 4º de Primaria; Carla Vieira Rivas (CEIP Plurilingüe Santa Rita Degaldo), de 5º de Primaria e Alejandra Raquel Olivares Alcántara (CPR Landro), alumna de 6º curso.

## O Concello súmase ao proxecto Globo Marruán

O Concello de Viveiro súmase á nova iniciativa do Globo Marruán, o proxecto que naceu hai catro anos da man da Asociación Prato. O seu obxectivo é recuperar a historia real de Marruán, o barbeiro viveirense que entre 1892 e 1910 coordinou á poboación para crear un globo aerostático con material de refugallo da época.

Xunto á labor divulgativa e didáctica desenvolvida en diferentes colexios e con distintos obradoiros, os seus impulsores buscan tamén a colaboración cidadán en cada uno dos pasos previos de cara a facer voar o Globo Marruán.

O Concello de Viveiro, promotor deste proxecto colectivo e inclusivo dende o seu nacemento, colaborará na recompilación de bolsas de plástico. Os seguintes



pasos serán cortar as bolsas e unilas con cinta adhesiva e co-crear o Museo Aerosolar e unha exposición. O proxecto do Globo Marruán permite recuperar a historia de Viveiro ao tempo que traballa en valores como a cooperación e a conciencia medioambiental.

## Míriam Bermúdez encabezarará a candidatura do BNG en Viveiro

“Forza, enerxía e confianza é o que sinto polo apoio recibido” manifestou Míriam Bermúdez tras ser elixida por unanimidade para encabezar a lista do BNG de Viveiro nunha asemblea na que asegurou que “só se respiraba positivismo e seguridade”.

Míriam Bermúdez é veciña de Verxelles, en Xunqueira, e mestra de profesión. Na actualidade traballa no CEIP de Celeiro onde exerce como Directora do centro.

A candidata á alcaldía agradeceu o forte apoio recibido na asemblea asegurando que foi “o traballo realizado durante estes 4 anos o que fai

que a xente confíe, pois demostra que temos proxecto, que estamos preparadas para gobernar.”

A asemblea do Bloque está convencida do gran avance que terá o BNG nas vindeiras eleccións, cunha muller á cabeza chea de vitalidade, gañas de traballar e o compromiso polo que sempre destacou Míriam Bermúdez que, cando se decide por algo, implícase totalmente. Puxeron en valor, o potencial da que até agora foi a única concelleira do BNG, quen demostrou ser unha muller solvente e cunha grande capacidade de xestión.

## Bernardo Fraga elixido como candidato de Por Viveiro

Bernardo Fraga, foi elixido por unanimidade na reunión de Por Viveiro, como candidato á Alcaldía de Viveiro, pola formación independente, que se presentará por segunda vez consecutiva aos comicios municipais na localidade.

Afrontan as eleccións municipais de maio co obxectivo de liderar o cambio político necesario logo de 40 anos de alternancia no goberno dos grandes partidos tradicionais. Queremos representar a todas aquelas persoas que se senten abandonadas, que consideran que Viveiro está en

decadencia, e que debe ser un partido local, quen lidere un goberno de boa xestión, con capacidade de diálogo con calquera dos partidos, sen vetos nin miopía ideolóxica, para revertir a situación na que nos atopamos. En definitiva, un goberno de Viveiro, que traballe por Viveiro.

Bernardo Fraga leva 12 anos de concelleiro e sendo tenente alcalde entre os anos 2011 e 2012. Foi presidente do Colectivo Chilindrín-Penalba de Celeiro durante 14 anos. Colabora con distintos colectivos e deportivos e culturais do Concello.

# O folclore da cultura, danza e tradición

## Bágoas da Terra leva a súa arte polo mundo adiante amosando o seu bo facer

O Grupo de Coros e Danzas Bágoas da Terra naceu no ano 1959 dentro do seno da sección feminina, sendo o pioneiro entre os grupos de danzas da zona da Mariña lucense. Dende entón actuou en numerosos festivais nacionais e internacionais entre os que cabe destacar o do Mediterráneo de Murcia, Ronda, Burgos, Sevilla, Córdoba, Xibraltar, Xaén, Asturias, Cidade Real, Ibiza, etc. e outros celebrados en Francia, Arxelia, Grecia, República Checa, Portugal, Alemaña, Polonia, Italia, Córcega, etc. Tamén actuou ante SS.MM. os Reis de España e foi elixido para representar a Galicia na EXPO'92 de Sevilla. Así mesmo acumulou numerosos premios e distincións a nivel nacional e internacional, tanto polo seu labor en relación á cultura popular, como pola súa calidade artística.

O seu repertorio está composto por danzas da Mariña, da zona montañosa do interior da provincia e doutras zonas de Galicia. As súas danzas máis representativas son muiñeiras, xotas, pandeiradas, polkas, maneos, etc.

que se caracterizan pola viveza do seu ritmo e o brío impartido na súa execución. Conta ademais con coreografías propias e un variado repertorio con multitude de danzas tradicionais, músicas, coreografías, cantos de cantareiras, etc.

Moitos deles son froito dun traballo de investigación polas bisbarras, aldeas, e diferentes zonas de Galicia, especialmente da montaña lucense. É por iso que os espectadores poden desfrutar de Chovendo en Compostela, Chicharriños, Espantallo, A Coroza, Danza das Cintas de Xerdiz, Un Conto na Fiada, etc. Tamén ten incluído no seu repertorio diferentes coreografías propias, entre as que cabe destacar: Foliada de San Migueliño, la Polka Pasacorredoiras do Choqueiro, Ritmos de Polka, entre outras. Ademais, inclúe algunha coreografía relacionada con diferentes efemérides, como poden ser o Aniversario de Mozart, ou a Danza do Xacobeo, etc.

Así mesmo contan cun amplo vestuario que da cor e posta en escena a cada unha das súas actuacións. Parte do mesmo foi

confeccionado polos propios integrantes do mesmo.

Teñen traxes de montaña como A Coroza, Espantallo, traxes do campo, Traxes de Gala Muradana, traxes de liño, traxes típicos galegos con bordados en azabache, etc. Son moitas as variacións de vestuario que poden facer nas súas actuacións, dotándoas de gran colorido e dunha escenografía o máis real posible con respecto ao que se quere transmitir en cada baile.

**CORPO DE BAILE.** O corpo de baile de Bágoas da Terra está formado por un numeroso grupo de xente e nótrese da caniteira que ten nos seus grupos infantís. Estes son amantes do folclore e traballan a reo para levar a cabo todas as actividades da asociación ao longo de todo o ano, compaxinando todo isto cos seus traballos ou estudos, especialmente na organización da Mostra Folclórica Internacional.

**MOSTRA FOLCLÓRICA.** A Mostra Folclórica Internacional, é o acto máis importante que Bágoas da



Terra organiza en todo o ano e a primeira edición celebrouse na praza Maior de Viveiro en 1979. A Mostra, que naceu como Festival de Folklore, é hoxe en día unha mostra de cultura, danza, arte e tradición coñecida en todo o Estado.

Comeza co Mostra Infantil, continúa co Concerto de música Folk, o Desfile das Nacións, os concertos dos grupos polas prazas e rúas, a Recepción Oficial, O Aquelarre Na Eira das Meigas e a Gran Gala Internacional.

Os grupos participantes mestúranse na vida do pobo, o que fai que a Mostra sexa un intercambio cultural impresionante.

Polo escenario da Mostra Folclórica Internacional que organiza

Bágoas da Terra, pasan cada ano grupos, coros e ballets de primeiro nivel que veñen de todo o mundo. O colorido e a fusión cultural asombran aos miles de espectadores que acoden en cada edición a presenciar unha especie de volta o mundo nunhas tres horas de espectáculo.

**BELÉN.** Todos os anos polo Nadal, o grupo crear na Biblioteca Municipal o seu tradicional belén con movemento. Un nacemento que mantén o seu carácter único coas figuras con movemento elaboradas por Hortensio Gómez e as pinturas, paisaxes e carteis de Esther Raposo. Os personaxes do belén, ademais, visten o traxe tradicional galego.

## A viveirense Maruja Mallo xa conta co seu selo en Correos



O Concello de Viveiro acolleu a presentación oficial do selo de Correos dedicado a Maruja Mallo dentro da serie Mujeres en el Arte. Correos emite este selo poñendo en valor a figura dunha das maiores expoñentes do cubismo e o surrealismo en España, que formou parte do grupo de mulleres artistas denominado *Las Sinsombrero*.

Exemplo de compromiso, rebeldía, transgresión e loita pola igualdade, Correos elixiu a Maruja Mallo para esta colección de #8M Todo Elaño, dedicada a figuras emblemáticas na defensa dos dereitos da muller como Clara Campoamor, Isabel Zendal,

Almudena Grandes ou Concepción Arenal.

O selo dedicado a Maruja Mallo terá unha tirada de 125.000 obras e tanto o mataselo como o sobre estarán a disposición de todos os interesados na Oficina de Correos de Viveiro. Tamén se pode adquirir a través de Correos Market, contactando co Servicio Filatélico no e-mail [cliente.filatelico@correos.com](mailto:cliente.filatelico@correos.com) ou chamando ao 915 197 197

A subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez, destacou a figura da artista Maruja Mallo, "unha das pintoras do movemento surrealista español máis importantes do século XX".

## A cea baile da comisión de festas do Naseiro será o 29 de abril

A comisión de festas do Naseiro, Viveiro, organiza unha cea baile para o 29 de abril ás 22.00 horas no Campo de Naseiro.

Esta festa terá un menú de 25 euros por persoa e contará con callos, costela asada, tarta xeada e café. Ademais, a cea estará amenizada por Verónica Cambón.

Para participar é necesario mercar os tiquets antes do 25 de abril aos membros da comisión chamando ao 669 302 211, 693 623 881 ou 686 807 780.



**ADRIÁN BEN.** O Concello de Viveiro organizou unha recepción ao deportista viveirense Adrián Ben, que acaba de proclamarse campión de Europa de 800 metros en pista cuberta. No acto, ademais dos representantes municipais, estiveron presentes veciños e veciñas, mostrando o seu aprecio polo atleta local.

## O Concello xa conta co orzamento para a licitación da pista de skate de Lodeiro

O Concello de Viveiro vai iniciar a construción dunha pista de skate na zona de Lodeiro que permitirá á veciñanza dispoñer dunha nova área de lecer na vila coas medidas de seguridade e técnicas que exige un espazo destas características, dotado ademais de ramplas con diferentes niveis, obstáculos e distintos elementos patinables.

"Para poder levar a cabo esta pista foi necesario falar con monitores de skate sobre os elementos que precisaría unha área destas características, con técnicos municipais e con arquitectos expertos na elaboración deste tipo de proxectos. Finalmente valorouse que a mellor localización na vila sería na zona de Lodeiro", recorda María Loureiro.

**BNG.** Bermúdez, concelleira do BNG comenta que "non é máis que unha explanada con dúas pequenas elevacións, moi lexos de ser un skatepark útil e versátil. Segundo as persoas expertas non conta coa calidade idónea e non permite coller impulsos nin o rodaxe continuada, polo que é inservible".

## Alumnos do IES Perdouro fan unha campaña solidaria

O alumnado de 4º ESO de Iniciación á Actividade Empresarial e Emprendedora e de Economía do mesmo curso e de 1º de Bacharelato comezaron o 13 de marzo unha campaña de recollida de alimentos para o Banco de Alimentos da Mariña.

O cartel é da autoría de Shiva Eliska Alinda Nurhakim de 4º ESO B e estes días veranse polo instituto outros, tamén realizados por alumnado das materias citadas anteriormente.

Durante os recreos poderase entregar pasta, legumes, fariña, arroz, azucre, aceite, leite, conservas... A recollida rematará o 14 de abril.

## A festa do Día do Xubilado celebrase o día 23 de abril



O Día do Xubilado de Burela celebrase o vindeiro 23 de abril, segundo deu a coñecer nesta xornada a concelleira de Servizos Sociais, Carmela López.

A cita será no pavillón dos Institutos a partir das 14 horas. Alí desenvolverase a comida e o baile. Antes haberá unha recepción na Casa da Cultura a partir das 12.30 horas. Aquelas persoas que o precisen disporán de autobús para achegarse ao xantar, que sairán ás 13.30 horas.

A edil de Servizos Sociais manifestou que “a celebración do Día do Xubilado é unha xornada que potencia as relacións entre as persoas maiores do noso concello, por iso a importancia desta celebración, que cumpre a XXII edición. Dende o goberno local agardamos que sexa un día especial no que compartan momentos de diversión e entretemento”.

Poderán participar no Día do Xubilado aquelas persoas que estean empadroadas en Burela, que teñan 65 anos cumpridos ou 60 cumpridos sempre e cando sexan pensionistas do Sistema da Seguridade Social e poderán acudir acompañadas polo seu cónxuxe.

O prazo de inscrición para anotarse estará aberto ata o 12 de abril na Casa do Concello de Burela.

## A Deputación fixo unha achega para renovar a herba artificial da Marosa

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinou co alcalde de Burela, Alfredo Llano García, un acordo de colaboración a través do cal a institución provincial financia cunha achega a renovación da herba artificial do campo de fútbol da área recreativa da Marosa.

Os traballos consistirán na substitución do pavimento existente de herba artificial por outro de idénticas condición ao actual, cumprindo coa normativa vixente.

O mandatario provincial destacou que con este acordo “respondemos á necesidade exposta polo Concello de Burela e os equipos que adestran e xogan neste campo de fútbol”. Desta forma, as obras que financia a

institución provincial, asegurou, “repercutirán na mellora das prestacións” do recinto, utilizado por xogadores de distintas categorías “nun concello no que a actividade deportiva, tanto de base como profesional, é unha das súas sinais de identidade”.

José Tomé subliñou así mesmo que a institución provincial leva destinado no que vai de mandato á mellora deste equipamento deportivo un importante orzamento, pois o acordo asinado agora súmase aos traballos financiados tamén pola Deputación para a substitución parcial do peche do campo, fondo sur e este, cunha malla electrosoldada, facilitando o acceso a aseos e vestiarios a persoas con mobilidade reducida.

## Aprobada a proposta do PP para que o Concello asuma o servizo de madrugadores

O Pleno burelés aprobou dúas mocións presentadas polo PP. A primeira, relacionada coa conciliación familiar, os populares instan ao goberno local a que “asuma o servizo de madrugadores, tal e como se fai noutros concellos, o que suporía un claro alivio para os pais e nais que fan uso deste servizo”. Esta foi aprobada cos votos a favor do BNG e cos votos en contra do PSOE.

A segunda ía encamiñada a dar resposta ás peticións dos veciños que

teñen mascotas. Concretamente, os populares propoñían “a creación dunha área canina en Burela para que así estes membros máis da familia poidan desfrutar do aire libre con liberdade e seguridade”. Nesta ocasión o PSOE abstívose e o BNG apoio está idea.

Con estas dúas iniciativas, o PP di que “levan ao Pleno propostas claras para tratar de transformar a dinámica negativa na que nos ten sumidos o Goberno socialista”.

## A vila volverá ao seu pasado castrexo a finais de xuño

Burela volverá ao seu pasado castrexo da man da súa histórica festa e que comezará nos últimos días do mes de xuño.

A festa temática acenderá o lume novo e contará con sardiñas e churrasco, pois celebrase tamén a fogueira de San Xóan fronte á praza do Concello.

A falta de integrantes na asociación Burela Castrexa, que é quen se ocupa da organización, puxo en perigo a realización da festa. Dende o colectivo fíxeron un chamamento á veciñanza para



a súa colaboración, e foron 4 os voluntarios que se sumaron para levar a cabo a festa castrexa. Polo momento tan só se sabe que o 24 de xuño haberá unha sesión vermú, xogos castrexos e verbena.

## Rematou o pintado do mural informativo do Monte Castelo

Rematou o pintado do mural artístico e informativo do Monte Castelo, que foi visitado polo alcalde e polos autores. “Os autores, Belén e Martín, fixeron unha labor extraordinaria creando un mural artístico e informativo, onde se sinala o que se pode ver alí naquela zona: a capela, o cruceiro, o hórreo... tamén aparecen dúas mulleres, o que indica o peso que tiñan na sociedade, non so ligado ao mar senón que tamén había hortos e había que traballar a terra”, dixo o rexedor local.

Tamén considera que “é unha obra artística moi ben feita, que lle da unha singularidade importante á área recreativa. Todo isto forma parte das actuacións que se están a realizar aquí en Burela, por exemplo aí fronde da Cruz Vermella onde se pin-



tou outro mural extraordinario, empregando unha técnica similar, que quedou moi ben e que explica a importancia que ten a pesca en Burela. Agora tamén se está a realizar unha intervención artística no parque, estáselle dando unha singularidade ao conxunto do pobo de Burela, que é moito de recoñecer”.



## O salmón de Noruega aposta por asentarse en Burela

O alcalde, Alfredo Llano, mantivo un encontro cunha delegación da empresa norueguesa de produción de salmón que pretende instalarse en Burela. O rexedor subliñou a importancia da súa posta en marcha, xa que ocupará unha superficie de case 25.000 metros cadrados e suporá un investimento duns 40 millóns.

Llano relatou que “foi unha reunión agradable e eles están dando os pasos necesarios para poder situar a empresa aquí. Estiveron comentando as trabas que tiveron que superar, como foron facendo as cousas e o que hai agora pensado para o futuro. Vannos presentar o proxecto actualizado en pouco tempo e farán os actos administrativos pertinentes para darlle para diante”.

O alcalde burelés contou que “viñeron varios socios capitalistas

desta empresa e teñen previsto tratar de consumir a súa pretensión de montar aquí esa instalación e ten un orzamento de aproximadamente duns 40 ou 50 millóns de euros. Veremos a ver como se vai desenvolvendo todo isto e desde o Concello o único que faremos é tramitar o que nos corresponde, facer as cousas o mellor posible e facilitarlles o traballo administrativo necesario”.

Alfredo Llano fixo un balance positivo da xuntanza: “foi un encontro agradable en todos os aspectos, é xente que ten moito interese en implantarse en Burela e desde logo está buscando a forma para que sexa unha instalación da mellor maneira posible. En principio queren producir 3 millóns de quilos de salmón ao ano, aínda que as posibilidades futuras están analizándoseas”.

## As festas patronais de Burela serán do 2 ao 5 de xuño

As festas patronais de Burela celebraranse do 2 ao 5 de xuño e xa se saben as orquestras que amenizarán estes días de celebracións.

O venres 2 serán o Grupo Alkar e América de Vigo, o sábado 3, a orquestra La Favorita e Saudade; o domingo 4, a orquestra Pontevedra e El Combo Dominicano; e o luns 5, Ritmo Joven e a Panorama.

A comisión organizadora tamén comezou coa recollida de donativos polos negocios locais de hostelería e comercio. Ademais calquera persoa física tamén pode facer a súa aportación na conta de Abanca.

A concelleira de Festexos e presidenta da comisión organizadora, Toñi Eijo, explicou que “agradecemos todos os donativos, de calquera cantidade de diñeiro, porque supoñen



unha axuda para a recadación que necesitamos para poder incluír na programación todas as actividades que queremos organizar e non ter que suprimir algunhas por non dispoñer orzamento suficiente”.

Eijo considera que “a xente debe ter en conta que o prezo do alumado

para as festas sufriu unha suba moi grande e tamén o que cobran as orquestras. Todos os prezos soben e iso hai que telo en conta. As achegas do Concello, dos hostaleiros e dos comerciantes non son suficientes para facer unhas festas como as que houbo en Burela nos últimos anos”.

## O BNG insta aos grupos políticos á celebración dun debate electoral

Aproveitando a celebración do último Pleno ordinario deste mandato, previo ás eleccións municipais de maio o grupo municipal do BNG, mediante o seu voceiro, Mario Pillado Mon propuxo “a celebración dun debate electoral público, o debate que a veciñanza de Burela merece, despois de dúas citas electorais sen que se producira tal iniciativa”.

Pillado sinalou que “debido a falta de compromiso dos candidatos nunca se levou a cabo un coloquio deste tipo, algo que nos cremos é unha anomalía democrática, sobre todo, se comparamos cos concellos veciños”.

Según o nacionalista, “neste sentido cremos que as organizacións deben cambiar a súa actitude ata o de agora neste sentido e favorecer que o debate se produza, posto que pola nosa parte a dispoñibilidade sempre foi total pero tanto en 2015 como en 2019 foi imposible que se levara a cabo”.

O portavoz do BNG insistiu en que “sexa iniciativa municipal ou dun medio de comunicación para nós é vital que tal cita se celebre e instamos a todos os candidatos a participar”.

Para finalizar, Mario Pillado, explicou “semella difícil de explicar que en 2023 teñamos que facer este tipo de proposta porque nas anteriores citas non se deu, pero esa é unha parte do cambio que temos que dar ó noso concello, pode ser a primeira pedra dun futuro esperanzador para Burela”.

## Eu Son contará cunha impresora de fotocerámica no seu taller

A Deputación colaborará coa Fundación Eu Son na compra dunha impresora de fotocerámica para o obradoiro de cerámica do centro ocupacional da entidade, que comercializa as súas pezas coa marca Cerámica Eu Son. Coa adquisición deste equipo de impresión poderán completar no propio centro todo o proceso de elaboración das pezas, reducindo os tempos de entrega dos pedidos.

Ata agora, os calcos para plasmar os seus deseños nas pezas de cerámica teñen que encargalos fóra, o que dificulta atender encargos de pezas personalizadas para eventos ou actos institucionais, que supoñen unha parte importante da demanda.

O deputado de Artesanía e Deseño Efrén Castro lembrou que “nos últimos anos, desde o Centro de Artesanía e Deseño vimos ofre-

cendo directamente ou colaborando en diferentes iniciativas de formación en oficios vinculados á artesanía e ao deseño, actividades que ademais de xenerar un valor económico teñen unha gran carga cultural e social”.

A Fundación Eu Son é unha entidade sen ánimo de lucro dedicada a mellorar a calidade de vida de persoas adultas con discapacidade intelectual da comarca da Mariña e ás súas familias. Nas instalacións de Burela conta cun centro ocupacional -cun obradoiro de cerámica e outro de serigrafía- e cun centro de día.

Entre outras actividades culturais e de ocio, contan cun grupo de teatro que ven formando parte ano a ano do catálogo de grupos do circuito de teatro afeccionado organizado pola área de Cultura da Vicepresidencia.



**CABO VERDE.** O deputado nacional de Cabo Verde para a diáspora visitou o Concello burelés. Llano fixo un balance positivo do encontro: “o recibimento foi grato, como debe ser, e estivemos falando de Cabo Verde e de Burela, dos lazos que nos unen e de como pretendemos mellorar en todos os aspectos. Comentounos as preocupacións en torno aos emigrantes que viven en Burela e tamén informou de cómo está Cabo Verde”.


## Touriñán e Milladoiro visitarán a casa da cultura

O venres 14 de abril ás 20.30 horas Xosé Antonio Touriñán voltará á Casa da Cultura de Burela para representar o seu monólogo *Aquí Tou!*

O cullerdense fará un percorrido pola súa vida, dende a súa concepción nunha noite de San Xoán ata un posible epitafio. Momentos chave do seu camiño vital cos que, como galegxs, todos nos sentimos identificadxs. Mesturando realidade con ficción, tenrura e picardía, anécdotas propias e cultura popular galega, Touriñán lévanos da man pola súa vida cun monólogo no que conta e representa partes da súa vida e da serie de boas e malas decisións que, xunto cos feitos casuais, levárono a ser que hoxe é.

**MILLADOIRO.** O histórico grupo de folk Milladoiro dará un concerto na casa da cultura de Burela o sábado 13 de maio ás 20.30 horas con motivo do Día das Letras Galegas.

No mesmo presentará o seu último



disco *Atlántico* e fará un repaso polos seus mellores temas ao longo de décadas de existencia.

O concelleiro de Cultura, José Díaz, explicou que “levan máis de 40 anos, van para 50, nos escenarios recibindo moitos premios e galardóns, actuando en sitios moi ilustres e probablemente estamos #ante un dos grupos máis valorados a nivel internacional”.

## Amarte contará cos gañadores das edicións pasadas

O concelleiro de Cultura, José Díaz, traballa na organización da sétima e última edición de Amarte. Neste 2023 o certame non será en formato concurso, senón que Díaz convida a participar aos gañadores das edicións pasadas para que sexan eles os que pinten o último tramo do muro do peirao.

O edil burelés explicou que “a idea é que os gañadores das seis edicións que houbo veñan todos e pinten nesta última. Imos ver se é posible, eu creo que pode selo aínda que todos os que gañaron son artistas agora mesmo moi cotizados e con

cachés importantes, pero creo que lles pode facer ilusión pintar na última edición de Amarte”.

Díaz lembrou que “nas seis edicións anteriores houbo cinco gañadores porque un repetiu, pero tamén tiraremos dos máis premiados en xeral, os que levaron segundos premios e primeiros a nivel local para con todos eles facer esa final. Quedan nove paneis e a idea é que pinten oito e deixen un último mural en branco, quizais para pintar algo conmemorativo de todo o que foi o certame ou buscar outra idea”.

## O III Ribadeo Ilustrado será do 9 ao 11 de xuño



Do 9 ao 11 de xuño celebrarase o III Ribadeo Ilustrado. Os concelleiros de Turismo e Cultura, Pablo Vizoso e Pilar Otero, presentaron o cartel e contaron que “este ano o tema central ao redor do que xirarán as actividades será Ribadeo, porto comercial e corsario. Tentaremos explicar que estaba acontecendo en Ribadeo e na contorna, na primeira metade do século XVIII para emerxer unha figura coma a de Raimundo Ibáñez”.

Pablo Vizoso lembrou que “a Área de Turismo leva tempo traballando na conformación da marca Ribadeo Ilustrado, dotándoa de contido a través de proxectos como os micro vídeos teatralizados, as rutas 360, visitas guiadas, visitas

teatralizadas, e organizando no mes de xuño este evento que ano a ano vai medrando”.

O concelleiro de Turismo explicou que “así, esta edición pretende ser moito máis ambiciosa, formará parte do programa un ciclo de conferencias onde participarán historiadores como: Alberto Paraje, Xoán Carmona Badía, Xosé María Leal Boveda, Xoán Ramón Fernández Pacios, representacións musicais e teatrais nas que destacan formación como L’Unisoni, Maestrissima e Molto Barroco”.

E engadiu que “haberá tamén lugar para as representacións teatrais a cargo de diversas formación locais e foráneas e non faltarán actividades para as crianzas”.

## O PP di que “a actitude do BNG deixa ben claro que actúan por simple electoralismo”

A coordinadora de promoción local dos populares ribadenses, Marta Saiz, sinala que “a actitude deste goberno do BNG deixa ben claro que actúan por simple electoralismo”. Nese sentido, denuncia “catro anos de sesta permanente, catro anos a rebufo, catro anos prometendo sen ningún tipo de planificación nin de xestión. Só para facer que fan, pero sen feitos concretos”.

A popular pregúntase “cantas veces escoitamos prometer o arranxo das rúas peonís que, por certo, se converteron xa nun perigo para os peóns. Todo quedou en nada. Todo o anunciado quedou nun simple escudo que nin se ve”, afirma.

Saiz engade que “anunciaron e anuncian unha morea de inversións cando aínda non cumpriron o prometido fai tempo”. Falando

da estrada de Vilela, a popular cre que o arranxo debería “continuar ata Vilela co pavimento e co pintado”. Sobre a carretera que pasa por Arante e tamén a que pasa por Santalla, pregúntase por que o goberno local do BNG non lle esixe á Deputación o seu arranxo”.

A popular continúa a enumerar os incumprimentos do actual goberno: “o campo de fútbol de Outeiro na Devesa ou o hangar de piragüismo que da pena velo. Prometen e prometen, pero nada”. É tamén o caso da rúa Manuela Barreiro Pico; a rúa Rodríguez Murias en Rinlo; os lameiros que o goberno local decidiu chamar aparcadoiros pero que de aparcadoiros teñen moi pouco”. Saiz que asegura que “o Goberno do BNG acumula unha serie de promesas sen cumprir e aínda seguen prometendo”.

## Por Nuestro Faro pide ao alcalde ribadense que aplique a Lei

A asociación de veciños Por Nuestro Faro pide ao alcalde de Ribadeo que aplique a Lei tralo informe do Defensor del Pueblo recibido pola Asociación e polo alcalde o pasado mes de febreiro.

A queixa enviada ao Defensor por parte da Asociación tiña como orixe o procedemento administrativo seguido polo Concello de Ribadeo para aprobar a licenza de apertura da cafetería da Illa Pancha, sen ningún tipo de informe medioambiental.

Así, dixéronlle ao rexedor municipal “como lembrará o proxecto de cafetería foi aprobado pola Xunta de Goberno do Concello de Ribadeo o 19 de maio de 2020, ou sexa dentro do período de confinamento. E o día 20 de xullo, dentro do prazo legal, “o noso colectivo presentou un Recurso de Reposición en base ao argumento seguinte: se o proxecto inicial dos apartamen-



tos turísticos requería a realización dun Estudo de Impacto Ambiental Simplificado para avaliar a posible afección aos obxectivos de conservación da Rede Natura 2000 -e así foi admitido pola Autoridad Portuaria-, resultaba obvio que debería ser preceptiva a realización do devandito estudo diante dun novo proxecto de cafetería aberta ao público que multiplicaría os impac-

tos do proxecto inicial. Con todo o Concello de Ribadeo rexeitou o noso recurso”.

Todos estes extremos foron notificados ao Defensor del Pueblo que di que “os procedementos deben ser previos á autorización sustantiva; e tamén aos actos municipais de intervención, tanto no outorgamento de licenzas como de supervisión de comunicacións previas, de acordo con a lexislación urbanística”.

“Agora teñen, como temos nos, a evidencia documental e xurídica de que veñen mantendo un procedemento administrativo irregular, ou sexa fora da norma esixida, e que os dous proxectos de Apartamentos e Cafetería na Illa Pancha, desdoblados por unha decisión inxustificable, deberían ter sido sometidos ao preceptivo Estudo de Impacto que esixe a lexislación devandita”, di o colectivo.

## O Concello rehabilitará o Forte de San Damián

O Concello rehabilitará o Forte de San Damián. O investimento ascenderá a 150.000 euros.

A concelleira de Cultura, Pilar Otero, contou que “desde a súa rehabilitación nos anos 80 do século pasado o edificio foise deteriorando, sobre todo no que atinxe ás consecuencias das filtracións de auga, que foron prexudicando a carpintaría, o teito e as paredes, a pesar das necesarias accións de mantemento e acondicionamento anual que se veñen facendo de maneira habitual”.

A edil ribadense dixo que “esta intervención polo tanto suporá a necesaria rehabilitación deste edificio emblemático e posibilitará o seu uso como dotación cultural estable para o Concello de Ribadeo. Ata agora, economicamente só era factible a súa apertura dous meses no verán, aproveitando os eventos culturais (nomeadamente exposicións e concertos) que tiñan lugar alí. É preciso encetar unha nova etapa baseada na rehabilitación que converta o inmoble nun centro de interpretación para o futuro máis próximo. Precisamente, en 2024, celebraremos os 400 anos do forte e o Concello xa está inmerso na preparación de varias exposicións sucesivas que están destinadas a, despois do arranxo, ocuparen as salas do edificio”.

O edificio é un Ben de Interese Cultural desde 1949.

## Arrinca unha ampla axenda cultural no segundo trimestre

A axenda cultural do segundo trimestre deste 2023 arrinca estes días e contará con propostas que inclúen danza, teatro, actividades para as crianzas, Cultura nas Parroquias e tamén música. A cantante Sés presentará o seu novo disco en Ribadeo o 6 de maio.

Pilar Otero, concelleira de Cultura contou que “en canto á danza temos esta mesma fin de semana LAD Dance coa súa proposta *Qualia* e varios espectáculos de exhibición do alumnado desta sección da EMMed.

A Cultura nas Parroquias ten unha abundosa programación, con tres actuacións en escolas do mago Kiko Carrolo e do grupo As Cegas de Ouselle (voz, zanfona e acordeón) noutras tres. Falando de teatro propoñemos dous eventos de grande calidade. A compañía argentina El Vacío Fértil representará *El virus de la violencia*, e A Panadaria trae o espectáculo gañador dos Premios María Casares, *As que limpan*”.

Otero indicou que “no que toca á programación para público infantil a través do programa Apego hai un espectáculo de cabaré para crianzas, en exterior, a cargo da compañía de



Nelson Quinteiro; unha saída á praia para recoller e traballar con refugallo e que ten o nome de *Na procura das bágoas das sereas* e a participación na actividade Os anos que achegan. A festa da primavera, unha idea de participación interxeneracional, co idioma galego como fio condutor, e que involucra nenas e nenos da escola infantil de Ribadeo, dos dous colexios de primaria e de ciclos do CIPP Porta da Auga”.

Na parte do audiovisual Andrés López presentará o esperado documental sobre Yuma e Miguel Monteavaro o espectáculo en galego do EoNavia, *Orion*.

## As Vacas Fracas pintará un mural na Ponte dos Santos

O colectivo ribadense As Vacas Fracas pintará un mural no piar da Ponte dos Santos, que está situado no paseo do Faro. Trátase dun proxecto das Concellarías de Cultura e Obras, que persegue mellorar a estética de toda esa zona. A edil de Cultura, Pilar Otero, contou que “desde as Concellarías de Cultura e de Obras comezamos a traballar xa hai varios meses na mellora estética desta zona. Inicialmente encomendouse o pintado dos pretís situados no paseo ao carón da agora encargámoslles de novo ao colectivo ribadense As Vacas Fracas a proposta dun mural para continuar con este cometido”. A súa proposta pretende ser unha representación figurativa de cómo o factor humano se relaciona e



está estreitamente vinculado ao espazo e á natureza. Pola súa banda desde As Vacas Fracas sinalaron que “nesta proposta enfatizamos a importancia da natureza e dos nosos ecosistemas como piar do camiño de Santiago. Un recordatorio de que podemos disfrutar dos nosos bosques no camiño sen deixar a nosa pegada neles”.

## Chega a nova iniciativa baseada no turismo xeolóxico de inverno

Á Área de Turismo pon en marcha unha nova iniciativa baseada no turismo xeolóxico de inverno. Trátase de Mareas Vivas nas Catedrais. Haberá tres días ao mes para realizar visitas guiadas ao areal da man dun xeólogo experto. As primeiras datas foron en marzo e seguirán o 19, 20 e 21 de abril, segundo deu a coñecer o concelleiro de Desenvolvemento Local e Turismo, Pablo Vizoso.

Ademais, para completar a experiencia contarán cunha rede de aloxamentos que proporcionan un 10% de desconto na estancia en caso de presentar a reserva directa da actividade. A relación dos aloxamentos adheridos así como os horarios destas experiencias poden



atoparse en [mareascatedrais.ribadeo.gal](http://mareascatedrais.ribadeo.gal) ou en [turismo.ribadeo.gal](http://turismo.ribadeo.gal) na sección de momentos. Aquelas persoas que queiran obter máis información poden dirixirse tamén ao teléfono da oficina de turismo de Ribadeo que é o 982 128 689.

## O Ribadeo de Tapeo terá lugar do 13 ao 21 de maio

O Concello ven de presentar as bases do concurso gastronómico Ribadeo de Tapeo, que chega á súa décimo sexta edición e que terá lugar do 13 ao 21 de maio. O prazo de inscrición para os establecementos remata o 14 de abril. Do mesmo xeito que na edición anterior contarán cunha fase previa. É dicir, as semanas previas un/unha cocifeiro/a especializado na materia degustará e revisará as tapas presentadas ao concurso. Este fase terá simplemente un carácter de intercambio de impresións entre profesionais en relación coa elaboración e presentación das tapas.

A concelleira de Cultura, Pilar Otero, referiuse á selección e aos premios do xurado: “a estes premios concorrerán todos os establecementos inscritos no concurso. A organización reservase a posibilidade de realizar dúas quendas de selección. Unha primeira onde se escollerán os establecementos finalistas e outra quenda onde se escollerán os premiados”. Otero Cabarcos indicou que “os premios do público, como en edición anteriores, concorrerán todos os establecementos inscritos no concurso e os gañadores serán elixidos polo público. O prezo da tapa será de 2,50 euros”.

## Segue a programación anual da EMMed e as audicións

A Escola Municipal de Música de Danza continúa coa programación anual a través das clásicas audicións que xa deron comezo en marzo, e rematarán o 1 de xuño. Hugo García, responsable do centro, explica que “cada curso escolar impulsamos unha serie de audicións das diferentes disciplinas que ofrece o centro nas que participa boa parte do alumnado da Escola. Tanto para o alumnado como para as familias cremos que é un momento especial, de poñer en valor o traballo feito dentro da aula”.

Ata o mes de xuño, a EMMed de Ribadeo ten programadas un total de dez audicións, dirixidas a toda a cidadanía. A audición de vento madeira e a de percusión xa foron, e continuarán a de vento metal (19 de abril – Teatro), acordeón (26 de abril – Escola), danza (28 de abril – Auditorio), corda frotada (5 de maio – Escola), guitarra (10 de maio – Teatro), piano (11 de maio – Auditorio), música tradicional (18 de maio – Teatro) e canto (1 de xuño – Escola). Todas as actividades serán ás 20.00 horas e abertas ao público ata completar aforo.

### BREVES

**ILLA PANCHA FESTIVAL.** A Comisión de festas de Ribadeo anunciou nas súas redes sociais que xa está a preparar para o 30 de xuño o II Pancha Festival. Así, anunciaron que contarán coa presentación oficial da tempada 2023 da gran orquestra La Misión. O ano pasado contaron coa Panorama como cabeza de cartel e os DJ Marcos Peón e David Expósito, así que este ano previsiblemente o seu espectáculo musical fará as delicias dos veciños. Nos próximos días iranase anunciando máis novidades a través das redes sociais da Comisión de festas de Ribadeo.

**REMOURELLE.** Os xinetes de Remourelle, de Ribadeo, organizan para o 6 de maio a XI Ruta Caballar. A xornada dará comezo pola mañá, ás 10.30 horas, coa recepción dos participantes para máis tarde das saída a ruta e ao xantar. Para o xantar haberá que mercar os tiquets aos compoñentes da directiva antes do 4 de maio, 659 629 417, 636 864 132 e 676 770 918. A organización lembra que haberá agasallos e moitas sorpresas durante o xantar a tamén poderase desfrutar dunha actuación de Sandra.

**AMADORES DA MÚSICA.** A asociación ribadense Amadores da Música, que preside Elisa Álvarez Amor, convoca asemblea xeral ordinaria de socios para o día 22 de abril, sábado, no salón de actos da Casa do Mar, de Ribadeo. Está fixada para as 20.00 horas en primeira convocatoria e media hora despois en segunda. A orde do día inclúe os seguintes puntos: lectura e aprobación, se procede, da acta da asemblea anterior; estado de contas da asociación; informe de actividades desenvolvidas; informe do director da Banda; preguntas e suxestións.



# IV Festa Gastronómica da Enfariñada

**TRABADA**

**DOMINGO 7 DE MAIO**

»» Cuarteto Seimeiro  
12:00

»» Airiños da Freba  
13:30

»» Luar na Lubre  
16:00

Mercado de produtos locais de proximidade.

»»»» A partir das 12:00,  
na praza do Concello.





[www.turismo.trabada.gal](http://www.turismo.trabada.gal)



## ourol

## Volve o Ourol Saudable que se centrará nos nenos

O Concello de Ourol a través do Centro de Fisioterapia de Ourol e en colaboración coa Biblioteca Municipal organiza a II Edición do Ourol Saudable.

Nesta ocasión centraranse nos máis pequenos da casa para os que a hora de comer, en moitos casos, é unha hora complicada. A correcta xestión deste momento é moi importante para o desenvolvemento da correcta saúde do neno ou nena.

Neste obradoiro aprenderemos a diferenza entre O meu neno non come e O meu neno non quere comer. É un obradoiro destinado a pais, nais, futuros pais e nais e todas as persoas que teñan nenos/as a seu cargo e será o 13 de abril ás 18.00



horas no edificio multiusos de Ourol.

Para participar será necesario a previa inscrición no enlace ou chamar ao teléfono 982 559 019.

## Os Aturuxeiros de Bravos prepararan o peche de tempada cun xantar

A Asociación Cultural Aturuxeiros de Bravos están a preparar o peche de tempada de actividades. Para elo celebrarán un xantar o 16 de abril ás 14.00 horas no seu local social.

Para asistir haberá que reservar mandando un Whatsapp ao 605 088 719 antes do 11 de abril. O resto de actividades son de balde e ademais contarán cun sorteo e pinchos ao remate.



## O actual voceiro do PP, José Hermida, será de novo o candidato á Alcaldía

O empresario José Hermida Corbelle é de novo o candidato do PP á alcaldía de Ourol. O aspirante popular e actual portavoz municipal, deixou claro que asume o reto con toda responsabilidade e ilusión e co desexo de pilotar un goberno que saque a Ourol "do estancamento no que o meteu o actual equipo de goberno; é preciso traballar con eficacia".

Hermida lembra que "no seu momento, o PP transformou este concello e o que fixo o goberno local actual foi vivir de rendas e carecer de iniciativas propias".

O candidato popular di que entre os seus obxectivos está o de mellorar as infraestruturas viarias. Por un lado, "hai que levar a cabo un mantemento de calidade das estradas municipais, porque tal como se está facendo é de moi curta duración e os firmes están sempre cheos de fochancas". Na mesma liña, apunta a posibilidade de abrir novas pistas forestais, dada a importancia que ten o sector forestal no concello. En canto a outro tipo de infraestruturas, Hermida sinala que "hai que avanzar en levar a traída de auga aos núcleos que aínda non teñen".

## trabada

## A nova zona deportiva xa conta cunha tirolina

A nova zona deportiva de Trabada xa conta cunha tirolina. Así os pequenos poderán desfrutar dun novo e divertido xogo.

Mara, a primeira nena en estrenala, foi quen lles fixo a proposta que dende o Goberno municipal atenderon e foi ela mesma a primeira nena do colexio en probala. "Agardamos que as familias disfruten moito nesta zona que pouco a pouco sumará máis dotacións, xunto á parcela de o lado que recentemente desbrozou o persoal do obradoiro do Concello e que tan ben quedou", din dende o Concello.

Así mesmo, Mara aproveitou para pedir a colaboración co colexio para que a fonte que hai no patio soamente bote auga cando se utilice.



A pista multideporte está no CEIP Plurilingüe Celso Currás, e permite a práctica de varias modalidades deportivas no mesmo espazo, unha zona multixogo e polifuncional para nenos e nenas de todas as idades.



**TURISMO.** A asociación Mariña Patrimonio realizou unha visita guiada ao patrimonio de Trabada. Unha visita na que participaron preto de 20 persoas e visitaron o museo etnográfico Xosé Rocha, onde Manuel Anllo, técnico de turismo de Trabada, guiounos pola súa historia e múltiples pezas; coñeceron as igrexas de Santiago de Vilapena e San Xíao de Sante, o Marco de Pena Verde, a Mámoa das Pallaregas e a Casa do Cura en Vilafernando, que alberga a exposición e obradoiro de Lucía Catuxo.

## José María Fernández será de novo o candidato do PP

O gandeiro José María Fernández Vázquez será de novo o candidato do PP á alcaldía de Trabada. Fernández ten moi claro que, se chega á Alcaldía, fará do Concello unha institución transparente e de concordia, tanto en relación aos veciños como ás outras administracións. Neste sentido di que se preside o próximo Goberno local cambiarán os modos e acabaráse a falta de eficacia na xestión dos asuntos municipais. Fernández está casado, ten un fillo e é un namorado do seu concello, a cuxa alcaldía -di- optará coa máxima responsabilidade, con humildade e coa decisión de servir con eficiencia aos seus veciños".

José María Fernández sinala que



o traballo nos distintos campos de xestión ten que ir enfocado, transversalmente, á loita contra o despoboamento, a xerar condicións que animen a mozos e mozas a quedarse neste concello e atraer novos veciños.



## A IV Festa da Enfariñada contará co concerto de Luar na Lubre

O domingo 7 de maio o Concello de Trabada terá unha das súas importantes celebracións, a Festa Gastronómica da Enfariñada.

Esta cita, que chega a súa cuarta edición, dará comezo ás 12.00 horas haberá pasarrúas a cargo do Cuarteto Seimeiro, acto seguido, ás 13.30 horas, será a queda de Airiños da Freba, e xa pola tarde ás 16.00 horas, será a actuación de Luar na Lubre.

Durante a xornada os asistentes desfrutarán dun mercado de produtos locais de proximidade e por suposto do protagonista da cita, a enfariñada. Os asistentes poderán degustalo tal e como facían as avoas trabadenses lentamente e co cariño, desde ás 12.00 horas na praza do Concello. Este prato tradicional está elaborado con torreznos, ovos, fariña e auga.

## O Concello embelecerá o acceso á ruta de sendeirismo da Fraga de Vilapena

O Concello quere embelecer o acceso á ruta de sendeirismo da Fraga de Vilapena. Isto farase posible grazas a unha axuda a concellos de ata 10.000 habitantes para actuacións de mellora das súas infraestruturas turísticas.

A subvención permitirá poñer en valor un espazo moi transitado, tanto polos veciños da parroquia da Vilapena como polos visitantes e amantes do sendeirismo. É unha das cinco rutas que se poden facer no Concello de Trabada.

Estas rutas de sendeirismo son moi importantes, xa que contribúen a desestacionalizar o turismo e dinamizan a economía local. Con esta actuación mellorarase un tramo dun quilómetro no acceso á ruta, xa que debido ás talas de madeira está en mal estado, e habilitarase unha zona de aparcadoiro.



## Entregados os premios dos campionatos de tute e parchís

O Concello de Cervo preparou unha axenda cargada de eventos para celebrar o Día Internacional da Muller desde o venres 10, e durante toda a fin de semana.

Así, o sábado 11 tivo lugar a xa tradicional cea do Día Internacional da Muller, no restaurante O Noso Lar e que contou coa participación dun cento de mulleres do municipio.

Na cea fíxose entrega dos trofeos ás gañadoras dos campionatos de tute e parchís que se estiveron a xogar dende o mes de xaneiro, así como un sorteo de agasallos cedido polas asociacións. Tamén houbo un detalle para cada unha das asistentes confeccionado pola asociación de Saúde Mental A Mariña, unha bolsa de tea ilustrada con mulleres que mar-



caron a historia de Galicia e unhas galletas mariñas elaboradas por esta asociación.

A xornada rematou con baile na Casa do Mar, a cargo do Dúo Estrellas. As parellas gañadoras do campionato de parchís foron Pilar Prieto e María José González, en segundo lugar Pi-

lar Gallego e Villa Gallego e en terceira posición Toñita Casas e Toñita Mon.

No relativo ao tute, as parellas gañadoras foron Gema Deán e Pilar Prieto, a segunda Lidia Pernas e Adeli Fernández e a terceira Mari Luz Fernández e Olga Castro.

## As inmediacións das instalacións Bidueira xa contan cunha pista ecuestre

O Concello vén de rematar os traballos de creación da pista ecuestre nas inmediacións das instalacións deportivas da Bidueira.

O rexedor, Alfonso Villares, e o edil de Deportes, David Rodríguez, achegáronse ata a zona para comprobar in situ o resultado da actuación acompañados por un grupo de mozos/as do municipio afeccionados ao mundo cabalar “porque esta iniciativa naceu da comunicación con eles, xa que hai unha gran tradición en Cervo”, precisou Villares quen engadiu que así, “tamén conseguimos crear un espazo apto e seguro para a equitación dentro do noso concello”. A realización desta pista, que supuxo un orzamento de máis de 40.000 euros procedentes de fondos municipais, é xa unha realidade grazas á sinatura dun convenio por parte da Comunidade de Montes e o ente municipal, no que a Comunidade cede os terreos para a súa construción e o Concello aporta a financiación pertinente.

Con este novo proxecto búscase retomar a actividade nas instalacións da Bidueira, antigo campo de fútbol da S.D. Cervo -Sargadelos que quedaron abandonadas. Coa creación desta pista ao seu carón, podería ser sede de campionatos e diferentes tipos de encontros cabalares.

## Nova edición da Foliada de Cervo e a Feira de artesanía e alimentación de maio

O grupo Fol do Raxal, Acr Fervenza de Sargadelos e Marmeladas A Morena organizan unha nova edición da Foliada de Cervo e a Feira de artesanía e alimentación que será o 6 de maio.

A mediodía haberá pasabares de 12.00 a 14.00 horas para facer desfrutar aos visitantes así como unhas deliciosas tapas nos bares cun prezo que rondará os 3 euros.

Despois será a quenda da sesión vermú a cargo do grupo mariñán Tumba e Dalle a partir das 14.30 horas na praza do Souto; que dará paso á ludoteca para os cativos que contará con xogos tradicionais da man de Xogando coas nubes, de 16.00 a 18.00; e xa a partir das 17.00 terá lugar o obradoiro de baile tradicional con Xabier Espasandín.

Xa arredor das 19.00 horas comezará a esperada foliada e ás 22.30 horas será o concerto de Tiruleque. Máis tarde farase un sorteo con produtos ofrecidos pola veciñanza e colaboradores, e por último pecharán a festa cunha queimada.

A organización xa foi debullan-



do os obradoiro, e contarán cun de construción de pandeiratas a cargo de Sanín e que será de 10.00 a 14.00 horas. Para anotarse será necesario chamar ao 678 957 554 ou escribir a fervenzadesargadelos@gmail.com antes do 16 de abril. Ten un prezo de 40 euros.

Na praza do Souto de 12.00 a 20.00 horas ramén será a feira de artesanía e alimentación que contará con produtos artesanais situados en stands de madeira.

Para asistir á feira con posto ou con grupo será necesaria a inscrición chamando ao teléfono 649 130 873.

## Traballo ao carón dos apicultores contra a praga da velutina



O equipo de Goberno local mantivo un novo encontro coas persoas apicultoras do municipio no que lles fixeron entrega de produto atraínte co que elaboran as trampas para capturar as raíñas “durante a primavera, que está demostrado que é o momento para facelo”.

O Goberno local lembra que o Concello estivo sempre en todo momento ao carón dos apicultores co obxectivo de tentar frear a expansión da velutina “de feito desde o ano 2017 entregamos con carácter periódico este líquido para que eles mesmos confec-

cionen as súas trampas; xa que, tal e como confirmaron é o que lles resulta eficiente para ir capturando as raíñas” a fin de tentar reducir a formación de niños neste tempo.

Así, sinalaron que a nosa intención é seguir “traballando coordinadamente con eles para afrontar esta problemática, tal e como vimos facendo desde que temos constancia da presenza da velutina no noso municipio tentando minimizar o impacto desta especie invasora para protexer, na medida das nosas posibilidades, o seu traballo e o das súas abellas”.

## O 1 de maio será o XXXVII Día do Xubilado de Cervo

O Concello de Cervo celebrará o vindeiro 1 de maio unha nova edición do Día do Xubilado, e que nesta ocasión chega a súa trixésimo sétima edición.

Para poder participar nesta celebración é imprescindible ser

pensionista, poder valerse por si mesmo e estar empadroado no Concello de Cervo.

Para anotarse será necesario achegarse ata a casa do Concello ou á casa da cultura de San Cibrao antes do 20 de abril.



**XX CONCURSO GASTRONÓMICO DO OURIZO.** A localidade de San Cibrao acolleu o XX Concurso Gastronómico do ourizo con motivo da vindeira edición da Festa do Ourizo de Cervo, unha cita gastronómica declarada de Interese Turístico Galego que será o sábado 25 de marzo. Así, A Bodega e o seu prato Ourizo sobre terra conseguiu o primeiro premio dun vale de 90 euros e unha figura conmemorativa, e o segundo premio, dun vale de 60 euros e unha figura conmemorativa, tamén recaeu na Bodega con Perla en cristal de Ourizo. O terceiro premio, dun vale de 30 euros e unha figura conmemorativa, foi para Las Titas e o seu prato Patacones.

## En marcha a campaña de visitas guiadas á cova do Rei Cintolo

O Concello, coa colaboración da Federación Galega de Espeleoloxía, acaba de poñer en marcha a campaña de visitas guiadas á cova do Rei Cintolo do ano 2023.

No presente ano as visitas comezan sendo de fin de semana: os venres, sábados e domingos, ás 12.00 e ás 17.00 horas pasando a engadirse un grupo máis a partir do mes de abril, ás 18.30 horas

As visitas turísticas lévanse a cabo na Galería Central da cova sobre un percorrido de 300m que supón unha visita, dentro da cavidade, de 1h e 15 minutos aproximadamente. Pídese, para poder facer as mesmas, unha forma física normal, isto é, non ter problemas de mobilidade, lesións ou problemas cardiorespiratorios. Tamén é preciso facer reserva previa no teléfono da Oficina de Turismo de Mondoñedo 982 507 177.

É obrigado levar calzado cerrado con fondo de goma que evite esvaróns e recoméndase traer roupa que non importe manchar así



como unha muda para despois da visita.

A idade mínima para entrar na cavidade é a partir dos 11 anos e o prezo da visita é de 15€/persoa.

A novidade do presente ano é que, tras a boa acollida do pasado ano, aumentan o número de días nos que se poderá facer visitas á zona do río. Un percorrido máis longo e complexo destinado a persoas cun nivel físico superior.

## Mondoñedo será sede dun polo de emprendemento e de apoio ao emprego

A conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, María Jesús Lorenzana, inaugurou un novo Polo de emprendemento e apoio ao emprego, que se emprazará en Mondoñedo, e que desde mañá prestará servizo aos 15 concellos das comarcas A Mariña Central, Occidental e Oriental. Lorenzana puxo en valor esta nova oficina de asesoramento personalizado e permanente ás persoas emprendedoras, xa que explicou que o tecido autónomo na Mariña Lucense é “unha forza tractora da comarca”, tal e como o reflicten os datos: as 6.878 persoas traballadoras autónomas desta zona representan o 32,8% da provincia de Lugo.

A titular de Promoción do Emprego sinalou que con este novo polo aumentarase a cobertura da Rede a case o 70% do territorio e lembrou que o obxectivo é que antes de que remate 2023 se amplíe ata o 100% coa posta en marcha de 15 polos. Na provincia de Lugo haberá un total de cinco: ao da Mariña sumánselle o de Monforte de Lemos, o de Fonsagrada, Friol e o da cidade de Lugo.

Para rematar, recordou que a Rede de polos de emprendemento e apoio ao emprego é unha iniciativa que forma parte de Xempre Contigo, a nova estratexia de emprego.



## Esixen a execución da sentenza de anulación da licenza do parque eólico de Sasdónigas

O colectivo Afectadas polas Sasdónigas, asistido xuridicamente pola Asociación Galega de Consumidores e Usuarios, Acouga, vén de presentar perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia unha reclamación para a execución forzosa da sentenza que anulou a licenza de actividade do parque eólico construído pola empresa Norvento nesa zona do municipio lucense de Mondoñedo.

O avogado Borxa Colmenero, do despacho Pérez-Lema, explicou que a vía xudicial se emprende ante a “insólita” pasividade da administración autonómica á hora de acatar e dar cumprimento á unha resolución xudicial firme desde de-

cembro pasado.

**DANOS IRREPARABLES.** O coordinador de Acouga, Manuel Germaide, lembrou o “dano irreparable” provocado polos oito muiños, a subestación eléctrica e as vías de evacuación do parque e unha turbeira que conta con protección da Unión Europea, ademais de sobre o conxunto paisaxístico da zona. Afirmou que Xunta e o Concello de Mondoñedo “actuaron contra os lexítimos intereses cidadáns en fase xudicial, deixándonos desleixados e cunha sensación de asoballamento por parte das dúas administracións”.

## Volven en xuño as XVI Xornadas do Peregrino Abrindo camiño

As XVI Xornadas do Peregrino Abrindo camiño, organizadas pola asociación homónima, a celebrarse en Mondoñedo e Santaballa-Vilalba entre o 30 de xuño e 2 de xullo, analizarán diferentes aspectos do fenómeno xacobeo en Europa e América e da emigración galega en Cuba.

O programa inclúe asemade unha homenaxe a Andrea López Chao, mestra, pioneira na tarefa de protección das mulleres e impulsora, entre outras actividades feministas, da Sociedade “Hijas de Galicia” (1917) e do I Congreso da Muller (1923) en La Habana.

As xornadas comezarán o 30 de xuño ás 17.00 horas no auditorio Pascual Veiga de Mondoñedo coa inauguración da exposición *O soño cubano da emigración galega* cedida polo Consello da Cultura Galega. A temática dos camiños de Santiago será analizada nas mesas-



coloquio *O Camiño de Santiago. Itinerario cultural e dinamizador socioeconómico internacional e Os Camiños -e Santiago- en América: mito, toponimia e representacións. Presenza e tradición de Santiago en La Habana.*

O mundo da emigración será abordado na mesa *Emigración en Cuba. O Centro Galego de La Habana e a súa interrelación con Galicia: a bandeira, o himno e a Real Acade-*

*mía Galega.* Reflexionarase tamén sobre o legado das asociacións de instrución habaneras e bonaerenses nunha sesión prevista na Escola Habanera de Santaballa-Vilalba.

**ANDREA LÓPEZ CHAO.** Cómpre destacar asimesmo a homenaxe que se lle renderá á memoria da mestra mindoniense Andrea López Chao e ó seu labor docente, sociario e feminista desenvolvido en La Habana, a onde emigrara en 1904. Ela foi, entre outros logros, artífice da creación do Hospital e Balneario para asistencia das mulleres emigradas, en dificultades ou en situación de exclusión social.

Entre outros actos figura, o 1 de xullo ás 11.00 horas, a mesa-coloquio *Andrea López Chao e a influencia doutras mulleres da época no seu labor na emigración: Rosalía de Castro, Emilia Pardo Bazán e Concepción Arenal.*

## O PSOE advirte “que as contas do Concello non saen, e que gastan máis do que ingresan”

A voceira socialista de Mondoñedo, Esperanza González advertiu que as contas do Concello precisan máis contención de gasto. Así se evidenciou na Comisión de Contas, celebrada na pasada semana, na que se constatou que o Concello “non saen, xa que gasta máis do que ingresa”, unha situación nada favorable para as arcas municipais.

Ademais tamén hai que puntualizar que o Goberno do PP aprobou unha novo expediente de modificación extraxudicial de crédito, “unha práctica habitual do goberno municipal coa que comprobamos que o Concello xa non dispón de partidas orzamentarias para diversos gastos ordinarios, e só estamos no mes de abril”. Por este motivo a secretaria do Concello puntualiza nas observacións do seu informe, como ben facendo habitualmente, “que non sabe si este gasto vai afectar a estabilidade orzamentaria do Concello”.

**PRAZA DA CATEDRAL.** O grupo socialista, tamén se interesou, unha vez máis, polo remate das obras da Praza da Catedral. “Comezaron hai fai máis dun ano e seguen sen rematarse, algo inaudito”. Ade-



mais sinalan que cada día “reciben máis críticas da veciñanza, que esta alarmada de ver este espazo da Catedral en estado de abandono”.

**RÍO VALIÑADARES.** Tamén emprazou ao Concello a colaborar coas administracións competentes, “para devolverlle a auga á canle do río Valiñadares, xa que está sen auga dende fai tempo”. “O Barrio dos Muiños é un dos emblemas de Mondoñedo, pero dende fai tempo sofre problemas co caudal do río, que non se da arranxado”.

## O Concello creará dúas bibliotecas rurais nas parroquias do interior

En marcha un novo proxecto de dinamización e promoción da lectura a través da creación ou adaptación de dous espazos públicos nos que a veciñanza poida desfrutar da lectura de forma activa, individual e/ou colectivamente. O proxecto consistirá en acondicionar dous espazos en locais municipais existentes para dotalos dunha pequena biblioteca e do material necesario para poder levar a cabo actividades e proxectos relacionados coa lectura.

**LIBROS.** O Concello iniciou a campaña de recollida de libros usados cos que se dotarán as dúas bibliotecas rurais en cuxa posta en marcha xa traballan. A campaña promóvese baixo os lemas 'Non deixes morrer os teus libros. Dalles unha segunda vida. Dónaos!'

Os libros poderán ser entregados no espazo habilitado nas oficinas municipais ou ben na biblioteca municipal no seu horario de apertura e deberán estar en boas condicións de conservación, non atoparse rotos, sucios, danados ou con anotacións.



Tamén se recollerán documentos audiovisuais en formatos CD ou DVD. O prazo para facer estas doazóns rematará o 31 de xullo, xa que con posterioridade á doazón, o material debe ser catalogado polo persoal do obradoiro, xunto ás novas adquisicións que se realizarán para pasar a formar parte das bibliotecas rurais. Estas bibliotecas ubicaranse en Vilamartín Grande e San Xusto, tras o período aberto para que as asociacións amosaran o seu interese en acoller a iniciativa e en colaborar no seu desenvolvemento posterior.

## En marcha un novo programa dirixido ás familias de persoas dependentes

As familias de persoas dependentes do concello de Barreiros contarán cun novo programa co que se pretende dar ferramentas e coñecementos para as persoas que teñen que coidar das mesmas de xeito non profesional.

Así, pónense en marcha una serie de charlas e talleres nos que se oferta un servizo de apoio a todas aquelas familias cuidadoras de persoas maiores en situación de dependencia e a persoas maiores que vivan soas.

A primeira das xornadas xa tivo lugar en marzo, e nela desenvolveronse talleres que abarcaron aspectos como a xestión das emocións e sentimentos, o consumo abusivo de fármacos e os recursos aos que as persoas cuidadoras poden acudir en busca de información e axuda. Esta iniciativa ten prevista unha duración de cinco meses, durante os que se tentará extender a iniciativa noutras parro-



quias, en función da demanda que poida existir; segundo explicou a concelleira de Servizos Sociais, Carmen Veiga. As persoas interesadas en participar nos talleres poden inscribirse na seguinte dirección de correo electrónico ou números de teléfono: [coidandoacuidador@outlook.com](mailto:coidandoacuidador@outlook.com) ou chamando aos teléfonos 672 279 169 (Vanessa Vilar) ou 637 888 162 (Patricia Ladra).

## Licitadas as obras de renovación da cuberta do pavillón

O Concello vén de iniciar o procedemento de licitación das obras para renovar a cuberta do pavillón municipal, cuxo importe ascende a máis de 139.000 euros. As ofertas poderán presentarse por medio da plataforma de contratos ata o 18 de abril. Ademais destas obras, o Goberno municipal prevé a substitución das luminarias, para o que teñen solicitada unha axuda de mellora da eficiencia enerxética.

A alcaldesa agarda que nesta ocasión Barreiros poida ser beneficiario desta axuda correspondente ao Fondo adicional de Cooperación Local, para poder realizar as obras necesarias nunha soa vez e deste xeito deixar esta instalación deportiva, moi utilizada para distintos usos, renovada para os vindeiros anos.

O concelleiro de Dinamización, dentro da que se inclúen as actividades deportivas, Dani García; amosa a súa satisfacción por ser quen de xestionar esta cantidade de fondos para instalacións deportivas nun concello de pouco máis de 3000 habitantes, que nos permitirá contar cunhas instalacións renovadas e dignas para a celebración de actividades e eventos deportivos en Barreiros.

## O Concello celebrará dous obradoiros de RCP

O Concello de Barreiros pon en marcha a celebración de dous obradoiros de reanimación cardiopulmonar, máis coñecida como RCP, para as crianzas dos dous centros escolares do municipio. Esta actividade encádrase dentro do programa + Saúde Barreiros, dando así continuidade aos obradoiros sobre esta materia realizados o pasado verán nos campamentos estivais.

A alcaldesa, Ana Ermida, manifesta a "importancia de contar con este tipo de formación para as crianzas, xa que iniciar estes coñecementos a idades temperás é fundamental para a súa interiorización e contribuír á diminución de mortes na sociedade grazas ao coñecemento de técnicas básicas de RCP."

Montse Porteiro, Concelleira de Educación e Saúde Pública resalta "a importancia de que as crianzas non só coñezan, senón que reforcen tamén os coñecementos adquiridos" nunha materia que, ao seu xuízo, "debería formar parte das materias que

desde a Consellería de Educación se inclúen nos plans formativos das crianzas".

Porteiro explicou que "os obradoiros están pensados para as crianzas máis pequenas, polo que o seu desenvolvemento será moi sinxelo, reforzando con música e cancións moi coñecidas as técnicas básicas de masaxe cardíaca, ao tempo que se ensina a distinguir situacións de perigo real para a vida da persoa e os recursos dos que dispoñemos para avisar e activar unha alerta".

O primeiro dos obradoiros terá lugar no CEIP de San Miguel de Reinante o día 24 de marzo, a partir das 10 horas. A data para o CEIP de San Cosme será o día 12 de abril.

Para impartir esta formación o Concello de Barreiros contactou con Estefanía Castro, Lucía Fraga e Elsa Fernández; enfermeiras traballadoras do Hospital de Burela; ás que agradecen a colaboración e a disposición para os mesmos

## Adxudicada a obra da zona de ocio de San Cosme

A Xunta de Goberno Local de Barreiros adxudicou a obra para a fase de humanización do espazo no que se está a crear unha zona de ocio e xogos en San Cosme. En dita zona, na que xa está instalada unha pista multideporte e unha zona de compostaxe comunitaria, realizaranse nesta fase as labores para dotar a zona de alumeadado, de beirarrúas e elementos de seguridade viaria para os peóns, especialmente nos accesos ao centro escolar. Ademais, inclúese a colocación de mobiliario coma bancos e mesas, aparcabiscis e papeleiras.

A alcaldesa, Ana Ermida, explica que "esta segunda intervención que se realiza nese espazo é o paso previo para a colocación dos xogos que rematen por converter a zona que ata hai tres anos era residual, nun espazo integrado no entorno e ao servizo de nenas, nenos e mocidade dunha idade máis avanzada que aos que se dirixe o parque existente na praza das vivendas sociais."

Ermida avanza que están traballando xa nun novo convenio coa área de mocidade da Deputación para poder realizar esa última fase.

## Volve a festa a Vilamartín Pequeno en xuño

A parroquia de Vilamartín Pequeno de Barreiros está de festa o 16 e 17 de xuño coas Festas na honra a San Xoán Degolado.

O día grande será o 16 de xuño, coa verbena co Combo Dominicano e Os Satélites e os asisten-

tes poderán degustar churrasco gratis. E xa, na xornada do 17 celebrarase a segunda edición da festa do requeixo, con comida ao mediodía e sesión vermú co grupo Lume.

## A Fundación ONCE forma persoas con discapacidade para o sector servizos

A Fundación ONCE, a través da Asociación Inserta Empleo; especializada na inserción laboral das persoas con discapacidade, e en colaboración co Concello de Barreiros puxo en marcha un curso de limpeza de interior de inmobles ao que asisten once persoas con discapacidade.

Esta acción formativa, que se está a impartir na aula CeMIT de Barreiros, ten unha duración de 80 horas divididas en dúas partes: unha teórica de 60 horas e outra práctica 20 horas.

Inserta Empleo continúa así como a entidade de recursos humanos da Fundación ONCE, especializada na inserción laboral das persoas con discapacidade, desenvolvendo estratexias en materia de integración social orientadas a posicionar ás persoas con discapacidade en igualdade de condicións con respecto ao resto de cidadáns, para garantir os mesmos dereitos e o acceso aos mesmos servizos.

Grazas a estas accións, a veciñanza pode recibir destrezas profesionais que lles permitirán desenvolver aptitudes e habilidades persoais.

## lourenzá

## Del Riego será o tema dunha audioguía e seis visitas culturais

A Mancomunidade colabora co Concello e coa Mesa Coordinadora Don Paco no programa cultural que organizan polo Día das Letras Galegas, dedicado neste 2023 a Francisco Fernández del Riego.

Así adaptou para este programa cultural a audioguía ficcionada do Concello laurentino *Vilanova de Lourenzá. Paisaxes da memoria. Fernández del Riego descóbrenos os recunchos dunha nenez feliz*. Ademais organizarase un programa de 6 visitas culturais diferentes, cunha duración de aproximadamente dúas horas en total, dedicadas a escolares, terceira idade, visitantes e outros diversos colectivos. Inclúe así a adaptación da audioguía existente reducindo o seu percorrido e tempo a 15 minutos, debido ás necesidades específicas da proposta. Para facelo é necesario inscribirse no seguinte correo electrónico ou teléfono: lourenzaturismo@outlook.es ou no 646 384 124.



Igualmente, e para quen así o desexe, seguirá estando dispoñible a audioguía orixinal de maior percorrido e de cerca de 40 minutos de duración tanto na web de amarinalucense.gal coma a través dos auriculares illantes que se atopan para os visitantes na oficina de turismo de Lourenzá. O presidente da Mancomunidade, Fran Cajoto, explica “que o Día das Letras Galegas, unha celebración

que favorece a RAG para homenaxear a un autor pola súa labor de defensa e promoción do noso idioma e a nosa cultura, estea dedicado a un escritor da nosa comarca supón que, Lourenzá en particular e A Mariña en xeral, poidamos visibilizar coma se merece a figura de Francisco Fernández del Riego. Contando ademais cunha audioguía dedicada á súa persoa”.

### Roberto Díaz encabezarán a candidatura do PP

Roberto Díaz Expósito, que encabezarán a candidatura dos populares nas vindeiras eleccións municipais do 28 de maio, asegura que “contamos cun equipo con ganas de traballar e con moita ilusión por sacar adiante proxectos realistas que temos en mente co obxectivo de recuperar o dinamismo de Lourenzá”.

O popular defendeu a “transparencia” e “a escoita aos veciños para coñecer as súas preocupacións e recoller as súas aportacións” para impulsar entre todos “un municipio con identidade propia”.

### O BNG anuncia como cabeza de lista a Belén Fanego Barreira

O BNG vén de anunciar como cabeza de lista de Lourenzá a Belén Fanego, que é traballadora do Sergas.

Fanego, que foi concelleira na corporación laurentina entre os anos 1995 e 2003, preséntase a estas eleccións co convencemento de que o proxecto do BNG é necesario para o desenvolvemento de Lourenzá para poder aplicar políticas municipais que saquen rendemento para todas a este gran potencial que tén Lourenzá e todo o Val. “Nós ofrecemos rigor, traballo, e sobre todo humildade e atención á veciñanza”.

## A escola de música de Lourenzá prepara unha banda infantil

A escola de música de Lourenzá prepara un novo proxecto, a Pituband. Unha nova banda infantil para menores de 16 anos. Este será un grupo de nenos e nenas aos que lles gusta a música e pasalo ben.

Si se toca calquera dos seguintes

instrumentos, ou se quere iniciar en calquera deles, piden anotarse. Para participar será necesario chamar ao teléfono 618 435 083 ou mandar un email bandademusicadelourenza@gmail.com ou ir presencialmente á casa da Xuventude en horario de 17.00 a 23.00 horas.

## Os veciños de Canedo celebrarán a festa da Nosa Señora da O

Os veciños de Canedo, no municipio de Lourenzá, festexarán os próximos días 19, 20 e 21 de maio a súa festa relixiosa en honra a Nosa Señora da O, coa celebración dos tradicionais actos litúrxicos en honra á Santa, unha polbada e churrascada e grandes verbenas amenizadas por orquestras.

Na xornada do venres 19 de maio, os veciños de Canedo comezarán os festexos a partir das 21.00 horas, dunha polbada e churrascada e unha gran verbena amenizada polas orquestras Marbella e Beatriz, e rematará con DJ Billy.

O sábado 20 celebrarase, no horario de costume, a misa solemne seguida de procesión. A continuación, os presentes poderán gozar coa sesión



vermú a cargo da orquestra Miramar, quen tamén amenizará a festa pola noite xunto con Fania Blanco. O domingo 21, a última xornada, a misa solemne con procesión celebraranse en horario habitual e a continuación, dará inicio a sesión vermú co grupo Fania Blanco.

## A actividade musical para abril virá da man de Brais das Hortas

A actividade musical dedicada ao público infantil para este mes de abril virá da man de Brais das Hortas e o seu Consertasso na Horta.

Neste espectáculo, o músico interpretará a diversos personaxes que pasan da música tradicional ao electrónico, do punk ao chill-out e ata do trap ás regueifas.

Esta cita será o venres 28 no salón de actos da casa da cultura ás 19.30 horas. O espectáculo ensina un retrato

irónico da nosa sociedade adaptado a todos os públicos, cunha profunda dose de esperanza no cambio sostible das xeracións futuras.

Brais das Hortas leva máis de 20 anos dedicándose á música e formou parte de bandas como Mamá Cabra, Sons Miúdos, Banda Fura Fura, e colaborado con outras e outros artistas como Ataque Escampe, Sofía Espiñeira ou Peter Punk Pallaso

## Alfoz acolle unha xornada de promoción e desenvolvemento

O salón de actos da casa da cultura acolle o vindeiro sábado 15 de abril, de 10.30 a 13.30 horas, unha xornada de promoción e desenvolvemento sustentable da Reserva Terra do Miño. O monte como sumidoiro de carbono e agrocompostaxe.

Neste curso tratarase sobre as oportunidades do sector forestal para explotar o monte como sumidoiro de carbono. Será unha xornada con expertos do sector forestal e medio ambiente para coñecer a alternativa de aproveitamento do monte como “secuestrador de carbono”.

Os sábados 22 e 29 de abril será o curso teórico práctico, de 10.30 a 13.30 horas, que engloban as oportunidades e prácticas da agrocompostaxe como estratexia de desenvolvemento e diversificación rural. Dirixido a titulares de explotación agrícolas e gandeiros, estudantes e perfís técnicos relacionados e aberto ao público en xeral. Impartido por expertos en economía circular de recoñecido prestixio e experiencia acreditada.

As persoas interesadas en participar nas actividades formativas, gratuítas, poden poñerse en contacto no teléfono 982 558 001.

## A xornada Geolodía contará con excursións gratuítas

O Concello de Alfoz acolle o vindeiro sábado 6 de maio a xornada Geolodía, que contará con excursións gratuítas coordinadas por la SGE, guiadas por xeólogos e abertas a todo tipo de público.

A cita contará cunha excursión limitada a 50 persoas e para a que haberá que inscribirse antes do 10 de

abril. O punto de encontro será en Burela ás 9.30 horas do 6 de maio.

Baixo o lema “La Geología ante los retos sociales”, o seu principal obxectivo é mostrar que a xeoloxía é unha ciencia atractiva e útil para a sociedade. Esta xornada celebrárase a mesma fin de semana en todo o país.

## Preparan unha charla sobre subvencións para vivendas

O venres, 20 de maio, ás 19.00 horas no salón de actos da casa da cultura de Alfoz terá lugar unha charla informativa sobre as subvencións dispoñibles para a mellora de vivendas: rehabilitación, mellora enerxética, accesibilidade, etc.

Contarase cunha empresa especializada en tramitar este tipo de axu-

das a particulares para informar das distintas axudas, requisitos, importes, tramitación, etc.

Son moitas as razóns de peso para invertir en eficiencia enerxética dos nosos fogares. Por exemplo polo aforro económico, o respecto ambiental, a maior durabilidade, os beneficios fiscais, o aumento do valor da vivenda, e maior confort.

# Hijos de Ramón Rubal, un referente no sector

A empresa alfocega conta con 85 anos de historia e consolidada na explotación e xestión forestal

A empresa madeireira Hijos de Ramón Rubal atópase na parroquia de Mor, e conta cun serradoiro de 85 anos de historia. Ademais encargárase da curta da madeira no monte, o transporte, a primeira transformación e o envío do produto final.

## Agora mesmo contan cunha nova liña de produción?

Si, esta liña chámase Canter e consiste nunha nova máquina que serve para serrar troncos de madeira de diámetro de entre 14 e 35 centímetros. É como se fora outro serradoiro para madeira delgada.

## Que vantaxes ten?

As vantaxes que ten esta liña é que o tronco entra e sae acabado nun só proceso pois non ten que retornar a outras máquinas posteriores, por exemplo, o 'costero', que é o primeiro que sae do tronco ao serrado e que non é aproveitábel xa o convirte en estela, e fai táboa e fai todo. Ademais é bastante rápida pois é capaz de traballar 6 pezas ao minuto. Gracias a esta nova liña contamos cun aumento de produ-

ción de case o dobre.

## Como funciona?

A máquina conta cun escáner que mide e dimensiona o tronco e infórmatelo dos cortes e das pezas que sairán. É unha maneira de optimi-

**“O mercado necesita constantemente un consumo moi alto e regular de madeira de pino”**

zar procesos e ademais só conta cun operario.

## A que se dedica esta madeira?

Este produto está adicado a madeira para embalaxe e que está destinada a mercado nacional e internacional. Nos sempre nos dedicamos ao embalaxe e á paletización, incluso en épocas de crise, pois é un mercado que sempre funciona. Por iso toda a vida apostamos por elo e podemos manternos.

## É a única liña deste tipo en Galicia?

Xunto coa de Finsa somos unha das primeiras liñas de Galicia.

## Como está o sector madeireiro?

Agora mesmo baixou o pedido de táboa polo que baixaron os prezos por unha pequena crise ou freo da demanda, pero non sabemos debido a que. Creemos que estaba un pouco descontrolada a situación pois había máis pedidos do normal. Pero tamén hai que dicir que o mercado necesita constantemente un consumo moi alto e regular de madeira de pino, pois cada vez é máis necesaria en táboa, para pellets, en fábricas de tableiros, no sector do transporte utilízase para embalaxes e na paletización.

## Agora mesmo a construción de edificios de madeira está moi de moda...

Si a verdade. Das nosas instalacións saíron os elementos necesarios para o primeiro edificio público de Galicia construído totalmente en madeira, o Impulso



Verde de Lugo, e tamén estamos enviando produto para a construción dun hotel na mesma cidade. Ademais, seguimos enviando madeira para entramado lixeiro con certificado CE, e xa mandamos a diferentes promotoras para a fabricación.

## A xente confía cada vez máis neste material.

Claro, cada vez hai máis demanda

deste tipo de casas pois son máis lixeiras, menos custosas, non fai falla tanto formigón, son respectuosas co medio ambiente, máis illadas termicamente, etc. A xente estase concienciando moito e hai que cambiar os costumes construtivos. Tan só hai que botar unha ollada aos países nórdicos, alí neva e fai moito frío e as casas son de madeira e algunhas sen calefacción, tan só cunha cheminea.

## Alfoz xa conta cunha nova ferramenta dixital para manter informados aos veciños

O Concello xa conta cunha nova ferramenta dixital para manter informados aos veciños. Esta é Alfoz Informa, unha nova canle de comunicación vía móbil.

Este servizo (antes Turisgalicia) ofrece a través do Whasapp a posibilidade de estar informado de todo o que acontece no concello. Con só dous sinxelos pasos, engadir o telé-



fono 633 600 435 á lista de contactos e enviar a mensaxe Alta Alfoz e o nome e apelidos vía Whasapp.

## O municipio ten un contedor para a recollida de téxtiles

O municipio xa ten recollida selectiva para os téxtiles, este é un contedor que está situado no exterior do centro de saúde. Proximamente haberá dous.

Segundo os técnicos, calcúlase que cada persoa tira 7Kg de roupa cada ano, por iso dende o Concello informaron dunhas sinxelas normas para que non se convirte nun residuo. O primeiro é pensar antes de com-

prar pois a máis calidade máis durará a peza de roupa. Segundo, mirar a etiqueta pois o poliéster multiplica por tres as emisións de CO2 fronte ao algodón e costa máis valorizar como residuo. A técnica das R, reutilizar e reciclar xa que pódese dar unha nova vida con pequenos trucos de costura, bordado, etc. Ademais pódese doar a roupa a ONG, Cáritas, roupeiros, etc.

## A biblioteca municipal conta cun novo horario e moitas actividades

A biblioteca municipal de Alfoz vén de informar que conta cun novo horario. Este será de luns a xoves, desde as 16.00 ata as 20.00 horas.

A biblioteca estará aberta para todos os usuarios e usuarias que desexen utilizar os seus servizos como son o préstamo de libros e revistas, altas de novos socios/as, uso de ordenadores, tablets e libros electrónicos, zona de lectura e estudo, zona infantil, rede wifi, etc.

Ademais o fondo bibliográfico incrementase continuamente con obras de todos os xéneros a través de axudas doutras administracións e fondos propios, por exemplo, coas lecturas obrigatorias dos distintos IES da Mariña onde estudan os rapaces e rapazas de Alfoz. Tamén conta cun servizo de dinamización continua coma a Bibliopiscina que durante xullo



e agosto permite disfrutar da lectura na Piscina Municipal ou as Mochilas Viaxeiras que fomentan a lectura entre os maiores do Programa de Envelhecimento Activo Activamente.

O club de lectura que conta actualmente con 17 integrantes e que é unha das actividades máis dinámicas da biblioteca e conta con visitas de autores e presentacións de libros.

## O PP critica o “desmantelamento da área do Castelo e o abandono das pistas”

O PP de Alfoz comparte as queixas dos veciños sobre o “desmantelamento da área do Castelo e do abandono das pistas das parroquias e dos accesos a algúns barrios” do municipio por parte do goberno local socialista.

Concretamente, os populares piden ao Goberno local que “non retire da contorna do Castelo de Castrodouro as mesas de pedra para substituílas por outras de madeira tratada; senón que as limpe e acondicione para conservarlas en consonancia co entorno”.

Así mesmo, propoñen colocar as novas mesas para picnic na da Cruz da Pedra.

O PP insta tamén ao Goberno local a declarar de emerxencia e proceder de inmediato á reparación da vía que dá acceso ao barrio da Pena do Golpe, na parroquia do Pereiro, que leva varios meses cortada debido a un burato no cruce polo afundimento dos tubos de canalización da auga.

## Regresa en abril o servizo de podoloxía



O Concello ofrecerá nos meses de abril e maio unha nova sesión do servizo de podoloxía dirixida a todos os veciños. O servizo, que ten un prezo de 15 euros, está financiado polo Concello e terá lugar o 13 de abril e o 9 de maio.

Para poder acceder a este programa unicamente é necesario estar empadroadado no Concello e pedir cita previa nos servizos sociais municipais ou no teléfono 982 346 222. As sesións repetiránse varias veces durante o ano, tal e como anunciaron dende o Concello.

# Nova edición da Feira do Ferro

Esta cita está organizada pola Asociación de Ferreiros e o Concello riotortense

A XIV edición da Feira da Artesanía do Ferro volverá este ano celebrarse o 16 de abril tras tres anos sen festa por mor da pandemia.

Esta cita, que está organizada pola Asociación de Ferreiros e o Concello de Riotorto, convoca de novo a XIV edición, que foi suspendida con case todo listo no ano 2020, cando no mes de marzo, se declarou o confinamento.

Malia que a maior parte das celebracións se recuperaron en todos os concellos o ano pasado, en Riotorto decidiron esperar un ano máis por un gromo declarado nos meses nos que se convocaba a cita, despois do Nadal.

A organización do evento fixo público o programa, que volve contar con demostracións en vivo de oficios, nas que haberá pirogravado, torneado de madeira, cestería, al-



farería e cristal tallado ademais da artesanía do ferro e os obradoiros infantís.

A Feira da Artesanía do Ferro de Riotorto celebrarase no recinto

feiral cuberto baixo carpa, onde tamén se poderá degustar polbo e outra comida tradicional. Haberá animación musical durante toda a xornada a cargo dos Gaiteiros de Riotorto e a Charanga Mekánika.

O programa arrincarásábado pola noite, ás 22.00 horas, cunha comida popular amenizada polo grupo Fusiión. A feira terá lugar o domingo, e abrirá as súas portas ás 11.00 horas comezando xa de seguido coas demostracións de oficios, que contarán con cristal tallado a cargo de Eugenio Soto de Vigo; alfarería con Aparicio de Buño; cestería con Lito de Lugo; torneado con Pardo Arzúa; pirogravado con José Lázaro de Ponferrada; torneado de cerámica con María Sánchez de Lugo, e obradoiro de carbón con Carboeiros de Baleira.

Trala actuación do Coro de Riotor-

to, terá lugar a inauguración oficial, que será ás 12.15 a cargo de Montserrat García Chevarría, deputada no Congreso.

A continuación terán lugar as demostracións en vivo da artesanía do ferro e os obradoiros infantís. Estas estarán a cargo de ferreiros de Riotorto así como do Centro de Interpretación de la Forja (Navarra). Destarán os traballos de Alberto Leis, Friedrich Brasmsteidl, Antonio Corgo e Forxa Chago.

Pola tarde, a charanga Meanika realizará unha animación itinerante cun espectáculo de foto e malabarismo.

Tralas novas demostracións en vivo da tarde, un espectáculo infantil no atrio da igrexa porá o punto e final. A organización lembra que haberá animación musical durante todo o día.

## o vicedo

## Os técnicos valoran unha ponte colgante no acceso ao Fuciño do Porco

O acceso ao Fuciño do Porco podería permanecer pechado ata o vindeiro verán tralo deterioro que sofre o acceso ao enclave natural tralas chuvias do inverno e os seguintes desprendementos.

A Autoridade Portuaria Ferrol-S. Cibrao, a entidade con competencia na zona afectada, está a elaborar un proxecto de reparación que garanta a seguridade do paso. Así, segundo o alcalde, Jesús Novo, deseñaron unha ponte colgante sen apoios intermedios e unicamente suxeitada no istmo e nun punto firme do camiño de entrada onde se colocarían bases de formigón.

Tamén contaría con cables de aceiro que suxeitarían a pasarela que permitiría chegar ás pasarelas existentes de madeira. Nun primeiro momento os técnicos terán que estudar ben a zona con drones. Así mesmo, farase un peche perimetral con malla na parte dereita do camiño actual para evitar o acceso de persoas ata dito punto.

Por outra banda, o Concello está a estudar con técnicos se resultaría viable habilitar provisionalmente unhas escaleiras que permitan a entrada á punta Sucasastro durante o verán. “Esto so sería posible se non resulta perigoso”, di o rexedor.

## María Pérez é a candidata do PSOE á Alcaldía do Vicedo

María Pérez Santaballa, avogada e ex concelleira socialista, é a candidata do PSdeG á Alcaldía do Vicedo nas vindeiras eleccións municipais do 28 de maio. A candidata agradeceu “o apoio e a confianza que depositaron en min tódolos meus compañeiros e compañeiras da Agrupación Socialista. Sei que temos un traballo duro por diante, pero estamos moi ilusionados, e temos todas as ganas, as forzas e o compromiso para sacalo adiante e traballar polo futuro dos nosos veciños e veciñas”.

“O Vicedo precisa un cambio, e temos unha candidata que conta con capacidade de traballo e experiencia para gobernar, para atender as necesidades dos veciños e para favorecer o desenvolvemento económico con novas iniciativas para que a xente non siga marchando do concello”, asegurou.

O líder dos socialistas puxo en valor “o gran traballo, o esforzo e a dedicación” do actual voceiro socialista no Vicedo, Vicente Parapar, “ao longo de todos estes anos”. “Un compromiso inquebrantable e unha loita incansable na defensa dos seus veciños e dos valores socialistas, que quero recoñecer e agradecer profundamente”, recalcou.

A candidata á Alcaldía avanzou que a lista que encabeza “está formada por un equipo de xente que queremos poñer ó Vicedo no mapa”. “Somos



unha candidatura na que as mulleres somos as protagonistas, dun total de once, seis somos mulleres. Polo tanto, un equipo progresista, que quere priorizar políticas para a conciliación familiar e frear o alto índice de despoboamento. Hai que plantexar medidas xa, e facer do Vicedo un lugar do que sentirnos orgullosos, no que poder vivir e traballar”.

A candidata explicou que xa crearon diversos grupos de traballo para elaborar o programa electoral e implicar a tódolos colectivos e asociacións do municipio “para que teñan voz no futuro do Concello”. “Queremos que as nenas e nenos do Vicedo teñan horarios para conciliar o servizo de Madrugadores, que estuden no colexio, no PAI, e que non teñan que desprazarse aos concellos limítrofes para poder desenvolver as súas actividades educativas”, afirmou.

## Víctor González será o candidato socialista á Alcaldía

Víctor González Leivas é o candidato socialista para acadar a Alcaldía de Riotorto. Así o decidiu a Agrupación Socialista de Riotorto nunha xuntanza, na que tamén se aprobou a lista electoral, totalmente renovada, de cara ás vindeiras eleccións municipais do 28 de maio.

González Leivas comprometeuse a traballar “para dinamizar o concello, impulsar o polígono industrial, reactivar o pequeno comercio, fomentar o turismo, axudar aos autónomos e aos pequenos produtores agrícolas e mellorar o sector forestal”. “En definitiva, quero un



concello no que os cidadáns sexan os protagonistas da vida política de Riotorto, sen favoritismos. Traballando todos xuntos”, resumiu. Participou activamente nos inicios da democracia

## Xunta xeral da Asociación de Emigrados de Río Torto

No salón da Oficina de Xunta de Galicia no outrora pazo do Centro Galego da Habana, foi celebrada a xunta xeral de asociados da Sociedade Emigrados de Riotorto, fundada en abril de 1915.

Coa presenza da súa presidenta Laura Hernández Rivera e outros membros da xunta directiva; co quórum regulamentario foi lida a orde do día e as distintas secretarías leron os seus respectivos informes, os que foron aprobados polos

asociados presentes. Tamén foron tratados diversos temas de importancia para o desenvolvemento da institución, entre outros, os preparativos para a celebración do 108 aniversario da data fundacional, así como a restructuración da xunta directiva como consecuencia das baixas.

Foi tamén dado a coñecer o orzamento do 2023, así como o plan de actividades que se desenvolverán durante este ano.

## Presentan o proxecto do novo abrigo e prazas de atraque en pantalán no Porto de Morás

Foi presentado o proxecto de mellora do abrigo e de instalación de tres pantaláns no porto lucense de Morás. Esta actuación busca optimizar a operativa da dársena, incrementando a seguridade da frota e dos usuarios, así como a ordenación dos atraques mellorando a lámina de auga para o uso tanto da frota pesqueira como deportiva.

En concreto, os traballos consisten na construción dun contradique de 224 metros de lonxitude en dúas aliñacións. En perpendicular ao dique disporanse tres pantaláns, dous deles para a frota deportiva e outro para a pesqueira. Deste modo crearanse 24 prazas de amarre para a 3ª lista e 99 de 7ª lista, o que dá cabida a toda a frota actual. Ademais, dotarase ao espazo dun novo aparcamento para dar servizo a estas embarcacións. As obras complétanse cunha dragaxe en rocha na bocana do porto á cota-3 e dúas novas ramplas, unha asociada a unha superficie de varada acaroadada ao dique ac-

tual e outra de acceso ao mar. Con estes traballos, que contan cun investimento previsto de máis de 3 millóns de euros, preténdese dar resposta ás necesidades do sector pesqueiro da zona, así como dar cabida á multitude de embarcacións deportivas que fondean na contorna.

O proxecto parte dunha complexa tramitación administrativa e estudos que se ven realizando desde hai anos e que incorporan información derivada dos informes de diferentes organismos respecto ao estudo inicial de alternativas. Neste sentido, mantivéronse múltiples contactos con distintos órganos como a Dirección Xeral para a Sustentabilidade da Costa e do Mar, dependente do Estado, durante a súa tramitación para acadar unha iniciativa de consenso entre todas as partes.

Neste sentido, a presidenta de Portos de Galicia dixo que a licitación das obras está pendente da resolución do trámite ambiental no que se atopa actualmente.



## O concurso de Caretas de Entroido xa ten premiados

A Concellería de Cultura puxo en marcha a finais de xaneiro deste ano unha nova edición do Concurso de Caretas de Entroido. Coma en anos anteriores, o Concurso destinouse a nenos e rapaces de Xove, en especial aos alumnos do CEIP Pedro Caselles e do IES Illa de Sarón.

Segundo idade, tivemos cinco categorías: Preescolar (nenos/as de 3,4 e 5 anos); 1º e 2º de Primaria; 3º e 4º de Primaria; 5º e 6º de primaria e 1º a 4º de ESO. En cada unha destas categorías concedéronse tres premios, un primeiro, un segundo e un terceiro premio. Os premios deste concurso consisten en material escolar.

Así, nas dependencias do Colexio Pedro Caselles, o alcalde Demetrio Salgueiro e a concelleira de cultura

Dolores Meitín fixeron entrega dos premios do Concurso aos gañadores nas distintas categorías:

Os premiados nesta edición na Categoría Preescolar (3, 4 e 5 anos) foron, María Moreira Rego, Anaís Romero Suárez e Ángel Fernández Riveira. En 1º e 2º de Primaria Jesús López Franco, Pablo García Val e Alma Rodríguez Fra. Na Categoría 3º e 4º de Primaria Alba Maseda Franco, David Burgos Peloché e Nicolás Purriños García.

En 5º e 6º de Primaria foron Óscar Bértolo Casabella, Paula Sánchez Pernas e Álvaro García Casabella, e en 1º a 4º de ESO os premiados foron Carla Casabella Puñal, Silke Iglesias García e Daniel Bértolo Casabella.

# “As paredes aínda conservan o revoco de morteiro de cal”

David Fernández é o arqueólogo e director da escavación en San Tirso

David Fernández Abella, arqueólogo da Universidade de Santiago de Compostela, do grupo ECOPAST, e director da escavación en San Tirso de Portocelo.

### Como se atopa a escavación?

Os traballos de conservación e restauración das ruínas da antiga igrexa parroquial de San Tirso de Portocelo van pouco a pouco desvelando elementos ocultos polo paso do tempo.

### Que significan estes elementos?

Pois os resultados da escavación están limitados por dous factores. O primeiro porque o fundamental desta intervención é unha actuación de conservación e restauración sobre o restos da igrexa. Polo que se está a actuar nos sitios que teñen máis risco, é dicir, nos elementos que vimos que había que actuar xa. E desde logo con isto non queda totalmente restaurada, nin moito menos. Pero xa se comezou a facerse unha actuación que é de vital importancia.

A escavación está supeditada ao fundamental que é os traballos de conservación e restauración. Si que se fixo algo de escavación para saber cousas puntuais, como sobre o chan da igrexa e a que cota está, a limpeza dos muros e de-



mais. O que tampouco podemos facer é escavar moi fondo ou sexa baixar moito porque as paredes, que foi a novidade, aínda conservan o revoco de morteiro de cal e pintura. Entón non se pode ou non se debe escavar e deixalo á vista sen un proxecto específico de conservación desas pinturas porque senón degradaríanse. Iso obrigounos a modificar o plan e a non escavar máis ou máis fondo.

### Estas escavacións melloran o coñecemento de San Tirso.

Desde logo, é un sitio cunha potencialidade arqueolóxica moi grande porque está enriba dun castro. Ademais á nosa idea, un pouco documental, é que é un dos mosteiros máis antigos da Mariña. A nivel de cultura material o único que atopamos así un

pouco con relevancia foi a aparición de cerámica de época baixo medieval, que por suposto ten lóxica dentro do contexto no que estamos a escavar, pois é o de unha igrexa seguramente moi refeita ou moi reconstruída en época moderna pero de orixe medieval.

### Ata cando estarán traballando?

Pois agora mesmo xa rematamos. A nivel de investigación arqueolóxica de escavación non se ten plantexado facer máis.

### Pódense facer visitas?

Recordase que se poden facer visitas guiadas á intervención en grupos, contactado para fixar horario co concello de Xove, ou acudindo de luns a venres as 11.30 a entrada da área arqueolóxica de San Tirso de Portocelo.

## O Lugar das Marías abre a tempada de experiencias

Con novas propostas e o bo facer de sempre, Lugar das Marías, de Xove, abre a tempada 2023 co obxectivo de seguir ofrecendo experiencias únicas na aldea da Rigueira-Xove.

Ás propostas de sempre arredor do aloxamento nos cuartos de Maruja Mallo, María Casares, Maruxa e Coralía, María Miramontes e Avoa Presenta e da variada carta de almorzos e brunch, sumaranse tamén novas experiencias efémeras, contos na leira, exposicións e concertos así como o showroom de Vacaloura e Xurela.

A fin de semana do 22 e 23 de abril dará comezo o programa Experiencias efémeras coa proposta Cerámica na aldea, un proxecto enmarcado dentro do Plan de Sostibilidade

Turística que xestiona a área de Turismo da Mancomunidade de Municipios da Mariña Lucense. Esta experiencia slow que consistirá no desenvolvemento dun obradoiro de cerámica con Iria Pigueiras, con merenda de benvida, cea, aloxamento e almorzo, xa pode resevarse a través da web [turismoslow.gal](http://turismoslow.gal).

Do mesmo xeito, a partir do mes de maio programaranse máis actividades como un obradoiro de fotografía feminista, un obradoiro de cestería, unha sesión de ioga para familias diversas, exposicións artísticas, presentacións de libros, concertos e outras propostas que vaian xurdindo nese hábitat rural que é o Lugar das Marías.

## O centro cívico acolle a mostra de Inma Purriños

A sala de exposición do centro cívico de Xove acolle o vindeiro venres 31 de marzo a inauguración da mostra Retratando Sentimentos, retratando a Rosana Roca de Inma Purriños en colaboración coa Asociación Somos Unidos polo Cancro.

A inauguración será ás 19.30 horas e contará coa intervención de Rosana Roca. A mostra estará aberta ao público do 1 ao 30 de abril en horario de 17.00 a 20.00 horas.

A fotógrafa dixo que “queremos mostrar a valentía e positividade de Rosana ante a enfermidade e dar visibilidade a algo que desgraciadamente é tan habitual. E esta vez no seu pobo natal”.

Tamén quixo agradecer á Asociación Somos Unidos polo Cancro “por dar visibilidade ao seu gran labor”.

# “O noso aceno de identidade é a edición dos Cadernos”

Eduardo Fernández é o presidente do Seminario de Estudos do Valadouro

## Qué é SEVA?

O Seminario de Estudos do Valadouro (Alfoz e O Valadouro) é unha entidade cultural, científica, divulgativa e de investigación, de carácter civil, que non ten ánimo de lucro, independente de todo credo relixioso e de toda filiación política, que ostenta personalidade xurídica propia.

## Cantos membros son?

Somos 75 socios.

## Recentemente mudou de directiva.

Si, o pasado 26 de febreiro celebrouse a asemblea xeral, durante a cal se votou unanimemente a composición da nova xunta directiva.

## Quen forma parte da nova xunta?

Os novos cargos son Juan Luís Pisón Villapol como secretario,

Marco Candiá como tesoureiro, Lionel Rexes e Xesús Pisón de vogais, e eu, Eduardo Fernández Galán como presidente. Tanto a anterior directiva como a nova afirmaron o seu compromiso de continuar colaborando para a dinamización cultural do Val do río Ouro.

## Que obxectivos teñen?

Os obxectivos son recuperar, promover e divulgar os valores históricos, etnográficos, artísticos, ecolóxicos, económicos, científicos e culturais do territorio do Valadouro, Alfóz e outras terras incluídas no Val.

## E proxectos de futuro?

Gustaríanos facer unha presentación e unha mostra sobre as 50 láminas de Pepe Blanco que estaban incluídas no último caderno. Esta será no Castelo de Castrodoiro. Por outra banda,

encantaríanos facer unha mesa redonda e invitar a cooperativas, arquitectos, enxeñeiros, etc, para falar do futuro do Val, pois cada vez perdemos máis poboación. Tamén estamos pensando en crear un concurso de narrativa entre os rapaces.

## Contan con apoio municipal?

Agora mesmo temos unha subvención do Concello de Alfóz. Antes a Deputación aportaba para a impresión dos Cadernos. Temos que conseguir dotacións económicas que posibiliten a investigación, protección e divulgación da nos cultura.

## Fan colaboracións con outras asociacións?

Este é un proxecto que nos gustaría. Tiven a idea de que regalar os Cadernos antigos, a outras asociacións relacionadas coa cultura, bibliotecas ou escolas.



## Teñen local?

Un proxecto que temos en mente é o de contar cun local no casco urbano de Ferreira, pois agora mesmo estamos na antiga escola Adelán, que está moi ben, pero necesitamos un sitio máis visible e accesible, pois outro dos nosos obxectivos é ter unha biblioteca sobre todo o que se publicou sobre o concello do Valadouro e Alfóz e que calquera curioso, investigador ou veciño poida ter acceso.

## Que actividades fan?

Desde a creación de SEVA en 2012 o noso aceno de identidade é a edición e distribución dos cadernos. No pasado organizamos festivais de cinema,

concertos musicais, conferencias, exposicións...que tentaremos seguir producindo no futuro. Facemos cantas outras actividades lícitas sexan de conveniencia dos intereses comúns dos asociados.

## Que son os Cadernos do Seminario de Estudos do Valadouro?

Os Cadernos son pequenas publicacións sobre prehistoria, lendas, Pardo de Cela, a apicultura ou calquera aspecto que teña que ver co noso val. Ata o de agora publicamos 12. O último, obra de Xosé Blanco, é sobre os ‘Ditos e refráns do Valadouro’, con magníficas ilustracións do autor.

## vegadeo

## O IES Luís Villamil acollerá o Café Faladoiro en Familia

O Concello de Vegadeo e o IES Elisa e Luís Villamil organizan a actividade de Café Faladoiro en Familia os días 18 e 25 de abril e 16 de maio.

Estes faladoiros celebraranse no salón de actos do IES Elisa e Luís Villamil de Vegadeo, de 17.30 a 19.00 horas, podendo inscribirse as persoas interesadas a través do Concello de Vegadeo, 985 634 022, ou do IES Elisa e Luís Villamil, 985 634 377. O martes 18 de abril a charla estará a cargo de Fernando Lara, psicólogo clínico, e falará sobre o Uso responsable das novas tecnoloxías; o martes 25 Branque Asociación Cultural fará untaller sobre uso de redes so-

ciais para entender a os fillos. Xa por último o martes 16 de maio, volverá Fernando Lara a falar sobre o Benestar emocional en adolescentes.

**ESCOLA SAÚDE.** A escola municipal de saúde organiza para o mércores 12 de abril ás 18.00 horas unha charla sobre cuidados do paciente. Estará impartida por Begoña Sierra, enfermeira da Área Sanitaria I, e será unha cita aberta a todo o público.

Para máis información ou anotarse haberá que chamar aos teléfonos 985 634 022 ou 697 163 640 en horario de 9.30 a 13.30.

## A LVIII Feira de Mostras terá por lema a Reserva da Biosfera

A LVIII Feira de Mostras de Vegadeo celebrarase do 8 ao 11 de xuño de 2023. Esta cita, todo un clásico no norte da península terá por lema este ano: Reserva da biosfera Río Eo, Oscos e Terras

de Burón. É unha cita ineludible por parte de múltiples sectores comerciais e industriais, tanto a un como a outro lado do Eo, así como doutras comunidades autónomas

## O Valadouro acollerá o vindeiro sábado 14 de abril o Ouro Fest

O Valadouro acollerá o vindeiro 14 de abril o Ouro Fest, un festival de música para desfrutar das mellores orquestras.

Nesta cita participarán París de Noia, presentando a súa nova xira da ilusión, e a macrodiscoteca Euphoria, a máis grande de Galicia.

Este espectáculo musical será no parque de Ferreira do Valadouro e contará con servizo de bar e carpa cuberta.

Para asistir será necesario mercar unha entrada no Temple Bar de Covas; Salitre e Vista Alegre de Burela; O Carballas en Cangas, Muelle Bar en Foz, O Colorado no valadouro, O Frenazo en Alfóz, O Torreón en Lourenzá, O Palique de Mondoñedo, O Asadaro de Barreiros, e A Bugalla ou Galipizza en Ribadeo.

**CADRAMÓN.** A parroquia valadourense de O Cadramón acollerá as festas na honra de



Santa Filomena o vindeiro 10 de xuño de 2023. Nesta cita celebrarán misa, procesión, sesión vermú e moitas máis sorpresas aínda por desvelar. Esta festa está organizada pola Asociación Veciñal Santa Filomena do Cadramón en colaboración coa Comunidade de Montes Veciñais do Cadramón.

## Eduardo Chao é o candidato á Alcaldía do BNG

O BNG continúa presentando candidatos para as eleccións do 28 de maio. No Valadouro será o actual tenente alcalde Eduardo Chao González a persoa designada pola asemblea local para aspirar á alcaldía. Chao, que levou ao Bng a formar parte do goberno local desde setembro do 2021 é veciño da parroquia de Santa Cruz e traballador na factoría de Alcoa.

Según declaracións do candidato “todo o traballo desenvolvido ata agora escoitando á veciñanza e atendendo as súas demandas vai dando os seus frutos e vai situando ao noso concello como referencia en moitos eidos. Somos conscientes que queda moito por facer e que todos e cada un dos veciños e veciñas son imprescindibles para esta labor ilusionante que temos por diante e da que queremos que participen para conseguir o mellor para O Valadouro”.

O conxunto da candidatura formada por persoas das diferentes parroquias e da vila e que traballan tamén en diversos colectivos será presentada próximamente nun acto público.



# DEPUTACIÓN

## Os concellos destinan 16 millóns a obras, 3,7 a emprego e 3,4 ao SAF

O Pleno da Deputación de Lugo aprobou este martes por unanimidade a relación de actuacións e proxectos que os 67 concellos da provincia propuxeron para executar ao abeiro do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023, que nesta anualidade conta con 21,5M€ de fondos da institución provincial.

O Goberno provincial sacou adiante deste xeito a súa proposta a favor deste programa de investimentos, que inxecta case 25M€ de fondos públicos no tecido social e económico da provincia, tendo en conta as achegas dos concellos, que ascenden en total a máis de 3M€.

O Presidente da Deputación, José Tomé Roca, destacou que, por terceiro ano consecutivo, a Deputación aprobou as bases do Plan Único no ano anterior ao seu período de vixencia, e a relación de actuacións no primeiro trimestre do ano, “o que lle permite aos concellos, tanto planificar as accións municipais con maior antelación, como traballar con máis previsión e tempo, co que aproveitan mellor os recursos económicos e son máis áxiles”.

Os concellos presentaron as súas propostas para investir estas importantes partidas económicas da institución provincial aos distintos programas establecidos: investimentos; Servizo de Axuda no Fogar (SAF); reforzo do emprego; actividades culturais; actividades deportivas; actuacións/eventos turísticos; feiras e mercados; administración electrónica e protección de datos; e protección civil.

A voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, asegurou que con este



instrumento de cooperación a Deputación garante a distribución dos recursos públicos entre os 67 concellos da provincia con criterios públicos e obxectivos, e botou en falta que ningunha outra administración teña un mecanismo semellante para esta provincia.

Así mesmo, recalcou que o Plan Único da Deputación “é fundamental para que os concellos, sobre todo os máis pequenos, poidan prestar os servizos máis básicos ós seus veciños”.

García Porto asegurou que o Goberno provincial se comprometeu ao principio do mandato a incrementar ata o 25% a contía do Plan Único sobre o importe destinado no 2019, “sempre e cando quedase recursos liberados das transferencias á Xunta das competencias impropias que asume a Deputación como as residencias, por exemplo”. Afirmou que a Xunta non asumiu ningunha desas competencias que vén asumindo a Deputación e que tampouco creou

ningunha residencia de maiores pública neste tempo, o que imposibilitou subir as contías máis porque os recursos son limitados.

As entidades locais danlle prioridade aos investimentos -aos que dedicarán 16M€, preto do 70% do total dos fondos, para acometer máis de 330 obras e subministracións-, seguido da creación de emprego, á que destinan 3,7M€, cos que crearán 317 postos de traballo; e do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), para o que reciben 3,4M€ para atender a máis de 2.000 persoas. Os concellos dispoñen de prazo máximo para executar as accións que contemplan no Plan Único ata o 31 de outubro de 2024 e para xustificar, o 15 de novembro do vindeiro ano.

A deputada detallou que este programa de investimentos supuxo un investimento total de 85,3M€ neste mandato, entre o ano 2019 e este 2023, para acometer 1.500 obras e formalizar máis de 1.200 contratos de traballo.



## 1.800 viaxeiros abren de novo o programa Coñece a túa provincia

A Deputación de Lugo arrancou a terceira edición do programa de viaxes gratuítas Coñece a túa provincia. Esta tempada, que se repartirá en dúas quendas, a primeira dende marzo ata o 16 de xuño e a segunda en outono, mantéñense as 37 rutas polo territorio lucense. En total, na primeira quenda desta edición, participan preto de 1.800 viaxeiros de 80 entidades da provincia.

A deputada de Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, e o deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, foron os encargados de dar a benvinda ás primeiras entidades participantes este ano: a Asociación de Veciños de Cumbraos, de Monterroso, e a Asociación de Viúvas Julia Minguillón, de

Lugo. Os ulloáns visitaron o Pazo de San Marcos e achegáronse á comarca de Sarria, mentes que o colectivo lucense coñeceu a Produtora de Audiovisuais e o patrimonio de Lourenzá e Mondoñedo.

O programa Coñece a túa Provincia inclúe, de balde, o transporte para os traslados de ida e volta dende o lugar ou lugares de orixe, póliza de seguros de viaxeiros, menú de xantar, e entradas e visitas a diferentes lugares de interese da provincia de Lugo. Estas visitas realízanse profesionais que contan coa habilitación de guía oficial de turismo de Galicia e persoal de atención ao público nos diferentes museos, empresas ou obradoiros sinalados nos itinerarios do programa.

## Acordo con Adegas polo patrimonio rural

Medio Rural da Deputación e Adegas lanzan o proxecto Patrimonio Rural. Custodiando o noso legado máis singular, co que desenvolverán, ao longo do ano, diferentes actividades encamiñadas á defensa, divulgación, custodia, restauración e conservación do patrimonio cultural e ambiental en entornos rurais.

Os valados de pedra seca tradicionais – técnica de construción declarada como Patrimonio da Humanidade pola Unesco – e elementos do megalitismo como mámoas, dolmes ou petróglifos centrarán as accións a desenvolver no marco deste proxecto, reforzando o traballo que Adegas ten realizado neste eido con acordos de custodia con titulares de terras en distintos concellos e comarcas.

A deputada Mónica Freire sinalou que “o interese de seguir difundindo e implementando estes acordos de custodia para avanzar na protección e na posta en valor do patrimonio da man das persoas propietarias dos terreos e da veciñanza” e incidiu en que “é fundamental traballar ao seu

carón para que as iniciativas de protección se consoliden e se perciban como positivas para o desenvolvemento cultural, social e tamén económico desas zonas”.

Nese senso, destacou que “o proxecto afonda nunha liña de traballo que é común a todos os programas que desenvolvemos desde Medio Rural, desde o programa de visitas escolares Da Escola á Granxa ata O que non arde que apoian as actividades produtivas que inciden na protección do territorio”.

O apoio económico da área dirixida por Mónica Freire, que achega 15.000 euros ao proxecto, destinarase a ampliar os acordos de custodia do territorio na provincia, crear unha base de datos de persoas e entidades propietarias para a custodia territorial e adquirir en propiedade novas parcelas. Tamén se actuará no ámbito do voluntariado, involucrando nos grupos á poboación local e formando ás persoas voluntarias na defensa e na restauración do patrimonio.

## Reclaman á Xunta cobertura pediátrica

A Deputación de Lugo urxe á Xunta de Galicia a que garanta a cobertura pediátrica con especialistas a todos os nenos e nenas da provincia. Así se acordou no Pleno, a raíz dunha proposta presentada polo Goberno provincial, que saíu adiante cos votos a favor do PSdeG e do BNG e o voto en contra do PP.

Espuxo a voceira, Pilar García Porto, que segundo os datos do sindicato O'Mega, en Galicia hai 11.000 nenos e nenas sen pediatra asignado e que, atendendo aos datos da Asociación Galega de Pediatría de Atención Primaria, o 14% das prazas de pediatría están atendidas por médicos que non contan con esa espe-



cialidade. Cuestión que demostra que “a xestión que se fixo da sanidade pública en Galicia é nefasta”. “A infancia é unha etapa fundamental para as persoas, con doenzas específicas que requiren a atención de especialistas”, denunciou García Porto. Nese sentido, puxo sobre a mesa que na provincia de Lugo hai

2 prazas de pediatría sen cubrir nos centros de saúde, que o cadro de persoal de pediatras da provincia conta con 35 profesionais, dos que preto dun terzo -11- non son especialistas. “É o momento de tomar cartas no asunto por parte de quen ten a responsabilidade”, subliñou.

O Pleno tamén sacou adiante unha moción presentada polo grupo do PSdeG, cos votos a favor dos socialistas e do BNG e o voto en contra do PP, para que a Xunta incrementa o complemento autonómico das pensións non contributivas na mesma porcentaxe –do 15%- que o Goberno ten decretado para estas prestacións no conxunto do Estado.

# DEPORTES

## A II Copa Ibérica Feminina de Taekwondo será en Mondoñedo



Mondoñedo será o encargado de acoller a 2ª edición da Copa Ibérica Feminina de Taekwondo, unha cita que xa recaeu na provincia lucense na súa primeira edición.

Esta cita deportiva, que se celebrará no pavillón municipal e con entrada de balde, será a fin de semana do 29 e 30 de abril, senda a técnica o sábado 29 e o combate o domingo 30. Haberá un premio valorado en 400 euros.

A edición anterior foi en Vilalba en 2022 e nela participaron María Bautista Maestre, árbitro internacional e xuíz nos Xogos Paralímpicos de Tokio 2020, e Conchi Martínez Domínguez, galardoada este ano como mellor árbitro nacional de técnica pola federación española.

## En marcha a nova edición do Campus de Basket Entrenós de San Cibrao

En marcha a nova edición do Campus de Basket Entrenós de San Cibrao. O evento deportivo organizado pola asociación deportiva e cultural EntreNos coa colaboración do Concello de Cervo, reúne a medio cento de mozos e mozas e prolongarase durante toda a semana, desde o 25 de xuño e ata o 1 de xullo.

Como novidade, este ano volven abrir as portas á opción de externo e media pensión, en prol de dar a posibilidade de acceso aos municipios máis próximos, así, como externo haberá un horario de entrada pola mañá e pola tarde, e un horario de saída; e como media pensión, será un horario de entrada pola mañá, gozarse o día enteiro incluíndo o xantar e un horario de saída á tarde. Como non, a opción de interno, gozando da vivencia completa durante os 7 días, almuerzo, xantar, cea e estancia.

Así, xa se poden facer as inscricións para esta nova edición na súa web, e este ano ampliaron o rango de idade desde 2005 a 2013, ambos incluídos. Tamén haberá visitas masterclass.

## Celebrouse a última tirada do Campionato de Bolos de Xove

Por Mario Eijo.

Celebrouse a última tirada desta XXXIV edición do Campionato Municipal de Bolos de Xove. Ao remate da tirada e coas clasificacións feitas, pasouse á entrega de premios e trofeos, acto no que estivo o alcalde Demetrio Salgueiro e a Concelleira de Deportes Cristina Iglesias.

No que respecta aos inscritos desta última tirada temos que dicir, tendo en conta a normativa do campionato, que non todo o mundo se puido apuntar; exclusivamente os que como mínimo houberan participado en 4 tiradas puideron participar nesta última, xa que as normas obrigan, en todas as categorías, a ter participado como mínimo en 5 tiradas para poder optar aos premios finais. Se ás catro tiradas realizadas como mínimo lle sumamos esta tirada final xa temos as 5 tiradas imprescindibles para optar aos premios e á clasificación final. En total participaron 29 xogadores nesta última tirada.

Na liga sénior masculina, Miguel conseguiu o seu quinto campiona-



to absoluto consecutivo, sumado aos conseguidos nas temporadas 18-19, 19-20, 20-21 e 21-22. Dada a súa xuventude e o seu potencial estamos seguros de que non vais ser o último.

Dentro desta categoría hai un apartado adicado aos xogadores maiores de 60 anos, dado que os tres xogadores maiores da citada idade que conseguiran máis puntos durante a liga regular teñen dereito a tres premios.

Na sénior feminina, Julia rematou a tempada cunha victoria impo-

nente, xa que se foi aos 299 tantos, que para súa categoría é unha cifra espectacular. Nunha carreira deportiva paralela á de seu irmán, sumou o seu 5º título consecutivo, xa que ao deste ano hai que engadirle os conseguidos nas temporadas 18-19, 19-20, 20-21 e 21-22.

Na sub 16 a victoria finalmente foi de Jordi Cancelos, que conseguiu o seu primeiro entorchado na súa categoría, iso sí, moi igualada coa súa irmá Naia, que fixo tamén unha temporada imponente.

## O VII Torneo Marosa Cup de Burela será o 24 e 25 de xuño



O VII Torneo Marosa Cup volve a Burela do 24 e 25 de xuño, reunindo a uns 60 equipos de fútbol e ao redor de mil xogadores nos equipos de competición.

Distribuiranse por días nas seis categorías, de feito, o sábado 24 de xuño competirán os equipos biberón, prebenxamín, benxamín e alevín. E o domingo será a quenda do infantil e cadete.

Ao longo desa fin de semana poderanse ver partidos nos que competirán os diferentes equipos da provincia lucense.

Desde a organización da SD Burela, confirmaron na presentación que participarán sobre o terreo preto dun milleiro de xogadores, superando a cifra con respecto a edicións anteriores.

## O Xove FS gaña a Liga e ascende a Segunda B



O Xove FS xa é de Segunda B. A falta de cinco xornadas de xogo e 15 puntos por repartirse, o equipo xovense proclamouse campión de liga e polo conseguinte conseguiu o seu ascenso a Segunda División B.

O partido xogado este sábado no Municipal contra o Pazos de Borbén foi dominado en todo momento polos verdes da mariña (7-1). E aos dous minutos de comezar Renato marcou o primeiro tanto. Antes do descanso Christian Chao e Rubén sumaron sendos goles ao marcador.

Na segunda parte Manu Jiménez, outros de Christian Chao e de Mar-

cos e un de Cayón, puxeron o punto final ao partido, no que os composteláns tan só puideron anotar o gol na última parte.

Tralo ascenso non quixeron deixar pasar o momento "sen resaltar a unha persona especial para nós, tanto para directiva, como xogadores e corpo técnico, que sempre estivo con nos os días bos, os regulares e os malos, que tamen foron moitos, sempre incondicional sen importar os quilómetros que tiña que facer o equipo, el sempre o noso lado. Un abrazo enorme, que isto é parte túa tamén Carlos Rodríguez".

## As Guerreiras laranxas de Burela foron premiadas unha vez máis



O Club Deportivo Burela Fútbol Sala foi recoñecido cun galardón nos Premios Deporte Galego 2019-2022 como Mellor equipo feminino. Esta gala non se celebraba dende 2019 e nesta ocasión será no Auditorio Municipal de Ribeira o vindeiro 20 de marzo.

Cómpre destacar a dificultade das propostas e decisións do xurado dos premios que tiveron en conta a realidade do deporte galego durante estes últimos catro anos.

O equipo feminino do Pescados Rubén non foi creado ata 2008 e desde aquel momento o equipo burelés foi crescendo e traballando ata converterse nun referente na Mariña.

No ano 2009 situábase xa na primeira división nacional feminina e 3 anos despois, en 2012, conseguía a súa primeira Copa e a súa primeira Liga. Despois daqueles dous títulos, comezaron a chegar máis ata que en 2016 conseguiu o primeiro triplete gañando liga, copa e supercopa. Un fito que se repitiu en 2020 logrando, ademais, ser galardoado no 2021 e 2022 como o mellor club feminino de fútbol sala do mundo e contando nas súas filas ademais coa tamén elixida segunda mellor xogadora do mundo, de posición á-pivot, Patricia González Mota, Peque, que loce o dorsal 7 no seu equipo.

# “Este ano teremos sorpresas para corredores e público”

Jaime Seijas é o presidente do Club Cerezo Bikes que organiza o III Enduro

**Cando se creou o Club Ciclista Cerezo Bikes e por que naceu a idea?**

Pois este ano vamos facer os nosos primeiros 10 anos de historia. Nun principio creouse cando só éramos un grupo de amigos coa mesma afección e dos cales a maioría practicaba enduro, o caso foi que para poder facer unha equipación, federarse e outras vantaxes decidimos facer un club novo. Nun principio a idea era facer un club pequeno pero co tempo fomos medrando e hoxe en día están integradas a maioría das variantes do ciclismo, enduro, estrada, ciclocross, XC, etc. Somos unha gran familia.

**Cantas persoas compoñen o club?**

Agora mesmo somos preto de 50 socios os que estamos asociados.

**Cales son os plans de futuro do Club Ciclista Cerezo Bikes?**

Tampouco temos plans a longo prazo, simplemente ir ano a ano facendo o mellor posible, e sempre que sexa posible seguir mantendo os circuitos de enduro que temos no Monte Castelo, e por suposto seguir organizando a carreira Enduro Monte Castelo Burela.

**Cales son os obxectivos que teñen?**

O noso obxectivo principal é apoiar e fomentar o deporte en xeral, facendo fincapé, como é lóxico, no ciclismo, ademais gústanos poder poñer en contacto xente coa mesma afección e poder saír xuntos e resolver as dúbidas que teñan.

**Que tipo de actividades diarias fan?**

Como é lóxico facemos saídas en bicicleta, uns saen polo monte e outros na bici de estrada. Ademais de vez en cando adoitamos facer xuntanzas coa xente do no noso club e clubs próximos para andar, e algunha vez incluso para facer o propio mantemento dos circuitos de enduro do Monte Castelo.

**Necesidades adestramento?**

A gran maioría soamente teñen a bicicleta como unha afección máis, pero si é certo que hai xente que o toma máis en serio e incluso vai a estradas e como é lóxico esa xente si leva un plan de adestramento persoal. Pero realmente non sería necesario.

**Esta é a terceira ruta Enduro Monte Castelo, tivo boa acollida?**

Pois as outras dúas edicións ti-

veron moi boa acollida, tanto no propio pobo de Burela como no que a participación se refire. Deixárase de organizar por varios motivos pero este ano grazas o apoio da Asociación de comerciantes, industrias e autónomos de Burela, ACIA, podemos facer unha terceira edición e esperemos que poidamos seguila facendo ano tras ano.

**Como será a edición 2023?**

Pois este ano vai ser algo diferente as outras edicións pois temos algunhas sorpresas que esperemos que gusten non só os corredores que veñan ese fin de semana senón tamén para o propio público.

**Será o mesmo percorrido?**

Na gran maioría si que vai ser o mesmo percorrido no que o monte se refire pero este ano a novidade principal vai ser que a última baixada vai transcorrer polas propias rúas de Burela facendo un tramo como un descenso urbano que rematará xusto na praza do Concello.

**Contades con apoio municipal para este tipo de eventos?**

Si que contamos co apoio municipal, tanto para as infraestruturas, como persoal do concello, etc.



## Presentado o III Enduro Monte Castelo Burela

A Asociación de Comerciantes, Industrias e Autónomos de Burela e o Club Ciclista Cerezo Bikes organizan a III edición da iniciativa Enduro. Monte Castelo durante a fin de semana do 15 e 16 de abril.

Esta proba consta de 25 quilómetros nun contorno natural, 1.450 metros de acumulada, 4 circuitos cronometrados e será puntuable para a Copa Galicia, e a previsión de participantes é como nas anteriores edicións duns 150 corredores.

Dende a entidade comercial queren convidar a todas as persoas amantes do ciclismo a participar nesta proba deportiva e visitar os establecementos de proximidade de Burela durante esa fin de semana. sendo unha boa oportunidade para impulsar o comercio e a hos-



taloría local.

Jaime Seijas, presidente do club organizador, explica que “se trata dunha carreira de bicicletas na modalidade en enduro que se celebrapolo Monte Castelo de Burela e polas propias rúas do pobo”.

## Riotorto celebrará en maio o seu primeiro trail

A localidade de Riotorto estreará unha ruta de trail este mes de maio. Co nome de I Trail Rutao dos Muíños celebrarase o día 27 de maio con tres probas diferenciadas.

Por unha banda, terá lugar unha andaina de 16,5 quilómetros, que arrancará ás 10.00 horas da praza das Rodrigas, onde tamén estará a meta. Esta andaina non terá fin competitivo pero será necesaria a inscrición.

Pola tarde terán lugar ás dúas probas deportivas. Ás 16.30 horas sairá a proba de enduro, de 20 quilómetros, nas categorías masculino e feminino a partir de 18 anos. 20 minutos despois sairá a proba do propio trail, tamén para homes e mulleres a partir da maioría de idade.



Haberá trofeos para os tres primeiros clasificados da categoría trial e enduro.

A inscrición debe realizarse a través da páxina ccnorte.com e ten un custe de 10 euros para cada unha das probas.

## O Viveiro CF celebrou o seu centenario cunha gran festa

A alcaldesa de Viveiro, María Loureiro, xunto á corporación municipal, participou no acto de celebración do centenario do Viveiro CF, unha gala moi emotiva no que se puxo en valor a historia e a traxectoria do primeiro club da provincia de Lugo en rexistrarse na RFG de Fútbol, no ano 1923, e se adiantaron algunhas das actividades que formarán parte da programación que por mor desta efeméride se levarán a cabo nos próximos días.

O teatro Pastor Díaz acolleu esta cita que contou con membros da política local e autonómica, xunto a antigos directivos, adestradores, xogadores, colaboradores e o público que encheu o recinto.

Presentado polos xornalistas Ignacio Meitín e Millán Gómez, o evento tivo momentos para a nostalgia coa proxección de imaxes e vídeos sobre o pasado dunha entidade que ac-



tualmente milita en Terceira División pero que disputou ata cinco fases de ascenso a Segunda B ademais de ver crecer a xogadores que como Pablo Rodríguez, Cayetano Navarrete e Kiko Rey, xunto ao desaparecido Antonio Tarrío, Tombi, chegaron incluso a categorías profesionais.

“Sodes un club histórico no fútbol provincial e galego por historial e traxectoria, pero para nós, a xente de Viveiro, sodes tamén un referente

deportivo no que os nosos nenos e nenas se fixan e ao que queren imitar”, destacou a alcaldesa de Viveiro, María Loureiro.

A entrega de insignias conmemorativas dos cen anos do Viveiro CF ou a presentación das equipacións conmemorativas que lucirá o equipo nos vindeiros meses formaron parte tamén da emotiva cita desta tarde en Viveiro.



**ALTRÚAN.** Disputouse no encoro de Arcos de la Frontera, Cádiz, o LIII Campionato de España de Novas Promesas Cadete e Infantil, competición que reuniu a 1.071 deportistas procedentes de 108 clubs. O Club Piragüismo Altrúan de Ribadeo acudiu cunha prometedora representación de padeeiros que lles permitiu facer un papel sobresaliente, sobre todo na categoría infantil A K1 3.000 metros, onde a ribadense Elena González Rico logrou o ouro. Na mesma categoría, pero en infantil B, Manuela Lastra Castrillo tamén lograba o ouro. E por último, tamén logrou o ouro na categoría de paracano Elena Custo Carballeira.

## Aberta a inscrición para o III Trail do Caolín ao Fuciño do Porco

A organización do Trail do Caolín ao Fuciño do Porco informou de que está aberto o prazo de inscrición. Esta proba deportiva, que se celebrará o 21 de maio e homenaxeará a Natalia Sánchez Pulgar, terá dúas distancias para Trail e unha para a andaina. O Trail corto e a andaina serán de 15 quilómetros, o longo de 28. As inscricións, aínda non están abertas, pero previsiblemente poderán

facerse no enlace de sportmaniacs. Esta proba repartirá trofeos para os tres primeiros clasificados de cada categoría, para os máis veteranos e o máis novo. Os horarios de saída serán ás 9.30 o trail longo, seguido da andaina á mesma hora e ás 10.30 o trail curto. Para o trail curto e andaina puxéronse autobuses para chegar aos participantes á zona de saída 1 hora antes das saídas.

## O Pontenova e o Mondoñedo ascenden nas súas categorías

O Pontenova xa é de Primeira xuvenil tras gañar ao Rácing Vilalbés B no estadio Roca nun partido no que ademais tiveron á sorte do seu lado.

Tralo asubío inicial no estadio Roca cunha bancada chea de marea pontenovesa e saque a favor dos chairegos, o Rácing meteu presión, pero atopouse con tres grandes intervencións de Paulo, o gardameta pontenovés. A partir de aí e ata o descanso os locais baixaron o ritmo e as ocasións foron alternas pero sen perigo claro.

Tralo descanso tentaron apertar os de Borja Bouza pero atopáronse cunha sólida defensa comandada polo cadete David Ginzo. Aos dez minutos da segunda parte en xogada a balón parado marcou Hugo, dando sentenza a unha eliminatoria que vinte minutos máis tarde daba o seu remate final con gol de novo por Hugo.

**MONDOÑEDO FC.** O Mondoñedo converteuse no primeiro equipo da comarca mariñá en ascender de categoría nesta tempada. Así, o equipo mindoniense volve a Segunda Autonómica despois do descenso do



ano pasado.

Os mindonienses loitaron contra o Rioaveso na penúltima xornada do grupo Norte para

conseguir a segunda praza cun 0-1, cun gol de Jacobo, e agora, enfrontarán o seguinte partido contra o Vilalbés B, xa campión.

## TELÉFONOS DE INTERESE

**ALFOZ**  
Concello: 982 55 80 01  
Garda Civil: 982 57 40 30  
Centro de Saúde: 982 55 86 97

**BARREIROS**  
Concello: 982 12 40 02  
Garda Civil: 982 12 41 94  
Centro de Saúde (cita previa): 982 12 41 05

**BURELA**  
Concello: 982 58 60 00  
Policía Local: 982 58 62 11  
Garda Civil: 982 58 57 05  
Centro de Saúde (cita previa): 982 58 51 29  
Hospital da Costa (centraliña): 982 58 99 00  
Capitanía Marítima: 982 57 51 53

**CERVO**  
Concello: 982 55 77 77  
Policía Local: 615 52 10 52  
Garda Civil: 982 58 57 05  
Centro de Saúde (cita previa): 982 55 75 25

**FOZ**  
Concello: 982 14 00 27  
Policía Local: 982 13 36 40  
Garda Civil: 982 14 04 44  
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 23 85  
Agencia Tributaria: 982 13 35 12

**LOURENZÁ**  
Concello: 982 12 10 06  
Garda Civil: 982 52 19 05  
Centro de Saúde (cita previa): 982 12 20 29

**MONDOÑEDO**  
Concello: 982 52 40 03  
Policía Local: 982 50 70 40  
Garda Civil: 982 52 19 05  
Centro de Saúde (cita previa): 982 50 74 52

**OUROL**  
Concello: 982 55 91 09  
Garda Civil: 982 56 10 39  
Centro de Saúde (cita previa): 982 55 90 62

**PONTENOVA, A**  
Concello: 982 34 22 77  
Garda Civil: 982 34 22 22  
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 24 00

**RIBADEO**  
Concello: 982 12 86 50  
Policía Local: 982 12 86 50  
Garda Civil: 982 12 80 48  
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 01 43

**RIORTORTO**  
Concello: 982 34 62 22  
Garda Civil: 982 34 22 22  
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

**TRABADA**  
Concello: 982 13 50 11  
Garda Civil: 982 34 22 22  
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 53 00

**VALADOURO, O**  
Concello: 982 57 40 00  
Garda Civil: 982 57 40 30  
Centro de Saúde (cita previa): 982 57 43 12

**VICEDO, O**  
Concello: 982 59 00 02  
Garda Civil: 982 59 01 81  
Centro de Saúde (cita previa): 982 59 03 51

**VIVEIRO**  
Concello: 982 56 01 28  
Policía Local: 982 56 29 22  
Policía Nacional: 982 56 17 11  
Policía Nacional cita DNI: 060/982 57 06 62  
Centro de Saúde (cita previa): 982 56 12 01

**XOVE**  
Concello: 982 59 20 01  
Centro de Saúde (cita previa): 982 59 24 24



### TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias: 112  
Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085  
Garda Civil: 062



[www.amariñaxa.com](http://www.amariñaxa.com)

AMARIÑAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Teléfono 661 464 323

[redaccion@amariñaxa.com](mailto:redaccion@amariñaxa.com)

Edición: PRENSA DA MARIÑA S.L.  
Dirección: Diego E. García Puente  
Teléfono: 661 464 323  
E-mail: [redaccion@amariñaxa.com](mailto:redaccion@amariñaxa.com)  
Impresión: Tameiga Publicacións SL  
Dep. Legal: LU 5-2019  
ISSN 2660-4493

## MAR

## O peirao de Porto Chico de Foz xa conta cun plan para a súa mellora

A Asociación A Ribeira de Foz trasladouse á sede de Portos de Galicia na Coruña para reunirse coa presidenta do ente público, Susana Lenguas. A devandita reunión foi solicitada pola asociación focega para obter información veraz acerca da situación actual e as previsións da Xunta de Galicia enfocadas a solucionar os graves problemas do peirao focega de Porto Chico e que permitan optimizalo. Xa no ano 2017 reuníronse coa conselleira do Mar, Rosa Quintana, para trasladarlle as súas ideas para tratar de solucionar a problemática e optimizar o peirao de Porto Chico.

Case sete anos despois, a presidenta de Portos de Galicia trasladoulle á asociación a nova de ter esas propostas e ideas reflectidas nos planos “dun proxecto real, contrastado, argumentado e avalado na súa totalidade polos mellores técnicos do sector”, din.

Neste proxecto para Porto Chico que se lles presentou á asociación, “puidemos ver sobre os planos e coas respectivas explicacións técnicas un



peirao que satisfaría completamente todas as demandas”, engadiron, “xa que contempla o cambio da localización actual da bocana, que daría solución ós serios problemas actuais da falta de abrigo e que daría total seguridade ás instalacións e embarcacións”.

Tamén aumentaría a capacidade de prazas de amarre, mediante a instalación de tres pantaláns que aumentan a capacidade en máis de 130 prazas de distintas categorías e “coas que se faría fronte á actual lis-

ta de espera e que temos a certeza de que rapidamente se ocuparán e incluso unha parte delas poderían destinarse a embarcacións foráneas en tránsito”, o dragado integral da dársena que soluciona a situación actual de que as embarcacións quedan varadas en seco nas baixamares, e un pequeno aumento da propia dársena cara unha zona de recheo para facilitar a entrada ao peirao, así como unha rampla para a subida e baixada das embarcacións, motos acuáticas...

### O grupo socialista afea a Portos ao negarse a reverter nos concellos os terreos sen uso portuario

O parlamentario socialista Julio Torrado acusou a Portos de actuar “como usurero” dos terreos que xa non teñen uso portuario porque están integrados na actividade municipal. Torrado presentou unha pregunta na Comisión de Pesca celebrada hoxe para reclamarlle a Portos que cumpra co acordo aprobado hai dous anos e medio para que reverta nos concellos a titularidade destes terreos que xa non teñen nada que ver coa súa actividade.

Afeulle a Portos que empregue estes terreos, integrados na vida municipal ao desprazarse o porto, para facer “un uso abusivo das taxas” e “cobrar mentres non coidan nada”. Dixo que “desatenden as súas obrigas” mentres “boicotean aos concellos” e “impiden avanzar” mentres amparan a “competencia desleal” dos negocios instalados no seu terreo, que lles pagan taxas a eles en lugar de aos concellos.

Criticou que mentres cobran polo uso dos terreos para a celebración de eventos dos concellos, os ingresos non repercuten no mantemento dos terreos.

### O Concello de Viveiro demándalle a Portos o arranxo do firme do peirao



O Goberno municipal lamenta “o deplorable estado no que se atopa o peirao de Viveiro”, cunha gran cantidade de fochancas e en mal estado.

Nesta situación, Portos de Galicia ofrece ao Concello a posibilidade de asinar un convenio temporal por un período de catro anos (cunha posible prórroga por outros catro anos), no que se establece que o Concello debe asumir, entre outras obrigas, a responsabilidade de mantemento e conservación das instalacións, entregando o peirao ao concello no mesmo estado no que se atopa agora.

Evidentemente, enténdese que

esta zona ten que derivar no Concello, pero está claro que agora mesmo se atopa nunha situación bastante lamentable e “consideramos que a cesión se debería realizar tras o seu arranxo”.

Consecuentemente, o goberno local continúa realizando xestións con respecto ao peirao, buscando a mellor opción para os veciños e evitando ter que asumir todos os gastos de arranxo previo e mantemento que pretende Portos de Galicia mediante a sinatura do convenio. O Concello en ningún momento se nega a realizar as labores de mantemento, pero entende que a cesión debe realizarse en bo estado.

### O Consello Galego de Pesca reunírase na XIX Feira Náutico Pesqueira Expomar de Burela



O Consello Galego de Pesca reunírase en Burela o 11 de maio. Será dentro da programación da XIX Feira Náutico Pesqueira Expomar, do 10 ao 13, na que a organización segue a traballar, segundo informou o alcalde, Alfredo Llano.

O presidente da Fundación Expomar e alcalde burelés seguiu a relatar que “ese mesmo día teremos tamén a primeira xornada técnica na que se abordarán temas que lle interesan moito ao sector, agora mesmo estamos definindo e vendo os poñentes. O 12 de maio será a segunda xornada técnica, na

que hai temas máis abertos, máis de interese para a poboación en xeral”.

Llano engadiu “xa temos practicamente ultimada a colocación dos stands. Neste ano hai unha ampliación da superficie da feira nuns 800 metros con respecto ao que é a nave de redes, imos darlle amplitude á Feira Expomar para facilitar que asistan máis empresas e representantes do sector náutico pesqueiro. En total estamos a falar duns 5.000 metros de superficie destinado á Feira Expomar e agardemos que dea un bo resultado”.

### Costas iniciará a estabilización da praia do Cargadoiro de Ribadeo nas próximas semanas



A subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, avanzou que se van realizar novas actuacións na praia do Cargadoiro, de Ribadeo.

Así, foron adxudicadas as obras de rehabilitación e acondicionamento do único acceso ao areal, situado á marxe esquerda da desembocadura da ría de Ribadeo, afectado por un esvaramento de terras que provocou o conseqüente baleirado e falta de apoio da estrutura que da soporte ás escaleiras. Os traballos previstos con-

sistirán na reparación e consolidación da estrutura que da soporte ás escaleiras, ademais da remodelación desta infraestrutura, o que redundará nunha mellor protección fronte á ondada. Estas reparacións, que se iniciarán proximamente e teñen un prazo de execución de dous meses, lévanse a cabo nesta época do ano para non correr o risco de que se produzan temporais que afecten a estas zonas, o que supoñería que a intervención quede sen efecto.

# COLABORACIÓNS

## A interculturalidade na educación

### O PUPITRE



Julio Díaz

O concepto de interculturalidade é a peza clave para posicionarse de maneira rotunda nunha defensa dos dereitos humanos como universais e da igualdade por riba das diferenzas. A interculturalidade non pode admitir xamais asímetría algunha. Hai moitas -económicas, sociais, políticas... - e todas elas deben ser combatidas. Pero a nós, como educadores, correspóndenos directamente combater as propiamente educativas, que tamén existen. O sistema

educativo debe ser adaptativo e transformador, considerando as diversas realidades económicas e socioculturais, nun marco de interacción comunicativa. Debemos partir do axioma fundamental de que non existen culturas mellores nin peores. A natureza é moi diversa e non hai cousa máis xenuína no ser humano que a súa diversidade. A escola do Século XXI, debe saber que as persoas que a integran son moi diversas á hora de adquirir ou xerar coñecemento e isto é así porque teñen diferenzas cognitivas, afectivas e sociais, ademais doutras de xénero, étnicas ou culturais. Compartir e aceptar esta realidade implica un proxecto que non se refire a rapazas/rapaces hipotéticas/

os, senón a un proxecto comprensivo, único e diverso que permita novas formas de sociabilidade e cuxo epicentro sexa a diversidade e non a uniformidade. Na aceptación dunha nova sociedade pluricultural, é preciso recoñecer a importancia da educación á hora de ofrecer unhas respostas adecuadas ás distintas necesidades sociais. Por iso, a educación na diversidade non debe ser fonte de enfrontamento, senón un compoñente máis que enriqueza a nosa cultura. O feito de que os nosos alumnos procedan de culturas diferentes, lonxe de supor un problema, debemos expolo como unha excelente oportunidade para educalos en valores máis diversos.

Nós, os docentes, temos a función de mediar con eficacia no diálogo entre culturas, o que nos leva a intentar acadar que as/os nosas/os alumnas/os recoñezan e acepten a diferenza cos outros como un valor, considerando esta, como unha diversidade enriquecedora e non como unha desigualdade. Debemos difundir unha cultura de conciliación, o que esixe reclamacións sociais entre persoas de igual a igual, que sempre se producirán polo recoñecemento mutuo e nunca polo poder dominante dunha raza, cultura ou sexo. Tamén debemos ser capaces de concretar nas/nos nosas/os alumnas/os a capacidade de buscar sempre solucións negociables, intentan-

do descubrir os valores do outro, destacando sempre o que nos une máis que o que nos separa, de maneira que se chegue a puntos de encontro. Gustaríame rematar esta reflexión citando unha recomendación do Consello de Europa: "Unha pedagogía intercultural non é xustaposición de materias culturais, nin unha amalgama das mesmas. O obxectivo que se persigue é un enriquecemento e comprensión mutuas a través da aprendizaxe baseadas sobre o fondo cultural de cada un, a fin de que se respecte a cultura de cada quen, se valore aos ollos dos demais, e que a práctica se apoie sobre unha realidade cultural en vez de negala".

## Unha catedral no mar

### CULTURA



Rebeca Maseda

Pasear por Barcelona sempre é unha delicia pero, como adoita acontecer, todas e todos temos as nosas preferencias. Lugares ou espazos que, polas razóns máis aleatorias e curiosas, adoramos especialmente. Pois ben, eu sinto auténtica fascinación por El Gòtic e El Born, dous barrios da Cidade Condal que non deixan indiferente a ninguén. Historia, arquitectura, patrimonio, pedra, prazas, tendas únicas, locais con encanto, "xente de aquí e de acolá" como diría Cunqueiro... En resumo, puntos vermellos en calquera caderno de viaxes ou en termos modernos, corazóns a engadir na nosa lista de "favoritos" en Google Maps.

Adentrarse no Born é unha especie de "regreso ao pasado", é mergullarse na historia antiga da Cidade pero, ao mesmo tempo, é un espazo para a vangarda. Conxunción marabillosa. Xusto estiven por alí hai unhas poucas semanas e volví desfrutar desa sensación de tempo suspendido mesturado co ritmo frenético do día a día. Lembro perfectamente a primeira vez que me perdín na beleza das súas rúas estreitas e as súas canellas coroadas con

arcos empedrados, así foi como descubrín "Santa María del Mar", e desde entón, non perdo ocasión de visitala. Non sei como explicalo pero é un lugar que me produce unha fascinación única,



épica pero sinxela, inmensa pero acolledora. Así é esta xoia do gótico catalán coñecida como a "Catedral de la Ribera" ou a "Catedral del Mar" como na novela do escritor Ildefonso Falcones. A basílica comezou a construírse no ano 1.329, unha época en que a cidade de Barcelona se converteu nunha das principais potencias do Mediterráneo grazas á expansión marítima da Coroa de Aragón. Mentres no veciño barrio da Catedral atopábase o centro eclesialístico e político, no barrio da Ribera -chamado así pola súa proximidade ao mar- concentrábase boa parte da poboación

vinculada á actividade portuaria: desde mariñeiros e pescadores, pasando polos mercaderes que se enriqueceron grazas ao comercio marítimo ata os gremios máis diversos que aínda hoxe podemos evocar a través dos nomes das rúas da contorna do templo.

Santa María del Mar foi construída en tan só 54 anos, un tempo récord tendo en conta que habitualmente este tipo de edificacións adoitaban necesitar máis de 100 anos para finalizarse. A rapidez na súa construción e a beleza da súa arquitectura gótica pon de manifesto o esforzo colectivo e a determinación que a fixeron posible. O rei Pedro III "o Cerimonioso" e outros pro homes do barrio impulsaron as obras achegando grandes doazóns, mentres que gremios e obreiros como "bastaixos", carpinteiros ou vidreiros contribuíron coa súa man de obra a erixir un dos símbolos de Barcelona.

Moitas das vidreiras de Santa María del Mar sucumbiron ao incendio de 1936, pero outras, como a do Xuízo Final (1474) ou a de Pentecoste e a Santa Cea (1711) sobreviviron ata a actualidade. Unha das máis destacadas é o rosetón da fachada principal, que se derrubou co terremoto de 1428 e se recuperou en 1460. Sempre que penso nesta marabilla arquitectónica soa na miña cabeza unha música que tamén me fascina: "Nocturnes" do com-

positor francés C. Debussy (1862 - 1918) e particularmente o seu último movemento, "Sirènes". Debussy escribiu unha nota introdutoria aos Nocturnos, onde indicaba que «o título "Nocturnes" debe interpretarse nun sentido decorativo. Non debe entenderse como referencia á habitual forma de nocturno, senón máis ben ás diversas impresións e aos efectos

especiais de luz que suxire o termo. "Sirènes" representa o mar e o seu inextinguible movemento; sobre as ondas, nas que treme-loce a luz da lúa, escóitase o misterioso canto das sereas, rindo ao seu paso...».

Por favor, escoitade a peza en cuestión. Nin querendo podería ser máis evocadora, grazas señor Debussy.

### O RECUNCHO DE CANELINA



## A ermida de San Xoán Bautista de Foz

### HISTORIA DA MARIÑA



X. Isidro Fernández

**N**a freguesía de Santiago de Foz a vinte e seis días do mes de abril do ano mil seiscientos oitenta e cinco, ante o escribano compareceu o Lic. Domingo López Pardo cura de Santiago de Foz e Juan Ramos das Casas e Catalina Vizosa a súa dona e María Vázquez de lobera muller de Juan Ramos, este difunto, veciños de dita freguesía compareceron ante el dicindo que Juan Ramos e a dita María Vázquez pais do dito Juan Ramos tiveron e teñen a vontade “gran celo e devoción” de fundar e facer a costa dos seus propios bens unha ermida da advocación do glorioso San Xoán Bautista no lugar que se chama a Penela. ... onde viviu Juan Ramos, xa difunto, e pai do dito. E por iso o fillo e a súa viúva pediron licencia e consentimento a dito crego e veciños de dita freguesía quenes previa reunión, consentían e daban licencia a dito Juan Ramos das Casas, a súa muller e a súa nai, de facer unha ermida e capela nesta dita freguesía no lugar que se

chama a penela onde viven que é cerca do lugar das casas pola súa devoción, honra e reverencia de Deus e da Virxe Santísima nosa Señora e conmemoración e referencia do glorioso Señor San Xoán Bautista “cua imagen y más prehechos de altar, cáliz, casulla, alba y frontal y más cosas para la celebración del Santísimo Sacrificio de la misa necesarias” e dita ermida e para que todo isto este sempre coa decencia, veneración e reverencia e adorno e que sexa todo isto permanente para sempre xamais e que aiga renda e posible para reparar a dita ermida y más ornamentos que en ela sexan necesarios.

Juan Ramos a súa dona e María Vázquez agregáronlle a dita ermida para os seus reparos e de todos os ornamentos os bens e facenda seguinte:

“La casa y lugar que llaman de fonte sita en esta aldea de Marzan con su cortina que llevara de sembradura una anega de pan poco más o menos con su guerra, casa, bodega y corrales, segun que todo testa por una parte en heredad y cortiña de Juan Pérez da Fonte y por las demás partes alderredor en el camino publico que ba de dha Aldea a la de Foz con sus plazas y arboles les toca y pertene-

ce de fecho y de drco. Con sus entradas y salidas, usos y costumbres, drcos y servidumbres, para



que todos los dhos bienes desde aquí adelante esten agregados e incorporados a dha capilla y no se puedan vender trocar ni enagenar e manera alguna...”

María Vázquez, Juan Ramos e a súa muller dixeron que, situaron, impuxeron e fundaron dúas misas a unha cantada e a outra rezada que se han de decir e se digan cada ano no día do Glorioso Sr. San Juan de cada un que é a vinte e sete días do mes de nadal perpetuamente, as cales se han de decir e digan por dito Juan Ramos e mais fundadores, os seus pais e polas animas do purgatorio dos

seus deudos e parentes e mais almas da súa obrigación...

O Lic. Domingo pardo cura da fre-

seis de abril de mil seis centos oitenta e cinco.

A fundación foi aprobada en Mondoñedo polo Lic. Don Lope de Salazar e Saavedra Arcediano de Trascos dignidade e cóengo da Catedral de Mondoñedo, como vicario Xeneral dela e o seu bispado.

“dava y dio licenzia a los dhos Juan Ramos para que sin incurrir en pena alguna puedan hacer y hagan y edifiquen la dha ermita asta fenecer y acabarla y estando fenecida, cubierta, puesto retablo, imagenes frontal ornato y más aseo necesario para que en ella se pueda celebrar el Santo Sacrificio de la misa..”

Nun informe que fai o crego Don Balthesar Nicolás Silva e Pardo con data 23 de nadal de 1817 di:

“La otra capilla dedicada a San Juan Evangelista en el barrio de Marzan de que tampoco ay razón en los libros parroquiales, la fundaron un tal Ramos, tiene misa cantada, el día de dho Patrono; pero por no estar dotada sino con qtro vienes no se celebra y le da este estip.<sup>o</sup> Y otras rezadas qe las mande a la colecta y esto esta a disposición de Dn Josef Díaz de Cancio que corre con dha capilla”

## Pascua na casa de todos

### SENTIDIÑO, POUCO PERO QUE DURE



Noelia Castro Yáñez

**E**scribir dende o máis profundo respecto debera ser mantra inequívoco para unha prensa que se me torna na actualidade demasiado sensacionalista. Escribir, coma vivir dende e para respectar ao próximo como a ti mesmo teriamos que pensar ao erguernos cada mañá. Semella que canto máis avanzamos, menos nos poñemos nos zapatos do que temos en fronte cada día na cafetería. Coido que canto máis nos formamos en valores, menos aprendemos. Lonxe de afastarnos do audotrinamento ideolóxico que se impuxo na sociedade dos nosos avós, estámolo a facer, senón igual, moi similar. Lembro os domingos da taberna, e agora alcanzo a comprender a diferenza entre a morea de xente que se xuntaba daquela e

os catro que somos agora. Naquelas casas, como acontece na miña, convive o máis profundo ateísmo coa fervente devoción católica, e nada acontece máis alá do respecto que en lugar de separarnos, nos volve cada vez máis preto. Cando o falo, a sorpresa inicial tórnase na crenza dunha convivencia, pensan que existe unha complicidade moral consistente en finxir ignorancia sobre as faltas ou transgresións de alguén. Pero non, un come carne os venres de Cuaresma e a outra practica penitencia e sacrificio ata Domingo de Resurrección. E efectivamente, el cocina para os dous, dúas cousas distintas, co dobre de traballo que iso conleva, pola admiración que profesa polos crentes coma ela. Afortunadamente, aínda quedan fogares así, lugares onde deberamos poñer o foco, coma nese salón onde se ve un Real Madrid-Barça con seareiros dos dous equipos na mesma familia. Unha das miñas alumnas, coa que paso moitas

horas dentro da Academia, ten un mozo musulmán e agora en pleno Ramadán, para celebrar o seu aniversario ela preparoulle unha morea de doces e tortas que el tivo que agardar ata o solpor para comer, pero con ela, porque iso coido que é o importante, o con quen, non para volverse da mesma opinión, porque na variedade tamén está o gusto.

Se pecho os ollos aínda podo sentir o bulir de xente tras da barra, tiña que subirme a unha caixa de cascos de cervexa para ver o que había do outro lado. Era unha meniña, pero escoitaba atenta os contos que tiñan para min. Paquiño chamáballe Bilicroca, malia que ao vello non lle gustase, Deus o teña na gloria, erguíase antes co Sol para darlle de comer aos animais e cando chegaba á casa, agardábao a roupa dobrada enriba da cama, a roupa dos domingos, para baixar dende o monte á igrexa. Había un grupo de anciáns que se xuntaban polo

ben da aldea, seguían o mesmo ritual uns ca outros para prepararse e ir ata a Ponte do Carro, non semella que todos fosen practicantes, pero converteron os domingos naquela tradición por respecto a quen tiñan ao carón, aos amigos ou a si mesmos. Xuntábanse por un ben común, lonxe de crenzas, ían á igrexa ou quedaban na taberna, a partes iguais. Pero naqueles tempos nunca houbo unha goteira na parroquia, nin quedou ningunha festa por celebrar, porque se encargaban diso, de que todo estivese ben, non por un sentir individual, senón polo ben colectivo. Malia que non eran bos tempos, non miraban cada un para o seu embigo, senón que arrimaba o ombro para que todo estivese ben. Malia que se criaron nunha posguerra dura e asumiron as súas consecuencias, na casa dalgún compañeiro, a súa avoa avogaba por unha República na que segundo as súas irmás maiores viviran moi ben, e o avó sempre votou

á dereita ata a fin dos seus días, e non se separaron porque atoparon máis puntos de acordo ca en contra. Coma o meu amigo D. antisistema dende meniño, lembro velo sempre en primeira fila nas manifestacións compostelás, cunha alma que di non corromper este mundo de consumo e egoísmo no que vivimos, amigo criado por un pai policía nacional, cunha educación baseada en normas estrictas e rigorosas. E malia todo, como pai e fillo que son, quérense coma tal, ou máis. Seica non se deben tocar temas comprometidos nas reunións familiares, pero non estou de acordo, porque ningún temos a verdade absoluta, aínda que nolo pareza. Porque escoitar é a base para aprender, debemos nutrirnos das ideas dos demais e ver atentos o que podemos aprender e o que imos desbotar porque non sentimos como axeitado. Debemos aprender a ver co corazón, como dicía Saint Exupéry, porque o esencial resulta invisible aos ollos.

## DE RUTA EN RUTA

# Xove: ruta dos muíños e das fadas

Sendeiro polo carón do río Rigueira, no que se poden ver diversos elementos hidráulicos e casiñas de gnomos

A ruta dos muíños atópase na parroquia da Rigueira, e é un paseo fluvial de ida e volta que percorre a beira do río homónimo ao longo de aproximadamente 7 quilómetros. O tempo empregado para realizala é de case dúas horas e cun grao de dificultade é escaso dado o suave desnivel do seu percorrido. Esta ruta pode comezar no lugar de Regosangüento ata a igrexa parroquial de San Miguel da Rigueira, no lugar da Ponte do Carro. O sendeiro mide aproximadamente metro e medio de ancho e está composto de terra. No transcurso desta ruta, os paseantes atoparán nove pontes de pedra e oito de madeira, ademais dunha gran cantidade de muíños. Así, hai un total de nove muíños hidráulicos de rodicio horizontal (roda motriz horizontal) que, de norte a sur se denominan: Muíño de Abad, do Concheiro, de Gervasio, de Penacurva, de Canaledo, de Villarquide, de Fabás, de Meixide e Muíño Municipal. Os muíños presentaban diferentes modalidades como son os de

parceiros, os cales pertencían a varios veciños que adquirían o seu dereito ao uso participando economicamente na súa construción e mantemento; e habíaos particulares, onde o propietario podía moer para outros a cambio dunha porcentaxe (maquía) da moenda. O muíño é importante na cultura de Xove porque foi un centro privilexiado para as relacións sociais do pobo, e transformouse nunha fonte inesgotable de cantigas, refráns e contos.

Ao carón desta ruta fluvial atópase tamén a ruta das Fadas, na que se agochan nos troncos dalgúns árbores, unha serie de portas de acceso ás casiñas das fadas e dos trasnos.

Esta é unha ruta que se atopa no percorrido da Ruta dos Muíños, na parroquia da Rigueira, ao longo dun quilómetro de distancia entre os muíños de Abad e do Concheiro.

A brillante idea, que xurdiu dunha iniciativa privada, que fomenta a imaxinación dos máis pequenos, ademais de ofrecerlles a posibilidade de aprender que na natureza

viven outros seres á parte dos humanos, polo que debemos facer o posible en conservala. É unha forma estupenda de facer depor-

te paseando pola contorna do río Rigueira e de aprender e educar ás futuras xeracións en valores medioambientais.

É unha fermosa ruta sobre todo na tempada de primavera pois a contorna fai que os visitantes se mergullen na natureza.



## DATOS



2 horas



8 quilómetros



Dificultade fácil



## HOMOLOGACIONES MARÍTIMA

- FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- BUQUES DE PASAJE
- FORMACIÓN BÁSICA EN PROTECCIÓN MARÍTIMA
- FORMACIÓN DE BOTES
- AVANZADO CONTRA INCENDIOS
- ACTUALIZACIÓN: FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- ACTUALIZACIÓN: AVANZADO EN LUCHA CONTRA INCENDIOS

CENTRO HOMOLOGADO PARA IMPARTICIÓN CURSOS MARINA MERCANTE  
MINISTERIO DE TRANSPORTES MOVILIDAD Y AGENCIA URBANA



**GRUPO FORMAT**  
formación integral de empresas  
para información sobre más formaciones:  
[www.grupoforma-t.com](http://www.grupoforma-t.com)  
TEL.: 982 513 605